Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o número de plataformas de apoio aos institutos e centros de investigación biomédica de Galicia, referido á data do 31 de decembro de 2024, e as súas repercusións económicas para o Sergas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33092 (12/POC-005400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da pertinencia dunha mellor dotación de recursos económicos para os plans de saúde mental e para a ampliación no Sergas do persoal especializado neste ámbito da saúde

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33093 (12/POC-005401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as iniciativas que impulsa a Xunta de Galicia e as xestións que está a efectuar coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil dirixidas a actuar nos terreos queimados na última vaga de lumes e paliar os arrastres e os efectos da erosión

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33094 (12/POC-005402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as iniciativas que impulsa a Xunta de Galicia co obxecto de reducir, logo da última vaga de lumes forestais, os arrastres nos terreos queimados

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33095 (12/POC-005403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as características das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste agosto de 2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33102 (12/POC-005404)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as características das medidas impulsadas pola Consellería de Economía e Industria para apoiar as empresas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán de 2025

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33123 (12/POC-005405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta ante a posibilidade de destinar recursos económicos para continuar coa atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña, de Vigo, e dotar de novos pediatras o futuro centro Olimpia Valencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33126 (12/POC-005406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a exclusión da lingua galega en campañas públicas nas que colabora a Xunta de Galicia, o caso da campaña presentada por Interfish para fomentar o consumo de marraxo, quenlla e peixe espada e as previsións ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33130 (12/POC-005407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto da garantía e das condicións do acceso público á Casa Cornide, da protección e recuperación dos seus bens mobles e a súa valoración verbo da recuperación deste patrimonio

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33133 (12/POC-005408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a planificación preventiva contra os incendios forestais levada a cabo polo Goberno galego desde 2022 e a prevista a partir de 2026, orzamentos executados, beneficiarios, repartición por concellos e outros aspectos relacionados coas liñas de apoio aos prexudicados

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33154 (12/POC-005409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a compatibilidade da fixación de puntos de verteduras de materiais de dragaxes no contorno da illa de Sálvora e a preservación dos espazos de riqueza ambiental, a súa legalidade e as accións previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 33159 (12/POC-005410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as demandas dirixidas á Consellería de Política Social e Igualdade co fin de que abra un centro de día público no concello de Corcubión e as súas previsións ao respecto neste concello e na Costa de Morte

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33166 (12/POC-005411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego ante a situación dos servizos aeroportuarios en Galicia logo do recorte da actividade da empresa Ryanair

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33170 (12/POC-005412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas promovidas pola Xunta de Galicia destinadas a recuperar as vivendas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán de 2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33171 (12/POC-005413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as características e os prazos do proxecto da Xunta de Galicia para a construción de vivendas públicas no barrio dos Rosais e outras dúas rúas da Coruña logo do convenio co Concello para a cesión de parcelas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33178 (12/POC-005414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia no incendio forestal orixinado en Larouco e as responsabilidades que pensa asumir na extinción deste lume aínda activo no vertedoiro da Rúa

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 33184 (12/POC-005415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a eficiencia da Administración competente en materia de patrimonio cultural na tramitación dos expedientes de autorización de obras, proxectos de rehabilitación e outras actuacións institucionais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33188 (12/POC-005416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre o anuncio de Ryanair relativo á redución das súas operacións nos aeroportos galegos e o papel do Goberno central nesta situación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33191 (12/POC-005417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a participación das comunidades educativas dos centros de ensino en canto á súa organización para facilitar a conciliación, así como sobre as demandas da ANPA do CEIP de Rubiáns, de Vilagarcía, respecto do establecemento do seu horario lectivo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33197 (12/POC-005418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 5 máis

Sobre o estado da tramitación dos parques eólicos do expediente PEol-913 AC, as alegacións en contra dos proxectos e os condicionantes que vai ter en conta a Xunta de Galicia na emisión do seu informe

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33206 (12/POC-005419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o agrupamento do alumnado do CEIP do Páramo no curso 2025-2026 en dúas únicas aulas e a consecuente mestura de ciclos educativos diferentes

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33215 (12/POC-005420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre os recursos das entidades locais dedicados á extinción de incendios forestais á altura deste mes de agosto de 2025, a súa participación, operatividade e medios materiais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33223 (12/POC-005421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á planificación do modelo de escola infantil

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33228 (12/POC-005422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de impulsar un pacto de país co obxectivo de establecer un novo modelo de xestión de residuos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33234 (12/POC-005423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre os problemas laborais da xente nova en Galicia e as políticas previstas polo Goberno galego nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33239 (12/POC-005424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33244 (12/POC-005425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o estado das instalacións do CEIP Arzúa, o tempo que leva sen obras de mantemento e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 33250 (12/POC-005426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as contías, os baremos e os procedementos burocráticos das axudas ás persoas damnificadas polos incendios forestais deste verán de 2025

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33256 (12/POC-005427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a situación ambiental do monte Aloia e as previsións da Xunta de Galicia no que concirne ao control de especies invasoras e á conservación dos seus hábitats

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33259 (12/POC-005428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á dotación económica para o control de especies invasoras no monte Aloia e a conservación dos seus hábitats naturais á marxe das necesidades económicas, sociais e culturais

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 33260 (12/POC-005429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o estado da ponte e do lugar da Ponte Maceira, entre Ames e Negreira, e as eventuais obras que a Xunta de Galicia ten previsto realizar para a conservación e posta en valor deste espazo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 33264 (12/POC-005430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Fernández, Secundino

Sobre o estado en que se atopa o proceso de finalización da concentración parcelaria de Cereixo e de Carnés, en Vimianzo, e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a entrega dos respectivos títulos de propiedade

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33269 (12/POC-005431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o estado de conservación da ponte medieval de Ponte Sampaio, a prohibición do tráfico rodado sobre ela e o cambio de titularidade do treito da estrada PO-264 entre Paredes e Arcade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33275 (12/POC-005432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a perda de produtividade nas rías galegas, especialmente no sector marisqueiro, a situación dos traballadores e das traballadoras do mar e as previsións da Xunta de Galicia respecto das súas actuacións e obxectivos nesta materia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a paralización cautelar dos proxectos eólicos.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante da campaña de acoso e derrubo iniciada polo Goberno galego contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación coa paralización de macroproxectos eólicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de agosto de 2025 o TXUE emitiu unha resolución que resolve a cuestión prexudicial proposta polo TSXG a respecto da diferenza de criterio con Tribunal Supremo a respecto da necesidade ou non de que os informes sectoriais sobre os proxectos eólicos teñan que estar incluídos na documentación sometida a información pública. Na citada resolución, o TXUE avala o criterio da Xunta, referendado polo Tribunal Supremo, no sentido de que nin a lexislación europea nin a estatal sobre tramitación ambiental obrigan a que os informes sectoriais se sometan ao procedemento de información pública.

Mais alá destes feitos, a Xunta e a patronal eólica fixeron unha interpretación torticeira e manipuladora da resolución do TSXU. Esta refírese única e exclusivamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á citada cuestión prexudicial e non a todos os proxectos eólicos que foron paralizados cautelarmente polo TSXG por motivos concretos, a maior parte deles por eivas na avaliación ambiental e por provocar danos irreparábeis no medio natural, na biodiversidade e noutros valores do territorio. Polo tanto, en contra do que di o goberno galego do PP, a maior parte dos proxectos paralizados polo TSXG non se ven afectados pola resolución do TSXG.

Resulta absolutamente rexeitábel a campaña de acoso e descrédito que a Xunta e a patronal eólica levan a cabo, de maneira coordinada, contra o máximo tribunal de xustiza galego. Unha campaña de presión que ten como obxectivo amedrentar, disuadir e chantaxear a todas aquelas organización e instancias que están poñendo freo a un desenvolvemento eólico extractivista e depredador, e que ademais crea inseguridade xurídica pola falta de garantías de respecto á normativa ambiental.

Esta inseguridade xurídica trae relación coa falta de ordenación e protección ambiental, os continuos cambios normativos feitos a medida dos intereses da patronal eólica, e a vulneración dos dereitos da veciñanza afectada.

Temos pois un goberno que en lugar de defender os intereses do país e un desenvolvemento ordenado e racional das renovábeis, ponlle a alfombra vermella ás grandes empresas extractivas e pasa por riba dos dereitos da veciñanza das zonas rurais do noso país, que está sufrindo un auténtico asedio de macroproxectos tramitados simultaneamente, ubicados en zonas sensíbeis , avaliados sen considerar os efectos sinérxicos e acumulativos e con unha normativa aprobada pola Xunta e o goberno central que toma partido a favor dos poderosos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego cesar a súa campaña de acoso e derrubo contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en relación coa paralización de macroproxectos eólicos?

Vai o goberno galego deixar de terxiversar e manipular sobre o alcance das resolución xudiciais do TXUE e do TSXG?

Vai a Xunta promover un desenvolvemento racional e ordenado das enerxías renovábeis, que respecte as comunidades locais e os intereses do país?

Que ten previsto facer o goberno galego en relación cos proxectos eólicos paralizados por sentenza firme dos tribunais de xustiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2025 13:55:30

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2025 13:55:37

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2025 13:55:46

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2025 13:55:54

Sonia Vidal Lamas na data 05/09/2025 13:56:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 13:57:17
Nº Rexistro: 33330
Data envío: 05/09/2025 13:57:17.034

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2025 13:57:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2025 13:57:17
Nº Rexistro: 33330
Data envío: 05/09/2025 13:57:17.034

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:55
Nº Rexistro: 33458
Data envío: 08/09/2025 11:11:55,405

Asinado o día 08/09/2025 ás 11:10
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para mellorar a situación laboral e acabar co maltrato que sofre o profesorado.

Asinado o día 08/09/2025 ás 11:10
Por Mercedes Queixas Zas

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que se trate canto antes no Parlamento a situación laboral e profesional do profesorado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ensino público galego leva 16 anos de profundos recortes orzamentarios que implicaron a redución de profesorado nas aulas, a súa perda de dereitos laborais, entre elas a diminución dos salarios (conxelacións retributivas e supresión de complementos nas pagas extraordinarias), aumento do horario lectivo, falta de Plan de Igualdade dentro dos centros escolares ou a supresión de licenzas de formación retribuídas e non retribuídas.

Un persoal que é maltratado continuamente pola administración, poñendo en cuestionamento a súa profesionalidade, o seu criterio docente (cando se toman decisións políticas fronte ás educativas) ou censurando as súas actuacións e atentando contra o seu dereito de liberdade de cátedra.

Asinado o día 08/09/2025 ás 11:10
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Un profesorado que é obrigado a asumir funcións que non lle corresponden, a atender cuestións burocráticas e repetitivas que son puramente administrativas e moi frustrado por non ser quen de atender debidamente a todo o alumnado que ten asignado, facendo que a súa labor educativa sexa case imposible fronte a un posicionamento da Consellería de Educación e da Xunta de constantes recortes, privatización, censura e moita,... moita propaganda.

A perda de dereitos foi constante nos últimos 16 anos, pero dende a pandemia a situación agudizouse e o deterioro das condicións laborais do profesorado e da atención educativa que recibe o alumnado foi a peor ao tempo que a Xunta incrementaba de xeito obsceno a súa publicidade.

Malia que o Goberno do PP na Xunta non facilita datos sobre os cadros de persoal nos centros ou o número e características do alumnado NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo), as tendencias son claras: incremento da xubilación anticipada, excedencias voluntarias, aumento das comisións de servizo por saúde, prazas vacantes nos procesos selectivos e renuncias a interinidades e a substitucións no ensino que nunca antes se produciran.

Dentro dos centros educativos, o profesorado atópase cunha ratio de alumnado que chega aos 200 alumnos/as, unha diversidade cada vez maior e con múltiples diagnósticos dentro dunhas aulas masificadas, protocolos, alumnado migrante recién chegado..., o peor horario lectivo en secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial de todo o Estado, mentres a Consellería dedica inxentes recursos a eventos para propaganda e asesorías, censurando ademais valores democráticos, pacifistas, ecoloxistas e feministas.

O feito de que este curso 2025/26 comeza sen ningunha acción positiva por parte da Consellería que poida reverter a situación na que se atopa o profesorado e como consecuencia directa, o alumnado e as súas familias, vai facer que a comunidade





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

educativa comece a organizarse e a convocar mobilizacións ata que exista unha negociación real e avances en prol de acadar os acordos necesarios para darlle un futuro ao ensino público. A CIG, organización sindical maioritaria no ámbito docente, acaba de anunciar estes días unha manifestación para o día 13 e unha xornada de folga para o 25 de setembro, non descartando seguir convocando outras accións se as peticións do profesorado non son atendidas.

O mal chamado Acordo de Melloras, foi un intento da Consellería para dividir ao profesorado galego, con escasas medidas aprobadas que só afectaron aos docentes de infantil e primaria, deixando fora ao resto de etapas e ensinanzas e continuando co desprezo demostrado ao profesorado en última instancia a través da Resolución do 5 de xuño, de instrucións para este curso escolar 2025/26, na que pretende censurar as actividades que as docentes realizan nas aulas, tan só por dar o debate sobre as medidas que a Xunta, na súa deriva máis reaccionaria e ultra, impulsa e son contrarias á cidadanía galega.

É hora de que o PP no Goberno e na Consellería de Educación, entenda que xa sobrepasou en extremo o límite da burla ao profesorado deixándoo ao bordo da extenuación. Unha profesión maltratada pola Xunta, que ao igual que acontece na sanidade pública, sumida na precariedade deixa de ser atractiva e comezan a faltar docentes a quen contratar.

As familias e as ANPAS, así como o colectivo docente, non van permanecer impasibles mentres son esmagados os dereitos e a imaxe do profesorado e o alumnado non ten os recursos suficientes de persoal docente e especialistas para poder avanzar en igualdade de condicións.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP actualizar os catálogos de profesorado e especialistas existentes dende o 2009, aumentando os cadros de persoal nos centros educativos e reforzando os departamentos de Orientación con máis especialistas (Orientador/a, PT e AL) estables?

2.- Vai a Consellería de Educación aplicar a baixada das ratios en todos os niveis para desmasificar os cursos máis altos de Primaria e os de Secundaria?

3.- Vai a Consellería computar o alumnado NEAE x2 e x3 atendendo ás necesidades de apoios e reforzos que precisan, en todos os niveis educativos, teñan recoñecida a discapacidade ou non?

4.- Vai recuperar, como mínimo, os dereitos laborais dos docentes do acordo de 2007 (horarios, salarios, licenzas...), compensando a súa redución horaria con máis efectivos de profesorado?

5.- Vai a Consellería reducir a burocracia nos centros eliminando aqueles documentos duplicados en distintos procedementos, deseñar informes tipo, claros e máis simplificados para o profesorado e departamento de Orientación e desviar ao persoal administrativo todos aqueles que non requiran unha valoración docente?

6.- Vai recoñecer a liberdade de cátedra do profesorado, anulando o control ideolóxico establecido na Resolución do 5 de xuño de 2025, de instrucións para o desenvolvemento do curso escolar 2025/26?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 08/09/2025 11:10:19

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2025 11:10:26

Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 11:10:32

Daniel Castro García na data 08/09/2025 11:10:40

Secundino Fernández Fernández na data 08/09/2025 11:10:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 11:11:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:11:55
Nº Rexistro: 33458
Data envío: 08/09/2025 11:11:55,405

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 08/09/2025
11:14
Por Daniel Pérez Lóp

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Iria Taibo Corsanego, Xosé Manuel Golpe Acuña, Daniel Pérez López, Brais Ruanova Vilas-Boas e Carmela González Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre o Proxecto Industrial Estratéxico das empresas Inoxman e Mantiñán no concello de Carral.

Asinado o día 08/09/2025 ás
11:14
Por Ramón Fernández Alfonzo

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada diante do proxecto de escisión e extinción da sociedade Formas Inoxman para a solidez financeira e a viabilidade a futuro do proxecto industrial do grupo Mantiñán no concello de Carral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Formas Inoxman é unha sociedade situada no concello de Carral dedicada á fabricación de mobiliario metálico e que emprega a máis de 100 persoas.

O pasado día 9 de xullo do presente ano a empresa Formas Inoxman comunica á representación legal dos traballadores e traballadoras a súa intención de levar adiante unha operación societaria no ámbito do que podemos denominar grupo de empresas da familia Mantinán.

A operación consiste na escisión de actividades de Inoxman a favor de dúas diferentes sociedades do mesmo grupo, Mantiñán Lestayo, S.L. e Sogecapelos, S.L.,

Asinado o día 08/09/2025 ás
11:13
Por Iria Taibo Corsanego





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta última de nova creación que será a receptora dos bens inmoables, tesoureiría e investimentos financeiros da sociedade escindida, e que terá como actividade a compravenda e arrendamento de inmoables.

O persoal da empresa Formas Inoxman será subrogado pola sociedade Mantiñán Lestayoy que será a que aglutine a actividade de fabricación de mobiliario metálico que previamente realizaban as dúas sociedades.

Esta comunicación prodúcese uns días despois, segundo informa a propia empresa ao Comité, de ter presentado perante a Xunta de Galiza unha solicitude para que o proxecto de ampliación do espazo do que dispón a empresa no polígono de Carral sexa declarado Proxecto Industrial Estratéxico.

Esta ampliación, que afecta a numerosas parcelas con diferente cualificación urbanística, significa aumentar a superficie dispoñíbel polas empresas promotoras de 10.000 a 30.000 metros cadrados.

Xurden dúbidas, despois da comunicación da escisión de actividades e extinción da sociedade Formas Inoxman, ao respecto do futuro desa solicitude de declaración do PIE por parte da Xunta, así como dúbidas sobre posíbel descapitalización da sociedade que a partir de agora será a nova empregadora do persoal de Formas Inoxman.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

1. Coñece a Xunta de Galiza o proxecto de ampliación das empresas do grupo Mantiñán no concello de Carral? Coñece unha solicitude para a súa declaración como PIE?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Coñece a Xunta de Galiza o proceso de escisión de actividades e extinción da empresa Formas Inoxman? Sabe que esta empresa emprega máis de 100 persoas?

3. Como afectaría á tramitación do PIE a extinción dunha das sociedades promotoras?

4. Como afectaría á tramitación do PIE o feito de que escisión societaria implique que unha sociedade de nova creación desvinculada da actividade industrial poda resultar a nova propietaria das parcelas e bens inmoables afectados polo proxecto de ampliación?

5. Como afectará a tramitación e posíbel declaración como PIE do proxecto de ampliación á cualificación urbanística das parcelas e ás competencias do concello de Carral?

6. Que valoración fai a Xunta de Galiza do proxecto? Que consecuencias poden derivarse para a solidez financeira e a viabilidade a futuro do proxecto industrial?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 11:13:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2025 11:14:06

Daniel Pérez López na data 08/09/2025 11:14:15

José Manuel Golpe Acuña na data 08/09/2025 11:14:25

Carmela González Iglesias na data 08/09/2025 11:14:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:16:52
Nº Rexistro: 33464
Data envío: 08/09/2025 11:16:52.269



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 11:16:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 11:16:52
Nº Rexistro: 33464
Data envío: 08/09/2025 11:16:52.269

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 08/09/2025 ás 12:41
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de mellorar a atención educativa do alumnado galego, en especial do máis vulnerable, reforzando os cadros de persoal e os departamentos de Orientación e tomando aquelas medidas que posibiliten atender á diversidade dentro das aulas.

Asinado o día 08/09/2025 ás 12:41
Por Mercedes Queixas Zas

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que sexa obxecto de debate canto antes no Parlamento a mellora da atención educativa do alumnado galego, en especial do máis vulnerable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Galiza levamos 16 anos de continuos recortes no ensino público. A mingua de efectivos nos cadros de persoal dos centros, a precarización laboral dos docentes e unhas medidas tomadas polo Goberno do PP na Xunta de Galiza que só serven para que a Consellería de Educación e o Presidente saian na prensa e fagan propaganda continua, fan que este comezo de curso, unha vez máis, sexa preocupante e descorazonador para as familias galegas, pero sobre todo daquelas do alumnado máis vulnerable e necesitado de apoios e reforzos, o alumnado NEAE.

Asinado o día 08/09/2025 ás 12:41
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Polo tanto é un dereito que ten o alumnado NEAE que a administración educativa garanta unha educación de calidade para estes nenos e nenas que precisan de profesorado de reforzo e especialistas concretos para poder seguir o ritmo do resto de compañeiros/os da súa clase.

Na actualidade o profesorado atópase desbordado na súa tarefa docente por varios motivos:

- Pola porcentaxe tan elevada de alumnado con Necesidades Específicas dentro da aula.
- Por ratios elevadas que fan case imposible a atención personalizada que precisan todas e cada unha das nenas e nenos xa que a baixada das ratios progresiva non está dando resposta a un problema de masificación que impera sobre todo nos cursos máis altos de Primaria e na Secundaria.
- Por non aplicar de xeito inmediato o cómputo de x2 e x3 do alumnado NEAE dentro das aulas e facelo tan só con aquel que ten o recoñecemento de discapacidade.
- Pola inxente burocracia administrativa en forma de formularios, informes, actas... que debe desenvolver o profesorado sen horario destinado a esta función e que vai en detrimento da súa labor docente co alumnado.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Unha preocupación importante para as docentes por asumir unha redución de horario lectivo sen que a Xunta de Galiza aumente os efectivos prexudicando así a todo o alumnado NEAE que ve reducidos os apoios e reforzos.

- Dificultades extremas para as direccións dos centros educativos para organizar os horarios e distribuír funcións e apoios cun cadro de docentes e especialistas mermado ano a ano.

- Docentes irritados por ter que aplicar as instrucións da Consellería para este novo curso onde se censura as actividades complementarias que van realizar dentro das aulas, coartando a súa liberdade de cátedra, así como que os apoios e reforzos ao alumnado NEAE dependan dunha decisión política para autorizalos.

Esta situación conleva unha merma na calidade educativa de todo o alumnado, pero sobre todo de aquel que máis o precisa, o alumnado NEAE. Alumnado diverso, con características e necesidades diferentes que dependen dos apoios dentro e fora das aulas para poder avanzar en igualdade de condicións aos seus compañeiros/as de clase.

O Presidente Rueda e o Conselleiro de Educación, éñense a boca cos datos de inclusión do 94%, a mellor de todo o Estado, pero as familias afectadas ben coñecen que esa inclusión nas aulas se non vai acompañada dos recursos materiais e de persoal necesarios non levan ao alumnado a ningures. Existe unha relación directa entre os apoios e reforzos recibidos nun curso coa mellora educativa e persoal que demostra o alumno/a.

Mentres a Xunta de Rueda anuncia nos medios o maior número de profesorado na historia, falsea os datos con Programas como o Plan Mega. Pero a realidade é clara, nos orzamentos había partida no 2009 para 30.439 docentes e dende o ano 2022 só aparecen cada ano para 30.424. Iso produce unha merma considerable de docentes para o alumnado, contratando con fondos europeos profesorado provisional repartidos de xeito discrecional onde hai máis mobilizacións. É dicir, minguan os recursos de persoal en tanto





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a Xunta desvía fondos públicos a financiar o ensino privado con preto de 350 millóns de euros por curso.

O alumnado NEAE, precisa de persoal docente e especialista estable en cada etapa educativa para conseguir resultados óptimos no seu desenvolvemento persoal e educativo, non valen os parches e cambios constantes das docentes que son referentes para eles, só conseguen frustrar a estes nenos e nenas que dispoñen duns informes claros que din os recursos que van precisar ao longo da etapa educativa. Calquera outra cousa que se faga é contraria á normativa e aos seus dereitos.

Merece ademais unha mención especial aquel alumnado que chega migrante aos centros galegos e que a súa integración vai depender de poder dispoñer do profesorado que, de xeito áxil, poida transmitirllle os coñecementos necesarios do noso idioma, cultura, costumes, etc. para poder desenvolverse no noso País o antes posible. Na actualidade os centros educativos non poden garantir esta inmersión co número de efectivos docentes dos que dispoñen e a carga de funcións e traballo na que están somerxidos a diario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP actualizar os catálogos de profesorado e especialistas existentes dende o 2009 para axustarse as necesidades de profesionais que faciliten os apoios e reforzos necesarios para poder atender a todo o alumnado, reforzando os departamentos de Orientación con máis especialistas (Orientador/a, PT e AL) que sexan referentes para as nenas e nenos NEAE?

2.- Vai a Consellería de Educación dotar do material e dispositivos de comunicación necesarios para o alumnado NEAE que o precisa?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3.- Vai a Consellería complementar as necesidades educativas con Plans e Programas estables no tempo que sexan referentes para o alumnado máis vulnerable?

4.- Vai activar programas específicos e dotados de efectivos suficientes para o alumnado estranxeiro dende o comezo de curso e durante o tempo que o precisen?

5.- Vai a Consellería retirar o punto 36.2.c) das instrucións para o desenvolvemento do curso 2025/26, garantindo a axeitada atención á diversidade de todo o alumnado NEAE na aplicación das medidas ordinarias e extraordinarias que se establezan desde o centro?

6.- Vai a Consellería de Educación recuperar os dereitos laborais dos docentes ao acordo de 2007 (horarios, salarios, licenzas...), compensando a súa redución horaria con máis efectivos de profesorado?

7.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP reducir de xeito efectivo a burocracia nos centros, para que o profesorado poida centrarse na súa labor docente co seu alumnado e mellore a calidade educativa?

8.- Vai a Consellería de Educación aplicar a baixada das ratios en todos os niveis para desmasificar os cursos máis altos de Primaria e os de Secundaria e personalizar a atención do alumnado, sobre todo de aquel NEAE?

9.- Vai a Consellería computar o alumnado NEAE x2 e x3 atendendo as necesidades de apoios e reforzos que precisan, en todos os niveis, teñan recoñecida a discapacidade ou non?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 08/09/2025 12:41:37

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2025 12:41:45

Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 12:41:53

Daniel Castro García na data 08/09/2025 12:41:59

Secundino Fernández Fernández na data 08/09/2025 12:42:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 12:43:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 12:43:34
Nº Rexistro: 33477
Data envío: 08/09/2025 12:43:34.950

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 13:48:16
Nº Rexistro: 33484
Data envío: 08/09/2025 13:48:16.135

Asinado o día 08/09/2025 ás 13:46
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade para as familias galegas de que a Xunta de Galiza universalice os servizos complementarios educativos para impulsar a conciliación laboral e familiar.

Asinado o día 08/09/2025 ás 13:46
Por Mercedes Queixas Zas

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza universalice canto antes os servizos complementarios educativos para impulsar a conciliación laboral e familiar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a implantación da universalización da ensinanza primaria até os nosos días, os obxectivos en materia educativa foron ampliándose, mediante o avance, tanto respecto á calidade das prestacións a cubrir, como na extensión destas últimas, consonte as demandas sociais do momento. Dada a complexidade da sociedade actual e as abrumadoras necesidades de conciliación da vida laboral e familiar, a Administración Xeral da Xunta, debe ofrecer novos servizos e actividades ao alumnado fóra do horario lectivo nas instalacións dos centros educativos públicos.

Asinado o día 08/09/2025 ás 13:45
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Se temos en conta a Enquisa de Poboación Activa desde 2021 (Fonte IGE-INE), a maioría das persoas inactivas no Estado, o son por mor da súa dedicación a labores domésticas entre as que se inclúen a atención e coidado da infancia. E a maior parte delas se corresponde con mulleres. Ao mesmo tempo, conforme datos de 2023, as razóns do traballo a tempo parcial en todo o Estado reside na necesidade de dedicación ao coidado de nenas/os ou de dependentes en xeral, (17% mulleres e 3,5% de homes).

Por último e, conforme a enquisa de Calidade de Vida (2018) do Eurofund, as horas semanais dedicadas a actividades de coidado e de fillos/as no Estado Español é de 38 horas semanais, por parte das mulleres e de 23 horas semanais por parte dos varóns.

Por outro lado, é evidente que este tipo de prestacións non constitúen competencia dos concellos, especifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local aquelas que sí o son: participar na vixilancia da escolaridade obrigatoria e dotar dos soares necesarios para que a admón. autonómica poda construír novos centros; conservación e vixianza dos edificios escolares. Aquí rematan as obrigas dos concellos xa sobrepasados de funcións impropias e cun claro déficit orzamentario.

A alternativa da Xunta de Galiza nestes últimos 16 anos consiste en trasladar esta xestión de servizos complementarios ás ANPAS, que non semella de recibo ter que asumir grandes responsabilidades de todo tipo que se puideren derivar desta actividade, que por outra banda tamén prexudica ás familias usuarias que terán que asumir un maior custo que cando o xestiona a propia admón. autonómica.

Malia isto, moitos concellos galegos, ante a inacción do Goberno do PP na Xunta de Galiza, teñen solicitado a sinatura de convenios para asumir comedores escolares ou axudas públicas para implantar e viabilizar o servizo de aula matinal/tardía nos centros educativos do seu municipio. Esta modalidade é claramente insuficiente e discriminatoria para as familias en concellos ou ANPAS que non optaron por implementar estes servizos educativos esenciais. É insuficiente porque é función do Goberno Galego garantir a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

igualdade entre todas as galegas e galegos, tanto desde un punto de vista territorial, como desde un punto de vista da igualdade social.

É evidente que as aulas matinais, así como os comedores escolares ou o transporte escolar, contribúen á igualdade real entre homes e mulleres, a través da conciliación da vida laboral e familiar, pero resulta inadmisíbel que estas prestacións escolares queden ao arbitrio da sensibilidade social ou vontade política de cada concello, en clara discriminación polo lugar de residencia das persoas (máxime nunha Comunidade Autónoma como a galega, caracterizada pola dispersión poboacional). Ademais, debemos conseguir que os requisitos e condicións en que se desenvolvan as actividades escolares complementarias, sexa igual en todos os centros docentes.

Nos últimos anos a asunción por parte dos gobernos de diferentes Comunidades Autónomas deste tipo de servizos escolares complementarios vai en aumento, de cara a unha sociedade máis xusta, equitativa e formada. Comunidades como Extremadura, Castilla e León ou Andalucía que regulan estas actividades e servizos complementarios educativos mediante Decreto.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galiza avance nunha educación pública de calidade para todas as persoas e, asemade, dar cumprimento á tarefa fundamental de facer efectiva a igualdade real entre homes e mulleres e implementar programas reais de conciliación da vida laboral e familiar, en concreto, incorporando as aulas matinais/tardías ao catálogo de servizos educativos complementarios xunto cos comedores escolares e o transporte escolar, contemplados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, no CAPÍTULO II-Equidade e compensación das desigualdades en educación - Artículo 82. Igualdade de oportunidades no ámbito rural.

Pero aumentar os servizos de conciliación no catálogo educativo correspondente non é suficiente se estes servizos non se universalizan, de xeito que calquera centro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

escolar no que haxa demanda das familias poida dispoñer dos mesmos de balde ou con prezos moi reducidos para facilitar o seu acceso incluso nos casos máis vulnerables.

Estes tres servizos básicos para as familias na sociedade actual: aulas matinais/tardías, comedores escolares e transporte escolar, son piares básicos para poder avanzar na igualdade entre homes e mulleres, pero estas deben ter a garantía de poder delegar os coidados, alimentación e transporte con total seguridade a administración pública que os xestione, neste caso a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación.

Como sabemos, a Aula Matinal (ou servizo de “madrugadores”) é un servizo de apoio ás unidades familiares consistente en ofrecer unha atención mediante programa educativo establecido á infancia en idade escolar, a primeira hora da mañá. Na actualidade tamén hai demanda para que as crianzas permanezan no centro despois do servizo de comedor escolar en casos de centros onde non se ofertan actividades extraescolares.

A Xunta de Galiza xestiona os comedores escolares mediante dúas modalidades: directa con cociña propia (cada vez en menos centros) ou indirecta mediante cátering. A diferenza entre ambos é clara en canto a calidade da materia prima e do cociñado nos comedores de xestión directa. Produtos de proximidade, frescos, de tempada e cociñados a diario na mesma mañá. En tanto que os contratos de cátering non garanten a proximidade e o prezo final do concurso deixa en entredito a calidade do menú dos nenos e nenas, con numerosas queixas e reclamacións por parte das ANPAS ou das propias familias.

O Goberno do PP na Xunta debe mudar gradualmente o modelo do servizo de comedores, de tal xeito que as cociñas propias, con persoal suficiente, categoría idónea e os recursos necesarios para dar un bo servizo, realicen os menús do alumnado usuario do centro, pero é que ademais pode asumir o cociñado dos menús doutros centros próximos, simplemente incorporando un vehículo refrixerado e os recipientes que



regulamentariamente se precisen para transportar os mesmos. Tamén sería de interese que estes centros poidan ofrecer menús ao alumnado dos IES ou CRA que precisen este servizo e non exista no seu centro.

É fundamental na formación das máis cativas e incluso das súas familias, fomentar o consumo de alimentos frescos, saudabeis e de proximidade (tanto de orixe agrogandeiro como pesqueiro-marisqueiro), e o subministro en circuitos curtos de comercialización mercando a produtoras locais. Isto só pode conseguirse a través da xestión directa nas cociñas propias dos centros educativos.

Con respecto ao transporte escolar, existen moitas incidencias durante o curso escolar que as familias denuncian ante a administración educativa, sendo máis en número dende que este servizo foi integrado na Consellería de Presidencia-Dirección Xeral de Mobilidade. Este servizo ten entidade propia e prioritaria para que dependa directamente da Consellería de Educación, malia que haxa liñas que deban ser compartidas co transporte regular de viaxeiros.

As últimas licitacións conxuntas provocan que este servizo se convirta nun mero negocio para as empresas adxudicatarias, cun servizo de mala calidade, con retrasos constantes, provocando a adecuación dos horarios dos centros para aforrarlles a necesidade de ter un maior número de vehículos, circulando con inseguridade, sen a documentación administrativa legal ou cos autobuses moi antigos e sen acadar a ITV, como demostrou a inspección realizada no transporte escolar pola Garda Civil de Tráfico o pasado mes de febreiro.

É necesario tamén que o alumnado de ensinanzas postobligatorias (FP, Bacharelato, educación de adultos, universidades...) teñan a posibilidade de achegarse aos centros educativos en transporte público con horarios adaptados ao comezo da actividade lectiva e regreso aos seus domicilios. A Xunta de Galiza ten a obriga de implementar este servizo e mellorar así a mobilidade nas comarcas e áreas metropolitanas,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

tendo en conta ademais os beneficios da redución do CO2 para o medioambiente e contra o cambio climático.

Así, pois, a Xunta de Galiza debe abordar unha necesidade social que irá aumentando nos vindeiros anos e que xa é obxecto dunha prestación programada e xestionada por algunhas comunidades autónomas. Ademais, a Xunta de Galiza debe comezar a dar cumprimento efectivo aos contidos normativos que ela mesma impulsa e que, en moitos casos aproba como iniciativas gobernamentais e/ou a través da maioría que ostenta no propio Parlamento Galego, só pena de ficar en evidencia que a tan traída e levada “conciliación da vida laboral e familiar” é só un desexo mais sen contido real e efectivo, por mor da inexistencia dunha vontade política real de levala a práctica diaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

1. Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ampliar o catálogo de servizos educativos complementarios que dependen da Consellería de Educación para incorporar o servizo de “aula matinal/tardía”, ou servizo de “madrugadores” como un servizo público autonómico de apoio ás unidades familiares consistente en ofrecer unha atención educativa á infancia en idade escolar, a primeira hora da mañá e/ou despois do xantar e favorecer con tal medida a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais do alumnado de Galiza?

2. Vai a Consellería de Educación universalizar gradualmente os servizos educativos de aula matinal/tardía, comedor escolar e transporte escolar a todos aqueles centros onde exista demanda das familias, de balde ou con importes que permitan o acceso ás familias máis vulnerables?

3. Vai a Consellería impulsar gradualmente a xestión directa con cociña propia en



todos os centros educativos que por espazo sexa posible e dando coa mesma servizo en todos aqueles que por imposibilidade carezan do mesmo, mellorando así a calidade dos menús das crianzas usuarias e fomentando o consumo de alimentos frescos, saudábeis e de proximidade (tanto de orixe agrogandeiro como pesqueiro-marisqueiro), e o subministro en circuitos curtos de comercialización mercando a produtoras locais?

4. Vai permitir, en aqueles casos de alumnado que non ten posibilidade de menú no seu centro educativo, a asistencia ao comedor escolar dun centro escolar próximo?

5. Vai a Consellería habilitar o uso dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galiza fóra do horario escolar?

6. Vai a Consellería de Educación regular mediante a elaboración e aprobación da normativa correspondente aqueles servizos educativos complementarios que na actualidade non a teñen, que deberá conter unha programación de actividades e contidos mínimos a realizar e desenvolverse no referido servizo, así como os requisitos ou condicións de profesionalidade que deben reunir as persoas destinadas a exercer esa prestación educativa compementaria?

7. Tales servizos complementarios van ser regulados con carácter universal, con independencia da imposición dos prezos públicos de pertinente aplicación, en virtude do establecido na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza, sempre tendo en conta facilitar o seu acceso ás familias máis vulnerables?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 08/09/2025 13:45:54

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2025 13:46:00

Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 13:46:08

Daniel Castro García na data 08/09/2025 13:46:16

Secundino Fernández Fernández na data 08/09/2025 13:46:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 13:48:16
Nº Rexistro: 33484
Data envío: 08/09/2025 13:48:16.135

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 13:48:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 13:48:16
Nº Rexistro: 33484
Data envío: 08/09/2025 13:48:16.135

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 08/09/2025 ás 17:18
Por Iago Tabarés Pêr

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a gravidade do xenocidio que está a cometer o estado de Israel en Palestina.

Asinado o día 08/09/2025 ás 17:18
Por Cristina Fernández Davila

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do xenocidio que está a cometer o Estado de Israel en Palestina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de outubro fanse dous anos desde que o Estado de Israel comezou a súa campaña de xenocidio planificado de todo un pobo en Gaza. Nos últimos meses, con total impunidad, cando non co apoio por acción ou por omisión da comunidade internacional, Israel asasinou arredor de 70.000 persoas (ademais das que están a morrer como consecuencia do asedio sionista, por fame e por falta de recursos de todo tipo), coa matanza premeditada de civís, mesmo con máis frecuencia nestas últimas semanas, co asasinato de persoas que se atopaban demandando comida, a destrución de cidades enteiras, incluídos hospitais e zonas acordadas para a entrega de axuda humanitaria.

Asinado o día 08/09/2025 ás 17:18
Por Iria Taibo Corsanego

Despois de dous anos de intervención militar masiva (aínda que non podemos esquecer que o pobo palestino está a sufrir as consecuencias da ocupación por parte de Israel desde moito antes, desde 1948) hai moito tempo que a situación é insostíbel.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A sociedade galega, como noutros lugares do mundo, demostra o seu apoio ao pobo palestino sempre que ten ocasión, a pesar das represalias, o acoso e a represión ao que se enfrontan moitas persoas por protestaren contra o asasino goberno de Israel, como aconteceu nas mobilizacións en Galiza contra a participación dun equipo de Israel na Volta Ciclista a España.

Ningunha institución debe permanecer impasíbel nin silenciosa ante a terríbel masacre e limpeza étnica que se están a cometer ante nós, con total impunidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

- 1.- Cal é a postura do goberno galego en relación cos dereitos do pobo palestino?
- 2.- Cal é a postura do goberno galego en relación co xenocidio que está a cometer o Estado de Israel?
- 3.- Cal é a postura do goberno galego en relación coa represión que están a sufrir as persoas e colectivos que manifestan a súa oposición ao xenocidio contra o pobo palestino?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 08/09/2025 17:18:44

Cristina Fernández Davila na data 08/09/2025 17:18:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/09/2025 17:18:57

Óscar Insua Lema na data 08/09/2025 17:19:03

Iago Suárez Fernández na data 08/09/2025 17:19:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 17:20:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 17:20:32
Nº Rexistro: 33495
Data envío: 08/09/2025 17:20:32.685

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 08/09/2025
17:55
Por Sonia Vidal Lama

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, relativa ao Plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área Sur-Oriental de Ourense. Análise e resultado na loita contra os lumes.

Asinado o día 08/09/2025 ás
17:55
Por Luis Bará Torres

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada pola necesidade de que se dea conta canto antes no Parlamento dos proxectos estratéxicos non executados en relación á vaga de lumes deste mes de agosto na área Sur-Oriental de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a Fundación Juana de Vega desenvolveuse desde agosto de 2021, o Plan Integral para a Recuperación, Dinamización e Valorización integral da área Sur-Oriental de Ourense no marco do convenio promovido pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Dentro dos obxectivos prioritarios da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está o de deseñar e implementar estratexias e plans integrais para o desenvolvemento e xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos.

Asinado o día 08/09/2025 ás 17:55
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Este plan elaborouse a partires do 2021 quedando rematado e publicado un avance no 2022.

Por dar unhas pinceladas do plan presentado mencionar segundo indica o propio plan estratéxico:

Ourense é unha das máis castigadas polos lumes de maneira recorrente. Nos lumes de setembro de 2020 queimáronse unhas 10.000 hectáreas cunha media ducia de lumes que entran no escenario dos Grandes Incendios Forestais, ao superar as 500 hectáreas, afectando con gravidade a área sur da provincia de Ourense (Cualedro, Oímbra e Monterrei).

O ámbito do estudo recolle os límites municipais dos seguintes concellos: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña e A Mezquita.

O obxecto fundamental do plan é aumentar a resiliencia fronte aos incendios forestais a traveso dunha planificación e xestión territorial integrada que poña o foco na xestión da paisaxe como mecanismo de prevención e que impulse ademais un desenvolvemento sostible do territorio.

O plan levaba consigo unha diagnose e caracterización do ámbito de aplicación así como unhas iniciativas a desenvolver.

Neste agosto do 2025, no ámbito destas comarcas houbo dous macroincendios que arrasaron preto de 45000 has, amén doutros de menores dimensións.

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pasados case tres anos dende o remate da elaboración da parte publicada ou resumo do plan estratéxico non sabemos nada do remate e desenvolvemento de dito plan. Non sabemos nada no Bloque Nacionalista Galego nin tampouco as veciñas e veciños dos concellos afectados das moitas actuacións que se prevían neste plan estratéxico.

Para o BNG os plans teñen que saír do papel e converterse en realidade. Para o goberno do PP na Xunta de Galiza parece que o importante son estes documentos que quedan moi bonitos sobre o papel, pero que posteriormente non se acaban, non se executan nin solucionan os problemas das mulleres e homes das zonas rurais do noso país.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

- Considera a Xunta de Galiza que arder 45000 has. entra dentro da “normalidade” e por iso non é necesario ningunha medida nin plan?
- Rematou de elaborarse este plan estratéxico?
- Como valora a Xunta de Galiza o cumprimento deste plan estratéxico de actuación integral para a recuperación, dinamización e valorización territorial da área Sur-Oriental case tres anos despois da publicación?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza deste plan unha vez que arderon 45000 has nestas comarcas?
- Cantos aspectos dos que figuran neste plan estratéxico foron postos en marcha?
- Considera a Xunta de Galiza este plan innecesario?
- Vai elaborar novas estratexias “para quedar no caixón” de cara a galería para





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

estas comarcas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 08/09/2025 17:55:42

Luis Bará Torres na data 08/09/2025 17:55:48

Sonia Vidal Lamas na data 08/09/2025 17:55:55

Ariadna Fernández González na data 08/09/2025 17:56:02

Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/09/2025 17:56:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2025 17:57:26
Nº Rexistro: 33509
Data envío: 08/09/2025 17:57:26.676

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/09/2025 17:57:27

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32646
Data envío: 28/08/2025 14:13:09.741

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

A provincia de Ourense, con arredor de 97.000 hectáreas calcinadas nesta campaña 2025, a data 28 de agosto, atopábase claramente lonxe do estado óptimo de preparación para afrontar a tempada de alto risco de incendios.

A Consellería do Medio Rural, titular das competencias relativas á prevención e defensa contra os incendios forestais, conta para levar a termo as accións encamiñadas a tal fin cunha serie de distritos forestais repartidos ó longo do territorio da Comunidade.

No caso de Ourense, eses distritos son os seguintes cinco:

- Distrito XI: O Ribeiro-Arenteiro
- Distrito XI: Miño – A Arnoia
- Distrito XIII: Valdeorras-Trives
- Distrito XIV: Verín-Viana
- Distrito XV: A Limia

Do desenvolvemento dos acontecementos unha vez desatada a vaga de lumes deste mes de agosto despréndese claramente que as cousas non estaban feitas a tempo nin o dispositivo tiña a conformación que garantise o seu rendemento axeitado.

Cunha superficie queimada que supera xa o 13 % do territorio total da provincia, cómpre indagar cales foron as causas que contribuíron a un

Asinado o día 28/08/2025 ás
14:11
Por Lara Méndez López

Asinado o día 28/08/2025 ás
14:11
Por Carmen Rodríguez Dacosta





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32646
Data envío: 28/08/2025 14:13:09.741

resultado tan calamitoso no balance aínda por pechar da superficie afectada polos incendios deste ano.

Entre outras moitas que tamén se han de indagar, entendemos que as eivas no labor e resposta esperable dos distritos forestais están, desde logo, entre as que teñen relación máis directa co fracaso da Administración galega no manexo desta crise.

É preciso, polo tanto, saber cales foron en concreto os erros que están detrás da resposta atropelada e superada dende o inicio polos acontecementos que a Xunta de Galicia deu aos lumes, así como as razóns polas que as tarefas silvícolas que con antelación tiñan que estar feitas se atopaban, no momento máis perigoso do ano, aínda pendentes.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas de prevención e silvicultura tiña planificado executar a Consellería do Medio Rural en cada un dos cinco distritos forestais da provincia de Ourense para o ano 2025, e cal era o seu estado de execución a 1 de xullo?
2. Cal era a relación detallada de medios materiais dispoñibles en cada distrito forestal a 1 de xullo deste ano, incluíndo vehículos, maquinaria, equipos de protección individual e recursos tecnolóxicos?
3. Cal era a dotación de persoal adscrita a cada un deses distritos forestais na mesma data, indicando cantas prazas estaban vacantes e cantas persoas se atopaban de baixa médica?
4. Que avaliación interna fixo a Xunta sobre o funcionamento dos distritos forestais durante a vaga de incendios de agosto, e que medidas correctoras pensa aplicar de cara ao futuro inmediato?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

112886

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32646
Data envío: 28/08/2025 14:13:09.741

5. Por que razóns non se atopaban completados, a comezos da tempada de máximo risco, os traballos silvícolas e de prevención que deberían estar rematados antes do verán?

6. Que explicación dá o Goberno galego ao feito de que, malia o coñecemento das recomendacións do Ditame parlamentario realizado a raíz da vaga de lumes de 2017 e das alertas reiteradas por profesionais e expertos, a provincia de Ourense sufrise un impacto tan devastador, con máis dun 13 % da súa superficie calcinada?

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112887

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/08/2025 14:11:21

Lara Méndez López na data 28/08/2025 14:11:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32646
Data envío: 28/08/2025 14:13:09,741

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 14:13:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32646
Data envío: 28/08/2025 14:13:09.741

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Galicia leva décadas sufrindo as consecuencias dos incendios forestais, que afectan non só ao medio ambiente, senón tamén á economía, á saúde pública e ao benestar das persoas que viven no rural.

Os espazos naturais protexidos, moitas veces situados preto de pequenas aldeas, son especialmente vulnerables, e a súa defensa require políticas activas, participativas e adaptadas á realidade local.

A experiencia demostra que a implicación da cidadanía é chave para unha prevención efectiva. Así mesmo, a formación e sensibilización das novas xeracións, especialmente no medio rural, debe ser unha prioridade se queremos construír unha cultura do coidado e respecto polo monte.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia propón fomentar a conservación activa con comunidades locais e reforzar a educación ambiental nos concellos rurais, combinando actuacións institucionais coa participación social, a cooperación entre administracións e a acción directa no territorio.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 28/08/2025 ás
15:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/08/2025 ás
15:00
Por Paloma Castro Rey





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32652
Data envío: 28/08/2025 15:03:10.626

1. Entende o Goberno galego que a concienciación ambiental é clave como medida de prevención e coidado do noso espazo natural?
2. Que medidas de sensibilización e educación ambiental ten implementado durante estes anos de goberno?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112891

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/08/2025 15:00:50

Carlos López Font na data 28/08/2025 15:00:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32652
Data envío: 28/08/2025 15:03:10.626

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 15:03:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32652
Data envío: 28/08/2025 15:03:10.626

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32658
Data envío: 28/08/2025 15:37:54.071

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

No ano 2022, Galicia sufriu grandes incendios forestais uns dos máis graves das últimas décadas, con consecuencias devastadoras sobre o territorio. Tras aqueles feitos, e coa vontade de mellorar o modelo de prevención e loita contra os incendios forestais, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha proposición non de lei neste parlamento que foi aprobada, contando co voto favorable do Partido Popular.

Naquela iniciativa reclamábanse medidas concretas dirixidas a avanzar cara a un novo modelo baseado na planificación, na prevención continua e na integración dos coñecementos técnicos e científicos recollidos no ditame parlamentario aprobado na anterior lexislatura. Porén, transcorrido un tempo máis que suficiente, comprobamos que a Xunta de Galicia non deu cumprimento aos compromisos adquiridos nin explicou publicamente os motivos desta inacción.

O Goberno galego segue a manter un sistema baseado na improvisación, en lugar de apostar pola planificación a medio e longo prazo, pola ordenación forestal efectiva, polos plans de prevención e pola creación dun servizo público, único e profesional de loita contra incendios, entre outras moitas medidas, tal e como recomendaban os expertos na comisión parlamentaria e recollía o ditame aprobado por unanimidade.

O resultado desta desidia é ben evidente: os incendios deste verán de 2025, que volveron arrasar miles de hectáreas e poñer en risco aldeas enteiras,

Asinado o día 28/08/2025 ás
15:35
Por Lara Méndez López

Asinado o día 28/08/2025 ás
15:35
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

112894

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32658
Data envío: 28/08/2025 15:37:54.071

tiveron consecuencias moito máis graves das que serían se a Xunta cumprise coas medidas aprobadas tanto nas iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista como no ditame parlamentario. Se se tivese avanzado nese novo modelo, centrado na prevención e na planificación, as consecuencias destes lumes serían infinitamente menores.

Por tanto, resulta imprescindible que a Xunta dea conta de inmediato deste incumprimento, detalle que medidas puxo en marcha, cales non, e explique con claridade os motivos polos que non se ten avanzado no cambio de modelo. Este parlamento non pode aceptar que as resolucións aprobadas se convertan en simples declaracións sen consecuencias prácticas

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai o Goberno galego abandonar a política de improvisación e adoptar, dunha vez, o modelo que recomendaban os expertos na comisión parlamentaria e no ditame aprobado?
2. Que medidas das recollidas na iniciativa aprobada polo Parlamento tras os incendios de 2022 foron postas en marcha pola Xunta de Galicia?
3. Que medidas, malia estar aprobadas, non foron executadas?
4. Por que razóns non se deron pasos efectivos para o seu cumprimento?
5. Que prazos manexa a Xunta de Galicia para dar cumprimento íntegro aos acordos parlamentarios en materia de prevención e loita contra os incendios forestais?

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

112895

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/08/2025 15:35:22

Lara Méndez López na data 28/08/2025 15:35:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32658
Data envío: 28/08/2025 15:37:54.071

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 15:37:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32658
Data envío: 28/08/2025 15:37:54.071

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32663
Data envío: 28/08/2025 16:05:39.702

Asinado o día 28/08/2025 ás 16:03
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O IES de Cacheiras é o único instituto público do concello de Teo e acolle a maior parte do alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato do municipio, así como estudantes procedentes doutros concellos limítrofes.

O crecemento poboacional da contorna e a progresiva consolidación do centro como referente educativo derivaron en múltiples necesidades que a día de hoxe non foron resoltas pola Consellería de Educación.

Entre as principais demandas da comunidade educativa salientan:

- A ampliación e modernización das instalacións para dar resposta ao aumento de matrícula.
- A construción e cubrición de espazos deportivos e de lecer, que permitan a práctica de actividade física en condicións dignas durante todo o ano.
- Melloras en accesibilidade, eficiencia enerxética e seguridade das instalacións.
- A actualización dos recursos tecnolóxicos e do equipamento específico para os distintos itinerarios educativos.

Asinado o día 28/08/2025 ás 16:03
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 28/08/2025 ás 16:03
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

112898

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32663
Data envío: 28/08/2025 16:05:39.702

- O reforzo do cadro de profesorado e de persoal de apoio, especialmente en áreas de orientación e atención á diversidade.

O Pleno do Concello de Teo aprobou unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a atender estas necesidades.

Corresponde agora ao Parlamento de Galicia trasladar esa demanda, co obxectivo de garantir unha educación pública de calidade para todo o alumnado do IES de Cacheiras.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Consellería de Educación atender a demanda de ampliación e mellora das instalacións do IES de Cacheiras, trasladada polo Concello de Teo e pola comunidade educativa?
2. Ten previsto o Goberno galego acometer a construción e cubrición de espazos deportivos no IES de Cacheiras?
3. Considera a Xunta de Galicia suficiente o número de prazas de profesorado e de persoal de apoio asignado actualmente ao instituto?
4. Que medidas prevé a Consellería para mellorar a accesibilidade, eficiencia enerxética e seguridade das instalacións do centro?
5. En que prazo ten previsto o Goberno autonómico dar resposta ás necesidades detectadas no IES de Cacheiras?

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

112899

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32663
Data envío: 28/08/2025 16:05:39.702

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112900

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/08/2025 16:03:06

Julio Abalde Alonso na data 28/08/2025 16:03:15

Silvia Longueira Castro na data 28/08/2025 16:03:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32663
Data envío: 28/08/2025 16:05:39.702

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 16:05:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32663
Data envío: 28/08/2025 16:05:39.702

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 28/08/2025 16:38:15.777

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

As familias dos tres centros educativos do concello de Rianxo, o CEIP Alfonso Daniel Rodríguez. Castela, o CEP Xosé María Brea Segade en Taragoña e o CEIP Ana María Diéguez en Asados, veñen expresando a súa fonda preocupación e malestar pola limitación de persoal docente dos centros educativos, especialmente o profesorado de alumnado con necesidades especiais.

Algunhas das deficiencias xa foron postas en coñecemento da Inspección escolar sen que, ata o momento, teñan resposta por parte da consellaría, a administración competente para resolver estas deficiencias. Estes problemas afectan á situación dos centros e, sobre todo, supoñen unha discriminación para nenos e nenas con necesidades especiais.

As comunicades dos centros denuncian deficiencias importantes nas dotacións de recursos humanos. Non se axustan as ratios máximas acordadas cos representantes sindicais ao número real de alumnos en cada unha das unidades e niveis non realizando coa anticipación adecuada os desdobres necesarios. Non se dotan de suficiente profesorado especializado para facer fronte ao número de nenos e nenas con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo.

Asinado o día 28/08/2025 ás
16:36
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 28/08/2025 ás
16:36
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112903

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 28/08/2025 16:38:15.777

Atendendo á análise da situación do numero e atención do alumnado NEAE/NEE cara ao curso 2025/2026 os centro ven con preocupación que os números, no que se refire a atención por especialistas dispoñibles, distan moito de ser os necesarios para unha atención educativa de calidade.

Como exemplo podemos citar a situación no CEIP Ana María Diéguez en Asados existen 13 estudantes que deben ser atendidos por especialistas PT, o que orixinan unhas necesidades de 75 horas de atención, mentres que unicamente dispoñen de profesorados PT para impartir 34 horas, é dicir, o 45 % das horas necesarias, situacións similares suceden nos outros centros.

Con respecto a especialistas de AL, no CEP Xosé María Brea Segade en Taragoña, precisase a dotación dun especialista en Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo, xa que unha parte significativa do alumnado con necesidades de AL queda sen atender ou recibe unha intervención claramente insuficiente. No CEIP Ana María Diéguez en Asados unicamente se están a impartir unicamente 16 horas cunha deficiencia de 27 horas o que supón a necesidade de dous docentes especialistas AL máis.

Igualmente, nestes tres centros non se están a producir os desdobres necesarios como consecuencia de sobrepasar as ratios, nalgúns casos con ratios de máis de 25 alumnos directamente e noutros non tendo en conta a ponderación pola existencia na aula de alumnos con NEAE, o cal reforza máis esa necesidade exposta anteriormente, de dotar o centro de máis persoal de reforzo. Por exemplo, existe de 4º de Primaria, que conta actualmente con 26 alumnos, dos que tres son alumnos con NEAE, polo que resulta imprescindible reforzar a atención individualizada para garantir unha resposta educativa axeitada e, como consecuencia das aplicacións das ratios acordadas cos representantes dos traballadores, sería preciso o desdobre coa dotación dun novo titor ou titora.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112904

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 28/08/2025 16:38:15.777

Por ultimo, estes centros dispoñen dun Departamento de Orientación compartido estando a todas luces saturado, sendo imposible que podas atender a necesaria e fluída comunicación coas familias, de prestar o oportuno asesoramento, atender a tramitación de axudas, elaboración de informes e plans, etc... circunstancias que están a xerar un profundo malestar e queixas por parte das familias. Como exemplo, o CEIP Ana M^a Diéguez, a pesares de ser o centro con máis alumnos con NEAE ten unicamente orientadora dous días a semana para atención no centro.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cando ten previsto a Consellería de Educación dotar o profesorado necesario de especialistas PT e AL para atender aos alumnos con NEAE nos tres centros públicos do concello de Rianxo?

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112905

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 28/08/2025 16:36:19

Silvia Longueira Castro na data 28/08/2025 16:36:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 28/08/2025 16:38:15.777

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 16:38:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32668
Data envío: 28/08/2025 16:38:15.777

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as farmacias de garda en Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O decreto 228/2022 do 29 de decembro, ten por obxecto regular os horarios, quendas de garda e vacacións nas oficinas de farmacia galegas, así coma de determinar o número de profesionais farmacéuticos que deben estar a dispoñibilidade para a atención ao público nestas.

É nese decreto, especificamente no seu artigo 7.1, no que a Xunta de Galiza delega nos Colexios Oficiais de Farmacéuticos a organización das quendas de garda cos criterios contidos na norma así coma a súa comunicación á consellería competente na materia para o seu coñecemento.

Esta organización, segundo a propia norma vixente aclara no seu artigo 7.2, realizárase de xeito que se garanta a atención en todo momento e a cobertura das necesidades asistenciais da poboación, que no noso concello supera os 20.000 habitantes, dispersos en máis de 50 parroquias, nunha superficie de 326 quilómetros cadrados con grande cantidade de núcleos. Estes datos xeográficos e poboacionais son de grande importancia á hora de crear unha composición de lugar sobre as distancias e desprazamentos que se producen nas zonas rurais das que falamos e que significan, en moitas ocasións, un grave impedimento para segundo que tipo de acceso a servizos

Asinado o día 29/08/2025 ás
09:22
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 29/08/2025 ás
09:22
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

básicos, tendo en conta que o transporte público nestas áreas non existe ou está moi minguado.

Nese mesmo punto concreta, asemade, que se debe permitir a accesibilidade da poboación á atención farmacéutica e recalca obrigatoriedade da prestación do servizo de garda na área de referencia dos PAC. Esta área de referencia na que se inclúen as farmacias para as quendas de garda, abránguense aquelas oficinas situadas a menos de 15 quilómetros do punto de atención continuada ou a menos de 15 minutos deste especificando, no artigo 9 deste decreto, que se empregará para o desprazamento as vías e medios de transporte existentes en cada momento. No caso do concello de Lalín cóntase con 9 farmacias dentro da área de referencia, catro delas fóra do núcleo urbano. Desas 4, dúas delas non están ofertando o servizo de garda, aínda que terían que levalo a cabo se lles fose requirido. As outras dúas, situadas en dúas parroquias limítrofes ao casco urbano, están a prestar o servizo de garda na actualidade, causando problemas nalgúns veciños e veciñas que deben desprazarse ata elas para recoller os medicamentos prescritos, tendo que desprazarse fóra da vila para adquirilos, o que xa suscitou reclamacións nos medios de prensa locais con queixas ao respecto.

A realidade das zonas rurais galegas, coa súa dispersión demográfica particular, complica en moitos casos que esa accesibilidade que reza o decreto sexa un feito. Temos como exemplo desas disfuncións o concello de Lalín, no poderían darse situacións nas que veciñas e veciños tivesen que percorrer grandes distancias para desprazarse á farmacia de garda que corresponda logo de seren atendidos no PAC, coma podería ser o caso dun doente que se achegue dende Loucenzo, Muimenta ou Parada que se traslada ate o CIS e dende aí ata a farmacia situada en Vilatuxe (aínda que non ten gardas está dentro da área de referencia do PAC de Lalín), acumulando nos tres casos máis de 50 quilómetros de percorrido. Non son os únicos exemplos, xa que no caso de doentes que residan no Corpiño, pasarían polo mesmo proceso desprazándose ata Goiás (ten gardas) ou veciñas de Castro de Cabras que percorrerían distancias innecesarias achegándose a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prado, dando por feito que estes poden pagar o transporte privado, que teñen a dispoñibilidade un vehículo propio no que realizar o traxecto, que en moitos casos non é doado por a propia patoloxía da que están acaecidos, pola idade ou que existe dispoñibilidade de taxis ou familiares e veciños que os acompañen. É de tomar en conta o grave envellecemento que sofren as áreas do interior de Galiza e que debe ser un criterio primordial á hora de aplicar segundo que normas nas distintas zonas do país, xa que poden implantarse en detrimento dos dereitos das persoas que habitan o territorio.

É necesario, polo tanto, para que o servizo se preste de xeito que os doentes non padezan unha alta dependencia de medios para os desprazamentos, que o Colexio Oficial de Farmacéuticos propoña solucións para evitar este tipo de situacións, nas que os últimos prexudicados en momentos de enfermidade e a altas horas da noite, sexan os enfermos/as.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Pretende a Xunta de Galiza tomar medidas para garantir o cumprimento do artigo 7.2 do decreto 228/2022 do 29 de decembro de horarios, quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia aplicando a racionalidade nos criterios para que a poboación non saia prexudicada?

2. Considera a Xunta de Galiza que obrigar a desprazarse á poboación fóra do casco urbano favorece o cumprimento do decreto 228/2022 do 29 de decembro?

3. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza nas zonas rurais para paliar os efectos da entrada en vigor do 228/2022 do 29 de decembro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Considera a Xunta de Galiza que as propostas enviadas para as quendas de garda no concello de Lalín son as adecuadas tendo en conta a nosa dispersión demográfica e a presenza de 5 farmacias dentro do casco urbano?

5. Considera a Consellería de Sanidade a atención farmacéutica que se presta en Lalín nas quendas de garda axeitada ao obrigar a desprazarse aos doentes fóra do casco urbano nas horas de garda para recoller o medicamento prescrito?

6. Presentáronse reclamacións ou alegacións ao respecto do caso do concello de Lalín?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/08/2025 9:22:27

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2025 9:22:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32736
Data envío: 29/08/2025 09:23:46,483

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 9:23:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32736
Data envío: 29/08/2025 09:23:46,483

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os centros de menores católicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de protección da infancia e adolescencia están pensados coma un recurso temporal para os nenos, nenas e adolescentes e que non substitúen a integración destes nunha familia de acollemento, extensa ou allea, encamiñando todas estas opcións ao traballo coa familia de orixe para o posible retorno a esta.

A pesares de que se debera priorizar o acollemento familiar fronte ao residencial, a realidade galega é que temos estes centros residenciais para nenos, nenas e adolescentes sobreesaturados, cun 10% de sobreocupación segundo declaracións da propia Xunta de Galiza a través da Consellería de Política Social. Nestas institucións non só se deberan aportar os coidados e servizos propios dunha familia ao uso, se non tamén favorecer a integración destes nenos e nenas, achegarlles apoio psicosocial, educativo, formación en habilidades sociais básicas, etc., que permitan que a reincorporación ás familias ou o paso a un acollemento familiar sexa o menos traumático posible.

Contamos en Galiza con case 900 prazas ao longo do país repartidas nun gran número de institucións cuxa xestión é moi variada. Aínda que o financiamento se faga a cargo da Xunta de Galiza, a xestión destes centros lévase a cabo dende diversos tipos de entidades, en formato de asociacións, fundacións, empresas privadas, ONGs ou

Asinado o día 29/08/2025 ás
10:28
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/08/2025 ás
10:28
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

entidades relixiosas. Esta rede está a disposición da Consellería de Política Social, a través de contratos, concertos ou fórmulas mixtas de xestión, tendo ao seu cargo nenos, nenas e adolescentes que levan sufrido de todo tipo de vulneración de dereitos, abandono ou abusos sexuais, por exemplo. É polo tanto importante o control de todo o que os nenos e nenas viven a diario, cuxa garda ou tutela está en mans da Xunta de Galiza, fiscalizando de xeito exemplar estas entidades que prestan este servizo e tratando de que camiñemos cara a prestación desta atención en entidades de titularidade e xestión pública.

No caso das entidades relixiosas a súa presenza neste tipo de xestión ven de anos atrás, cando nos 70 se facían cargo de nenos e nenas desamparados ou orfos e consérvase na actualidade en forma destes centros residenciais, que no noso país son moi numerosos e cuxas entidades relixiosas xestoras son moi variadas. Ordes moi importantes nesa década aínda están presentes hoxe en Galiza a cargo de centros do programa de acollemento residencial, tales coma os Terciarios Franciscanos Capuchinos ou as Hermanas Terciarias. A realidade é que o motivo relixioso que move coma fin último a estas entidades non pode verse por separado do resto das súas actividades, tampouco neste caso ao carón dos nenos e nenas, feito que nun país aparentemente laico, non ten cabida a criterio do BNG.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Considera a Consellería de Política Social que se respecta totalmente o estado laico nos centros de NNA residenciais xestionados por entidades relixiosas? Infórmase as familias de orixe do carácter relixioso á hora de establecer o recurso de protección a través da institucionalización para os seus fillos e fillas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Cantas prazas residenciais de centros de acollemento de NNA dependen da xestión de institucións de carácter relixioso?

3. Existen diferencias nas rutinas diarias dos nenos, nenas e adolescentes institucionalizados en centros de protección xestionados por entidades relixiosas en relación ao carácter relixioso destes?

4. Cantas prazas existentes en centros residenciais de menores dependen da xestión directa por parte da Xunta de Galiza? Cantas prazas de xestión directa da Xunta de Galiza se crearon nos últimos 4 anos?

5. Que contía media perciben por praza os centros de menores de xestión relixiosa do país?

6. Pode garantir a Consellería de Política Social que os propósitos e metas relixiosas das entidades deste carácter que xestionan centros residenciais de protección está completamente disgregado do coidado e atención dos nenos e nenas dos que se encargan e que ese obxectivo non inflúe en absoluto na súa rutina diaria?

7. Achegará, e solicitará, a Xunta de Galiza os recursos necesarios para dotar de infraestruturas e persoal os centros de protección de menores habilitando as prazas precisas para o correcto acollemento e atención que precisan os menores estranxeiros que chegarán ao noso país durante o 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/08/2025 10:28:28

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2025 10:28:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 10:30:21
Nº Rexistro: 32743
Data envío: 29/08/2025 10:30:21.525

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 10:30:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 10:30:21
Nº Rexistro: 32743
Data envío: 29/08/2025 10:30:21.525

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Paulo Ríos Santomé e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o transporte público entre Carballo e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora da mobilidade da poboación baixo parámetros de benestar social e loita contra o cambio climático debe ser un obxectivo para calquera acción de goberno que procure transformar o actual modelo de mobilidade galego. Unha transformación que debe pivotar sobre reducir a necesidade de desprazamentos individuais ao tempo que reducimos distancias, emisións e rebaixamos a sinistralidade.

Neste contexto xoga un papel moi importante a promoción do transporte público e que este dea resposta adaptada ás necesidades de desprazamento dunha poboación cunhas necesidades diversas e a unhas localidades con características diferenciadas. Mais a consecución destes ítem no eido da mobilidade pública atópase con problemáticas abondosas no noso país, sendo un exemplo máis a liña interurbana Carballo-A Coruña.

Esta liña de Transporte Metropolitano entre Carballo e A Coruña, operada por Arriva, S.L., é empregada por centos de persoas usuarias que se desprazan diariamente por motivos diversos, mais especialmente por motivos de traballo e/ou estudos, e polo tanto suxeitos a horarios concretos de chegada e saída. E son precisamente estas as máis afectadas por unha problemática recorrente en dita liña, nomeadamente nos “buses directos”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os autobuses directos que enlazan Carballo e A Coruña, polo xeral, parten de localidades como Fisterra ou Muxía. O que supón que cando chegan a Carballo dispoñen xa de moi poucas (ou ningunha) prazas baleiras, obrigando ás persoas usuarias que parten de Carballo a agardar “polo bus seguinte”. Mais o seguinte bus non é directo e tarda o dobre de tempo en chegar ao destino. Cando o desprazamento é en sentido contrario, da Coruña en dirección a Carballo, as usuarias atópanse cunha “rocambolesca” situación: na Estación de Autobuses da cidade non se respecta a orde de chegada na cola de embarque, e son os propios condutores (por orde da empresa) os que priorizan ás persoas que viaxan até o final da ruta (Fisterra), excluindo ás que se dirixen a destinos intermedios como é o caso de Carballo.

Esta práctica da empresa concesionaria é claramente arbitraria, quebranta o principio de equidade e igualdade e non está amparada por ningunha normativa legal ou regulamentaria que sexa pública. E xera sensación de desamparo e indefensión nas persoas usuarias ao tempo que deteriora a confianza no funcionamento dun servizo público fundamental para moita xente, para o benestar social e a mobilidade sostible. Unha práctica habitual incompatible cun servizo público, que supón un tratamento desigual entre persoas usuarias, que afecta á fiabilidade e correcto funcionamento do servizo e atende a un interese espurio, puramente economicista, da empresa concesionaria.

A Xunta de Galiza, como administración concedente do dereito, non pode consentir esta práctica sistemática da concesionaria, en tanto que supón un flagrante incumprimento das obrigas da empresa como prestadora dun servizo público. Polo tanto, a Xunta está obrigada a esixir a inmediata corrección deste sistema inxusto e inxustificado, a organización do servizo desa liña dun xeito claro e baixo criterios obxectivos e, no seu caso, adoptar medidas disciplinarias e as sancións que correspondan á empresa concesionaria.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

É coñecedor o Goberno galego da problemática existente na liña de Transporte Metropolitano entre Carballo e A Coruña, operada pola mercantil Arriva, S.L.?

Ten coñecemento a Xunta de Galiza dalgunha queixa de persoas usuarias?

Recibiuse na Dirección Xeral de Mobilidade comunicación por parte de algún concello en relación á situación que se estaba a sufrir polas persoas usuarias desta liña? Contestouse á mesma? En que termos?

Coñece a Xunta de Galiza cal é protocolo de prioridade de acceso aos buses que dan cobertura a esta liña, nomeadamente os “directos”? De existir, está de acordo con ese protocolo?

Considera o Goberno galego que o sistema de acceso aos buses nesta liña garante a igualdade dos usuarios?

Considera o Goberno galego que o sistema empregado nesta liña pola concesionaria deste servizo público fomenta o uso do transporte público e permite acadar os obxectivos de benestar social, redución de emisións e desprazamentos motorizados individuais, da sinistralidade e tender a un transporte sostible na liña da loita contra o cambio climático?

Considera necesario a Xunta de Galiza reforzar esta liña? Se a resposta é positiva, vaillo esixir á concesionaria? Cando?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/08/2025 11:09:30

Paulo Ríos Santomé na data 29/08/2025 11:10:07

Mercedes Queixas Zas na data 29/08/2025 11:10:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:10:59
Nº Rexistro: 32748
Data envío: 29/08/2025 11:10:59.816

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 11:11:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:10:59
Nº Rexistro: 32748
Data envío: 29/08/2025 11:10:59.816

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:25:32
Nº Rexistro: 32752
Data envío: 29/08/2025 11:25:32.760

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:10
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A demanda dos produtos diferenciados e exclusivos que ofrece a artesanía alimentaria, debido ao seu carácter local e artesanal, móstrase útil como motor de desenvolvemento das economías rurais, ao propiciar a instalación de pequenas industrias e explotacións agrarias, o cal contribúe ao asentamento da súa poboación.

A produción artesanal alimentaria constitúe unha actividade de suma importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, no capítulo V do título III da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, dentro das disposicións relativas á calidade alimentaria diferenciada, se regula a artesanía alimentaria de cara a conservar, protexer e regular aqueles métodos de produción artesanais realizados por pequenas empresas ou explotacións agrarias nas que a intervención persoal de quen exerce a súa titularidade é relevante no proceso produtivo.

O Consello da Xunta daba conta o 23 de xuño de 2025 da norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos que a Consellería do Mar impulsa dentro do selo de Artesanía Alimentaria.

Desta maneira, dótase este sector da ferramenta xurídica necesaria para promover e protexer estas pequenas producións de alimentos de alta calidade, facilitando con iso a diversificación económica da industria conserveira e contribuíndo a fixar poboación nas rexións costeiras de Galicia.

O 25 de xuño de 2025 publicouse no DOG a orde que aproba a norma técnica para conservas artesás de peixes e mariscos, enmarcada no Decreto 174/2019 sobre artesanía alimentaria. Esta regulación define requisitos básicos, desde o uso de materia prima certificada (DOP/IXP cando procede), técnicas tradicionais de elaboración, presentación, envases, trazabilidade, sistemas de control e límites de produción para microempresas, asegurando a seguridade alimentaria e a calidade diferencial do produto tradicional galego.

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:10
Por María Deza Martínez

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:09
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é o obxectivo principal desta norma ?.

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](#)

 [@GrupoPopularGal](#)



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/08/2025 11:09:53

María Deza Martínez na data 29/08/2025 11:10:02

Manuel Santos Costa na data 29/08/2025 11:10:36

Raúl Santamaría González na data 29/08/2025 11:10:47,29/08/2025 11:11:57

Patricia García González na data 29/08/2025 11:11:01

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/08/2025 11:11:12

Jesús María Fernández Rosende na data 29/08/2025 11:11:22

Paula Mouzo Mas na data 29/08/2025 11:11:42

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/08/2025 11:12:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 11:25:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:25:32
Nº Rexistro: 32752
Data envío: 29/08/2025 11:25:32.760

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Portos de Galicia, o Concello de Baiona e o Banco Sabadell asinarán un convenio de colaboración para a mellora do peirao da Doca do municipio.

O Consello da Xunta do 15 de xuño de 2025 autorizou este acordo, que permitirá mellorar a imaxe dunha infraestrutura emblemática da vila e que permite, ademais, o tránsito peonil pola súa superficie.

A actuación incluírá o saneamento do peirao e o reforzo da estrutura coa retirada da plataforma da explanada, así como o pintado cunha imaxe artística.

As obras serán cofinanciadas a través de Portos de Galicia e o Banco Sabadell. O ente público financiará o saneamento da Doca e reforzo da estrutura, mentres que a entidade bancaria financiará a obra artística. Pola súa parte, o Concello de Baiona encargárase de tramitar os permisos para a actividade e organizar e supervisar o seu desenvolvemento.

Así mesmo, será a Administración local a encargada de elaborar o proxecto artístico a través dun proceso participativo e contratar o/a artista finalmente seleccionado/a. Este proxecto busca converterse nun punto de referencia cultural e turístico en Baiona, promovendo o coñecemento da tradición pesqueira e a conservación do contorno mariño.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Canto destina cada parte a este acordo e cales son as accións contempladas nel?.

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:26:14
Nº Rexistro: 32754
Data envío: 29/08/2025 11:26:14.521

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/08/2025 11:17:12

María Deza Martínez na data 29/08/2025 11:17:31

Manuel Santos Costa na data 29/08/2025 11:17:41

Patricia García González na data 29/08/2025 11:17:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/08/2025 11:18:08

Jesús María Fernández Rosende na data 29/08/2025 11:18:25

Paula Mouzo Mas na data 29/08/2025 11:18:57

Raúl Santamaría González na data 29/08/2025 11:19:23

María Magdalena Perez Millares na data 29/08/2025 11:19:30



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 11:26:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:26:14
Nº Rexistro: 32754
Data envío: 29/08/2025 11:26:14.521

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:30:37
Nº Rexistro: 32761
Data envío: 29/08/2025 11:30:37,498

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:26
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Dende o pasado 15 de agosto de 2025, permanece activo un incendio de grandes dimensións no vertedoiro municipal da Rúa (Ourense), onde arden máis de 14.000 m³ de residuos téxtiles e plásticos altamente inflamables.

Esta situación está a xerar unha nube tóxica persistente, que afecta gravemente á saúde da poboación, á calidade do aire e ao medio ambiente.

A pesar da gravidade do suceso, a Xunta de Galicia non interveu de xeito directo nin eficaz na extinción do incendio, deixando o municipio nunha situación de abandono institucional. As declaracións públicas da alcaldesa da Rúa, así como as mobilizacións veciñais e as medicións de organismos como Meteogalicia —que cualifican a calidade do aire como “moi mala”— evidencian unha situación de emerxencia ambiental e sanitaria que require dunha actuación inmediata.

Cómpre lembrar que, segundo o disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, é competencia exclusiva da Xunta de Galicia a planificación, dirección e execución das tarefas de extinción de incendios, así como a intervención subsidiaria no caso de inacción ou insuficiencia de medios por parte das administracións locais.

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:26
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 29/08/2025 ás 11:26
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

112932

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:30:37
Nº Rexistro: 32761
Data envío: 29/08/2025 11:30:37,498

Así mesmo, a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, obriga á Xunta a actuar en coordinación cos concellos cando a emerxencia supera a súa capacidade de resposta, como acontece claramente neste caso.

Este grave suceso pon de manifesto a descoordinación, a pasividade e a falta de vontade política do Goberno galego, que ten primado a falta de responsabilidade fronte á protección da saúde pública.

A veciñanza da Rúa, e o conxunto do pobo galego, esixen unha resposta responsable, urxente e eficaz fronte aos riscos ambientais e sanitarios derivados deste incendio.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que non asumiu o Goberno galego, de forma inmediata e directa, a extinción do incendio no vertedoiro da Rúa, mobilizando os medios humanos e técnicos necesarios para garantir a protección da saúde pública e do medio ambiente?
2. Como xustifica o Goberno galego o abandono institucional do municipio e a vulneración do principio de colaboración interadministrativa recollido na lexislación vixente?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2025



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2025 11:26:33

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/08/2025 11:26:43

Carlos López Font na data 29/08/2025 11:26:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:30:37
Nº Rexistro: 32761
Data envío: 29/08/2025 11:30:37,498

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 11:30:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 11:30:37
Nº Rexistro: 32761
Data envío: 29/08/2025 11:30:37,498

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 32808
Data envío: 29/08/2025 12:07:32.458

Asinado o día 29/08/2025
12:05
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O programa “Xantar na Casa” constitúe un servizo social básico dirixido a persoas maiores ou en situación de dependencia, facilitando unha alimentación equilibrada e adaptada ás súas necesidades a través da entrega de menús a domicilio. Trátase dun recurso de importancia para a mellora da súa calidade de vida, a promoción da autonomía persoal e o mantemento da súa permanencia no fogar.

Asinado o día 29/08/2025 ás
12:05
Por Elena Espinosa Mangana

Na actualidade, este servizo municipal dá cobertura a 62 persoas na cidade de Ourense, mais existen 9 veciños e veciñas en lista de agarda que non poden acceder a el pola falta de prazas dispoñibles. Ademais, a realidade social amosa que a demanda segue a medrar, polo que resulta urxente reforzar o programa, ampliar prazas e habilitar crédito suficiente para atender todas as solicitudes pendentes e futuras.

Cómpre lembrar que a difusión e publicidade do programa son insuficientes, polo que o número de solicitudes podería ser aínda maior se a cidadanía tivese un coñecemento máis amplo desta prestación social. Non resulta admisible que un servizo tan sensible quede limitado por falta de previsión ou vontade política.

Asinado o día 29/08/2025 ás
12:05
Por Carmen Rodríguez Dacosta

O Concello de Ourense, en virtude do Convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”, vén participando nun servizo

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

112936

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 32808
Data envío: 29/08/2025 12:07:32.458

fundamental para a mellora da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes do noso municipio.

No convenio actualmente vixente, o número máximo de prazas dispoñibles para persoas beneficiarias no concello de Ourense é de 62 persoas usuarias. Con todo, a realidade social e demográfica da cidade amosa unha demanda crecente que supera amplamente este límite.

Cómpre lembrar que a propia cláusula terceira do convenio establece que este número máximo de persoas beneficiarias poderá ser modificado mediante a sinatura da correspondente addenda de modificación, sempre que se xustifique a necesidade e exista consignación orzamentaria axeitada por parte das institucións asinantes.

Tendo en conta o envellecemento da poboación, o incremento das situacións de dependencia e o valor social deste servizo, resulta prioritario instar á Alcaldía e ao Goberno municipal a promover, con carácter inmediato, as xestións necesarias ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a sinatura dunha addenda ao convenio actual que permita ampliar o número de prazas ofertadas na cidade.

A cidadanía de Ourense precisa que o seu Concello actúe con dilixencia, garantindo que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede sen cobertura por cuestións administrativas ou de limitación de prazas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego incrementar as prazas do programa “Xantar na Casa” no concello de Ourense para dar cobertura ás 9 persoas actualmente en lista de agarda?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112937

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 32808
Data envío: 29/08/2025 12:07:32.458

2. Cales son as previsións orzamentarias e de prazas que manexa a Xunta de Galicia para reforzar este servizo durante o ano 2025 e sucesivos?

3. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para mellorar a difusión e publicidade deste programa entre a cidadanía, co obxectivo de garantir que todas as persoas maiores ou dependentes que o precisen teñan coñecemento da súa existencia e poidan solíciatalo?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112938

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/08/2025 12:05:06

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2025 12:05:17

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2025 12:05:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 32808
Data envío: 29/08/2025 12:07:32.458

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 12:07:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 12:07:32
Nº Rexistro: 32808
Data envío: 29/08/2025 12:07:32.458

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do día 30 de xuño de 2025 analizou o Informe sobre a convocatoria para 2025 das axudas destinadas á creación e consolidación das organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, que permiten impulsar a actividade do sector e o desenvolvemento, xerando emprego e riqueza no marco dunha economía azul sustentable.

A finalidade principal desta orde, foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 9 de xullo de 2025, consiste en impulsar e pór en valor a actividade marítimo-pesqueira para mellorar a súa competitividade e asegurar o uso óptimo do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), de tal xeito que se cumpra a normativa europea cara a unha práctica pesqueira sustentable e respectuosa co ambiente.

O marco normativo europeo actual reforza as actividades destas organizacións profesionais da pesca e da acuicultura e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar un cometido máis importante na xestión, exercendo as súas actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

As actuacións previstas polas OPP pretenden impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, o que contribúe a xerar emprego e riqueza no ámbito de actuación. Impulsan actividades pesqueiras viables e sustentables e contribúen a evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas de poboacións comerciais. O seu labor é esencial á hora de garantir a trazabilidade dos produtos da pesca e o acceso a información clara e completa aos consumidores, ademais de axudar na eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:





- Cal é a contía total de estas axudas e que profesionais poden acollerse a estas?.

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/08/2025 12:52:20
María Deza Martínez na data 29/08/2025 12:52:31
Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/08/2025 12:52:54
Patricia García González na data 29/08/2025 12:53:04
Jesús María Fernández Rosende na data 29/08/2025 12:53:23
Paula Mouzo Mas na data 29/08/2025 12:53:39
Raúl Santamaría González na data 29/08/2025 12:53:50
Manuel Santos Costa na data 29/08/2025 12:54:14
María Magdalena Perez Millares na data 29/08/2025 12:54:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:01:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:01:42
Nº Rexistro: 32815
Data envío: 29/08/2025 13:01:42.443

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

As vedas pesqueiras son unha das ferramentas clave para evitar a sobreexplotación dos océanos. Estes períodos de tempo durante os cales se prohibe a pesca ou captura de certas especies permiten a súa reprodución ou crecemento óptimo. Constitúen un mecanismo fundamental para garantir que as poboacións de peces e moluscos manteñan suficientes individuos para rexenerarse e asegurar que o seu aproveitamento sexa sostible a longo prazo.

Unha paralización temporal da actividade pesqueira, tamén coñecida como veda temporal, é unha medida administrativa que prohibe a pesca ou recolección de especies mariñas durante un período específico. Esta medida aplícase para protexer os recursos mariños, permitir a súa recuperación e garantir a sustentabilidade das pescaías. Afecta á viabilidade dunha parte do sector que depende da explotación de determinados recursos, polo que é necesario habilitar medidas que compensen a este sector afectado como consecuencia da aplicación da medida técnica de conservación.

O día 26 de maio de 2025 publicábase no DOG a ORDE do 13 de maio de 2025 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2025 das axudas, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas armadoras, e non competitiva, ás persoas tripulantes, pola paralización temporal da actividade pesqueira na pesqueira do polbo e a ORDE do 13 de maio de 2025 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2025 das axudas, en réxime de concorrência competitiva para as persoas armadoras e non competitiva para as persoas tripulantes, pola paralización temporal da actividade pesqueira na pesqueira do xurelo stock JAX/08C, na frota do cerco e determinados buques de artes menores dependentes da devandita especie, durante o ano 2024.

Estas achegas foron analizadas no Consello da Xunta do 19 de maio de 2025 e o Goberno galego pon a disposición do sector afectado pola paralización temporal da actividade nestas pesquerías, unha decisión adoptada como medida técnica de conservación. A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do Fempa. Realízase para favorecer as





condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a contía total de estas axudas e cal é o período da parada?.

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/08/2025 12:56:30

Manuel Santos Costa na data 29/08/2025 12:56:39

María Deza Martínez na data 29/08/2025 12:56:50

Patricia García González na data 29/08/2025 12:57:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/08/2025 12:57:10

Jesús María Fernández Rosende na data 29/08/2025 12:57:23

Paula Mouzo Mas na data 29/08/2025 12:57:34

Raúl Santamaría González na data 29/08/2025 12:57:51

María Magdalena Perez Millares na data 29/08/2025 12:58:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:02:34
Nº Rexistro: 32817
Data envío: 29/08/2025 13:02:34.453

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:02:35

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do día 28 de xullo de 2025 deu o visto e praxe á vindeira convocatoria de axudas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros da ría de Ferrol. A finalidade destes apoios é compensar os efectos da veda establecida desde o 16 de abril ao 16 de xullo como medida técnica de conservación recollida nos plans de xestión conxuntos de moluscos bivalvos a pé, a pé con embarcación auxiliar e desde embarcación en zonas de libre marisqueo e en zonas autorización das confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos.

O día 7 de agosto de 2025 publicábanse no DOG dúas Ordes:

- *ORDE do 24 de xullo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para ano 2025 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros de Galicia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.*
- *ORDE do 22 de xullo de 2025 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2025 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, pola paralización temporal da actividade marisqueira desde embarcación nos bancos de moluscos bivalvos en zonas de libre marisqueo e en zonas de autorización das confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre (cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura).*

Deste xeito, o Goberno galego reforza os apoios ao sector marisqueiro co obxectivo de contribuír a súa sustentabilidade económica e ambiental. Esta actividade ten un papel estratéxico na comunidade xa que ten un destacado papel no ámbito da soberanía alimentaria provendo ao mercado de produtos de excelente calidade e nas mellores condicións de salubridade e rastrexabilidade. Esta medida técnica de conservación foi consensuada coas confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos que o ano pasado comercializaron 182,5 toneladas de bivalvo por valor de 2,2 millóns de euros. Unha





cifras que destacan a importancia deste sector e a súa contribución a diversificar a economía destas comunidades costeiras xerando emprego e fixando poboación.

Por todo, o exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a contía total das axudas destinadas a compensar ás persoas afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros e que profesionais son beneficiarios de estas?.

Santiago de Compostela, 29 de agosto 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/08/2025 13:44:36

María Deza Martínez na data 29/08/2025 13:44:44

Manuel Santos Costa na data 29/08/2025 13:44:54,29/08/2025 13:48:01

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/08/2025 13:45:05

Patricia García González na data 29/08/2025 13:45:17

Paula Mouzo Mas na data 29/08/2025 13:47:20

Raúl Santamaría González na data 29/08/2025 13:47:36

Maria Magdalena Perez Millares na data 29/08/2025 13:47:52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2025 13:49:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 13:49:47
Nº Rexistro: 32889
Data envío: 29/08/2025 13:49:47,148

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da atención primaria no concello de Xove.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao igual que os demais concellos da Mariña, Xove tamén está a sufrir un grave deterioro da súa atención primaria. Este concello ten dotado o seu Centro de Saúde con dúas prazas de médico ou médica que ata hai uns cantos meses estaban cubertas.

Pola contra, desde antes do comezo do verán e debido a unha xubilación, este Centro de Saúde quedou soamente cunha médica que leva atendendo moito tempo a toda a veciñanza de Xove en solitario.

Desde ese momento, a cota atendida pola profesional xubilada pasou a depender do PAC de Burela, co correspondente deterioro da calidade da sanidade pública, xa que ademais de non contar cunha atención primaria próxima están a sobrecargar á profesional que quedou no Centro de Saúde, tendo que atender habitualmente consultas fóra do seu horario.

Contrariamente, todo isto está a ocorrer mentres os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular e mesmo o conselleiro de Sanidade aseguraban neste verán que estaba garantida a total cobertura dos profesionais nos Centros de Saúde da comarca da Mariña.

Pola contra, a situación empeorou no mes de agosto, no que o Centro de Saúde quedou sen médica ata o día 24 dese mes. Alén disto, o propio Sergas comunicou que tan

Asinado o día 01/09/2025 ás
10:48
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 01/09/2025 ás
10:47
Por Daniel Castro García



só enviarían cinco días un médico de dez da mañá a tres da tarde para as dúas cotas e tres días pola tarde para aqueles que tiñan a cota da doutora xubilada que segue sen estar cuberta, quedando o Centro de Saúde sen ningún médico ou médica os días restantes.

Todos e todas sabemos as consecuencias que iso ten en moitos casos: seguimento dunha doenza ou sospeita dela, seguimento de baixas laborais, ou como por desgraza aconteceu, non ter médico que desprazar a un domicilio en caso dunha urxencia extrema como a ocorrida na segunda metade do mes de agosto na que, por desgraza, a falta de medios propiciou o pasamento dun veciño de 90 anos despois de ter avisado que estaba sufrindo un infarto. Isto debeuse a que a ambulancia tardou unha hora en chegar, xa que tivo que recoller a unha médica en Burela e a un enfermeiro en Xove.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que a cobertura do Centro de Saúde de Xove é a axeitada?
- Cre a Xunta de Galiza que a atención sanitaria está garantida no concello de Xove?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 01/09/2025 10:47:46

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2025 10:48:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 10:48:53
Nº Rexistro: 32896
Data envío: 01/09/2025 10:48:53,583

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 10:48:53
Nº Rexistro: 32896
Data envío: 01/09/2025 10:48:53,583

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 10:48:54

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcáiz Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os incendios que afectaron o sur de Lugo durante o mes de agosto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Foi o día 15 de agosto de 2025 que o incendio orixinado en Larouco se estendeu até o termo municipal de Quiroga. A pesar do bo facer dos medios despregados no territorio e da súa dedicación e arduo traballo, o incendio afectou unha superficie enorme e chegou a ameazar núcleos de poboación, mesmo calcinando unha casa.

Unha vez analizada a situación sobre o propio territorio por parte do Grupo Parlamentar do BNG, o que se constata é que a falta dunha política seria de xestión forestal centrada no país e na busca de xeración de riqueza a longo prazo, provoca en grande medida estes incendios. O Goberno galego foi negligente durante os meses da primavera no relativo á preparación para os meses do verán, con altos cargos da Consellaría de Medio Rural mesmo asegurando en sede parlamentaria que “os incendios este ano terán lugar a finais de agosto ou principios de setembro”. Unha previsión evidentemente errada e que demostra a falta de seriedade do executivo galego actual ante unha cuestión tan sumamente importante como son os incendios forestais.

O de Quiroga, orixinado en Seadur (Larouco), xa pasou á historia como un dos incendios máis devastadores da historia do país e o seu impacto será difícil de superar





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por parte da poboación local que viu arder a súa terra e en certos casos mesmo os seus modos de vida.

Mais non foi só ese o incendio que afectou o sur de Lugo. Tamén os concellos da Pobra do Brollón, Carballedo, O Saviñao e Ribas de Sil se viron afectados por lumes ao longo do mes de agosto. No caso da Pobra do Brollón non foi até a última semana de agosto que se puido controlar e que a veciñanza puido respirar tranquila. Caso similar ao do concello de Ribas de Sil, que se viu afectado polo incendio que tamén calcinou boa parte do veciño municipio de Quiroga. No do Saviñao, en menos de 24 horas houbo dous incendios na mesma parroquia pasando perto de vivendas e afectando mesmo maquinaria agrícola.

Ademais, no caso do incendio de Carballedo, houbo familias que viron moi cerca das súas casas o lume e mesmo se desaloxaron lugares na localidade dos Peares. A zona que ardeu en Carballedo encontrábase cerca de lugares con viñado e grazas ao bo facer dos servizos de extinción puido ser controlado en poucos días, non sen antes arrasado un número importante de hectáreas.

É máis que necesario que responsábeis da Xunta de Galiza dean explicacións e que se eximan responsabilidades ante a vaga de lumes deste 2025 que deixan unha Galiza tocada e á que lle custará un duro traballo saír desta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Como valora o Goberno galego a súa preparación durante os meses previos ao verán ante a posíbel vaga de lumes que finalmente acabou arrasando millares de hectáreas?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que recapitulación fai a Xunta de Galiza dos incendios que afectaron concellos no sur de Lugo?

Como ten pensado a Xunta evitar desgrazas deste tipo en anos posteriores?

Que mensaxe envía o Goberno galego á poboación do sur de Lugo afectada polos diferentes lumes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 01/09/2025 11:14:35

Secundino Fernández Fernández na data 01/09/2025 11:14:42

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/09/2025 11:14:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 11:15:28
Nº Rexistro: 32908
Data envío: 01/09/2025 11:15:28.218

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 11:15:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 11:15:28
Nº Rexistro: 32908
Data envío: 01/09/2025 11:15:28.218

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Xunta de Galicia, por medio da Consellería do Mar, aplica diversas actuacións para reforzar a internacionalización, comercialización e distribución das empresas pesqueiras galegas co obxectivo de que o peixe e marisco galegos conquisten novos mercados e a un maior número de potenciais clientes.

A Consellería do Mar apoia as empresas galegas do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e transformador a través da asistencia ás feiras sectoriais de carácter nacional e internacional.

O Consello da Xunta aprobou o 26 de maio de 2025 o proxecto de acordo sobre a asistencia da consellería a este tipo de certames ata 2027, co obxectivo de abrir novas vías de negocio en mercados emerxentes e potenciar a demanda de peixe e marisco galego, achegándolle máis valor engadido.

A Xunta asiste a estas feiras cun stand propio para promocionar aspectos xenéricos da pesca, o marisqueo, a acuicultura ou a transformación dos produtos do mar e ofrece ás firmas galegas participar como coexpositoras ou a través dun centro de negocios –para aquelas que non desexan acudir todos os días da feira ou queren facer unha visita exploratoria– para aumentar a súa visibilidade.

Así, o impacto que ofrece ao visitante este espazo conxunto é de especial importancia, o que permite que as empresas incrementen a súa actividade de negocio. De feito, os certames expositivos a que asistiu a Consellería do Mar nos últimos anos con firmas do sector puxeron de manifesto a enorme relevancia que supoñen estes eventos para a promoción ao converterse en importantes puntos de encontro da distribución alimentaria que contribúen a impulsar as exportacións.

Na actualidade, Galicia é a décimo quinta potencia exportadora mundial de produtos pesqueiros. As empresas do sector alcanzaron un volume de facturación de preto de 2.800 millóns no 2024. As vendas no exterior aumentaron preto dun 0,5% respecto a 2023 e máis dun 130% en relación con 2009.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é o desembolso da Xunta para este cometido e en que feiras sectoriais estará presente Galicia?.

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 10:52:32
María Deza Martínez na data 01/09/2025 10:52:45
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 10:53:04
Patricia García González na data 01/09/2025 10:53:15
Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 10:53:32
Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 10:54:13
Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 10:54:27
Maria Magdalena Perez Millares na data 01/09/2025 10:54:34
Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 10:54:42



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 11:17:03
Nº Rexistro: 32911
Data envío: 01/09/2025 11:17:03,384

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 11:17:04

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de maio de 2025 o convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de A Coruña para o desenvolvemento do proxecto ALGAPROX destinado ao estudo da explotación de macroalgas de interese comercial, co fin de impulsar unha xestión sustentable e o cultivo do recurso.

O desenvolvemento desta iniciativa, cofinanciada a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (Fempa), permite dar resposta á proposta realizada polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, as Confrarías de Ribadeo, de Cangas e de Vilanova de Arousa, así como pola Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da provincia de Pontevedra.

O proxecto, cuxo prazo de execución é 2025-2027, abordará diversas experiencias con especies de algas de interese para o sector pesqueiro e marisqueiro, ben sexa porque supoñen un recurso, posúen un algo valor comercial ou porque a súa proliferación prexudica tanto ao ambiente como ao recurso.

Esta investigación ten a súa razón de ser na doutrina que fixa o Pacto Verde Europeo proposto pola Comisión Europea en decembro de 2019, e que inclúe unha folia de ruta con accións para impulsar un uso eficiente dos recursos mediante o paso a unha economía limpa e circular, restaurar a biodiversidade e reducir a contaminación.

Precisamente, dentro dos seus obxectivos, a UE considera as algas como unha fonte proteica que debe ser aproveitada en toda a súa potencialidade, dentro dos criterios de sustentabilidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- A canto ascende a contía total de este convenio e cales son as accións que se van a acometer con esta sinatura?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 11:17:43
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 01/09/2025 11:17:43,174

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 11:02:12

María Deza Martínez na data 01/09/2025 11:03:15

Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 11:03:25

Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 11:03:35,01/09/2025 11:04:45

Patricia García González na data 01/09/2025 11:04:33,01/09/2025 11:11:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 11:07:06

Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 11:10:54

Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 11:11:11,01/09/2025 11:11:23



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 11:17:43
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 01/09/2025 11:17:43.174

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 11:17:44

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á persistente falta de cobertura de prazas de persoal facultativo no centro de saúde de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas de Ribeira levan meses mobilizándose e reclamándolle á Consellaría de Sanidade a cobertura de persoal facultativo para o seu centro de saúde.

Unha falta de persoal que veñen arrastrando dende hai anos e á que o Goberno galego non atende convertendo, pola súa total inacción ao respecto, ao centro de saúde de Ribeira nun exemplo paradigmático do desleixo de quen ten as competencias sanitarias no noso país e de quen debera implicarse ao máximo para resolver, ou cando menos paliar, esta carencia xa cronificada.

A situación é perfectamente coñecida por parte da Consellaría, os propios profesionais do centro véñena poñendo no seu coñecemento dende hai moito tempo. A estas comunicacións e solicitudes súmanse as do propio Concello de Ribeira que, malia reiterar a petición de reunións cos responsábeis sanitarios, aínda non tiveron a ben recibir aos seus representantes. E tamén este Grupo Parlamentario trasladou as deficiencias da sanidade pública do centro de saúde de Ribeira, de Aguiño, de Corrubedo e de Palmeira en numerosas ocasións a través de iniciativas parlamentarias que foron desbotadas sistematicamente polo Grupo Parlamentario, o do Partido Popular, que sustenta ao Goberno.

Asinado o día 01/09/2025 ás
12:22
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 01/09/2025 ás
12:22
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E aínda que as consecuencias deste abandono son evidentes, insistimos novamente en que esta grave falta de persoal leva a que gran parte dos veciños e veciñas de Ribeira continúan sen médico asignado, as listas de agarda son de semanas, a presión e a sobrecarga dos profesionais faise insostíbel no tempo e provoca consultas breves aos pacientes que acoden a consulta, menor capacidade de seguimento e, en definitiva, unha saturación e un colapso que acrecenta cada vez máis o deterioro da atención sanitaria.

En pleno verán, coa poboación de Ribeira incrementada de maneira significativa, o seu centro de saúde mantivo un déficit de 10 médicos diarios dun cadro de persoal total de 14, non se cubriron nin se cobren baixas, vacacións nin as vacantes que levan nesa situación varios anos.

E aínda nesas circunstancias, 10 de 14, os responsábeis da área sanitaria repiten ata a saciedade que a calidade asistencial está garantida, algo que a día de hoxe xa non é críbel e está totalmente afastado da realidade diaria dos veciños e veciñas de Ribeira.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- . Que valoración fai o Goberno galego da situación de grave falta de persoal facultativo no centro de saúde de Ribeira dende hai anos?
- . Que tipo de planificación e que previsións ten para solucionar esa situación?
- . Canto tempo considera que se poden seguir mantendo as carencias actuais sen tomar ningún tipo de decisión que as revertan?
- . Considera que cunha media de 4 médicos diarios de 14 que houbo este verán se garante realmente a calidade asistencial aos máis de 20.000 habitantes que deben ser atendidos no centro de saúde de Ribeira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que consecuencias cre que se están a derivar para a poboación e para os profesionais dese centro nas circunstancias nas que se vén mantendo o cadro de persoal no centro de saúde de Ribeira?

. Cando vai recibir ou atender as solicitudes de reunión do alcalde de Ribeira?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/09/2025 12:22:50

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2025 12:22:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 12:23:53
Nº Rexistro: 32922
Data envío: 01/09/2025 12:23:53.134

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 12:23:53
Nº Rexistro: 32922
Data envío: 01/09/2025 12:23:53.134

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 12:23:53

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 13:53:15
Nº Rexistro: 32945
Data envío: 01/09/2025 13:53:15.187

Asinado o día 01/09/2025 ás 13:43
Por Patricia García G

A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) reforzarán o seu traballo en conxunto na mellora da produción de berberecho, ameixa xapónica e ameixa fina nos bancos marisqueiros a través do estudo da súa alimentación para acadar as cifras necesarias que require o sector para abastecer á sociedade destes produtos pesqueiros tan altamente demandados.

Esta colaboración será posible toda vez que o Consello da Xunta do 16 de xuño de 2025 autorizaba a sinatura do convenio de colaboración entre as dúas partes para a realización do proxecto Caracterización do alimento de bivalvos de interese marisqueiro no intermareal da enseada de San Simón: dispoñibilidade, factores ambientais e ferramentas para a súa xestión (BIVALFOOD).

A actuación, que se realizará en colaboración coa Confraría de Pescadores de Vilaboa, pretende avaliar se os bivalvos de interese marisqueiro teñen suficiente alimento ao longo do ano para determinar os factores que favorecen ou impiden a dispoñibilidade do dito alimento.

Garantir o marisqueo en Galicia implica asegurar a sustentabilidade da actividade, tanto en termos de explotación dos recursos mariños como da economía e do emprego nas zonas costeiras. Isto pasa por unha xestión responsable dos recursos, o cumprimento das leis e regulacións vixentes, a promoción da innovación e a investigación, e o apoio ao sector con medidas económicas e sociais.

Polo tanto, este proxecto nace do apoio estratéxico que a Consellería do Mar mantén con este sector, co fin de asegurar a súa rendibilidade e tamén como despensa de máxima calidade para os galegos e as galegas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Asinado o día 01/09/2025 ás 13:42
Por María Deza Martínez

Asinado o día 01/09/2025 ás 13:42
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- Canto destina o goberno galego a este acordo e cales son as accións contempladas deste convenio?.

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 13:42:35

María Deza Martínez na data 01/09/2025 13:42:47

Patricia García González na data 01/09/2025 13:43:07

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 13:43:18

Maria Magdalena Perez Millares na data 01/09/2025 13:43:38

Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 13:43:59

Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 13:44:15

Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 13:44:29,01/09/2025 13:44:42

Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 13:44:54



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 13:53:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 13:53:15
Nº Rexistro: 32945
Data envío: 01/09/2025 13:53:15.187

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do 15 de xullo de 2025 deu conta do Convenio entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), para a realización do proxecto Estudo do desenvolvemento e saúde das poboacións naturais de polbo común Octopus Vulgaris en Galicia (OCTOSAN).

Esta iniciativa afonda na detección da capacidade de defensa desta especie a estresantes ambientais ocasionados polos efectos do cambio climático.

A través deste proxecto, determinarase o desenvolvemento do ciclo vital do polbo común (datos biométricos e índice de condición), a análise de madurez (índice gonadosomático), a época de posta baixo diferentes variables ambientais (temperatura, salinidade, tormentas) ao longo do ano e en diferentes localidades xeográficas da costa galega, a posible presenza de parasitos e outros patóxenos, o efecto das variables ambientais estacionais e localidades xeográficas na súa prevalencia, e a resposta do sistema inmune en cada un dos escenarios ambientais estudados.

Con este proxecto, a Administración autonómica continúa dando resposta a unha das principais necesidades do sector: garantir a supervivencia das poboacións ante fenómenos adversos que poidan ocasionar o descenso produtivo, asegurando con iso a sostibilidade da actividade, tanto en termos de explotación do recurso como da economía e do emprego que xera nas zonas costeiras.

Trátase dunha iniciativa que nace do apoio estratéxico que a Consellería do Mar mantén coas confraría e outras entidades pesqueiras, co fin de asegurar a súa rendibilidade e tamén como fontes xeradoras dunha despensa de máxima calidade para os galegos e a galegas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:





- Canto destina o goberno galego a este acordo e cales son as accións contempladas nel?.

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 13:48:12
María Deza Martínez na data 01/09/2025 13:48:21
Patricia García González na data 01/09/2025 13:48:32
Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 13:48:48
Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 13:49:01
Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 13:49:14
Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 13:49:26
Maria Magdalena Perez Millares na data 01/09/2025 13:49:32
Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 13:49:46



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 13:53:57
Nº Rexistro: 32947
Data envío: 01/09/2025 13:53:57,102

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 13:53:57

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 01/09/2025
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a paralización da tramitación da lei de loita integral contra os incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No mes de agosto de 2018 publicouse o “Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017”, que recolle a seguinte recomendación número 11:

11. Recoller nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia. Este refundimento deberá facerse antes do 1 de xaneiro de 2019.

2. No mes de xuño de 2021 o daquela presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a tramitación deste texto legal, coa previsión da súa aprobación no ano 2022. Axuntamos o texto da nota de prensa da Xunta en castelán, por non estar dispoñíbel a versión en galego:

“Feijóo avanza que la Xunta redactará una nueva Ley de prevención y defensa contra los fuegos que estará en vigor el próximo año 2022

Subraya la necesidad de actualizar esta norma aprobada hace 14 años y que sufrió cerca de 80 cambios en 7 leyes diferentes.

Asinado o día 01/09/2025 ás
13:57
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 01/09/2025 ás
13:57
Por Montserrat Valcárcel Armesto



Santiago de Compostela, 17 de junio de 2021

El titular del Gobierno Gallego, Alberto Núñez Feijóo, avanzó hoy que la Xunta redactará una nueva Ley de prevención y defensa contra los incendios forestales que estará en vigor el próximo año 2022.

Feijóo se refirió en un primer término a la necesaria actualización de esta norma aprobada hace 14 años y que sufrió cerca de 80 cambios en 7 leyes diferentes, muchos de ellos debidos a la aprobación de leyes sectoriales que inciden en aspectos relacionados con la prevención.

Asimismo, recordó que tras los fuegos de octubre de 2017, el Parlamento constituyó la Comisión especial no permanente de estudio y análisis de las reformas de la política forestal, de prevención de incendios forestales y del Plan Forestal de Galicia, cuyas recomendaciones, aseveró, hace falta añadir junto a las que fue aportando en el tiempo la Administración central.

“Y también es necesario contar con la situación ambiental y sociodemográfica de Galicia y su variabilidad”, añadió, destacando también las recomendación recogidas sobre la materia, materializadas en el proceso participativo llevado a cabo con las universidades gallegas y con el propio Servicio de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia.

Sobre este punto, recordó que “llevamos trabajando desde hace un año en una Unidad Mixta de Investigación de carácter multidisciplinar con la Universidad de Vigo”. Esta Unidad hizo cuatro bloques temáticos: reparto competencial, actuaciones preventivas, limitaciones de usos y extinción.

Y subrayó que el proceso participativo se centró en tres grupos de interés: primeramente los colectivos representados en el Consejo Forestal de Galicia; en segundo lugar las asociaciones profesionales y sindicatos representativos del personal empleado en la





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

prevención y defensa contra los incendios forestales; y, en tercer lugar los trabajadores adscritos a la Dirección general de Defensa del Monte.

Después de precisar que tras este proceso el texto será sometido ahora a consulta pública previa a la elaboración del anteproyecto, Feijóo explicó que “a través del portal web de Transparencia de la Xunta, recogeremos las aportaciones de las personas y de los colectivos que quieran trasladar sus reflexiones y propuestas para construir una nueva ley de defensa de los montes y contra los fuegos forestales.”

3. Nesta nota de prensa faise referencia ao proceso participativo para a elaboración desta norma, e cítase en particular a Unidade Mixta de Investigación coa Universidade de Vigo. Saliéntase que esta unidade propuxo catro bloques temáticos: reparto competencial, actuación preventivas, limitacións de usos e extinción.

4. Segundo figura no portal de transparencia da Xunta, no apartado de Normativa en tramitación, esta norma iniciou a súa tramitación en xullo de 2021 (coincidiendo co citado anuncio do daquela presidente da Xunta), foi sometido a trámite de información pública no ano 2023 mais a partir de aí decidiuse a súa paralización. Curiosamente, algúns elementos incluídos na norma como a regulamentación das paisaxes cortalumes ou a recuperación integral do territorio afectado por incendios forestais de incidencia singular foron incluídos na LEI 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, unha norma de orixe e tramitación posterior.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



TRANSPARENCIA
E GOBERNO ABERTO

[A transparencia](#) [Temas](#) [Acceso á información pública](#) [Participación](#) [Outras organizacións](#) [Últimas novidades](#)

[Temas](#) / [Información de relevancia xurídica](#) / [Normativa en tramitación](#) / [Pendente de aprobación](#)



Normativa en tramitación

En prazo de envío de suxestións

Pendente de aprobación

Aprobada e publicada no DOG



Documentos relacionados

[Anteproxecto de Lei de loita integral contra os incendios forestais de Galicia](#) [Formato PDF](#)
22 MB  [Escóitar](#)

Órgano ou entidade tramitadora: Dirección Xeral de Defensa do Monte

Departamento: Consellería do Medio Rural - Dirección Xeral de Defensa do Monte

Inicio da tramitación: 05/07/2021

Obxecto: este anteproxecto de lei ten por obxecto establecer o marco normativo da loita contra os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de defender as terras agroforestais, protexer as persoas e aos bens que poidan resultar afectados, así como reducir os riscos posteriores á produción dun incendio e recuperar a funcionalidade dos sistemas agroforestais afectados.

A lei aplicárase en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estado actual: pendente de aprobación

Prazo para remitir suxestións: pechado desde 07/06/2023

Suxestións recibidas: 33

5. A pesar da importancia social, económica e ambiental deste tema e dos compromisos para a súa aprobación en 2022 (ou mesmo antes segundo o previsto no ditame de 2018), a realidade é que esta norma segue sen aprobar. E, en consecuencia, non se puxeron en marcha instrumentos de interese para loitar de maneira integral contra os grandes incendios.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Por que razón non se tramitou e aprobou en 2022 a lei de loita integral contra os incendios forestais, tal como estaba previsto?

Deu alguén a orde de paralizar a tramitación desta norma e por que motivo?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta continuar coa tramitación desta norma e trasladar o proxecto de lei
ao parlamento no presente período de sesións?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 01/09/2025 13:57:29

Luis Bará Torres na data 01/09/2025 13:57:39

Secundino Fernández Fernández na data 01/09/2025 13:57:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32951
Data envío: 01/09/2025 14:00:28.676

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 14:00:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32951
Data envío: 01/09/2025 14:00:28.676

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión de Control da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia**.

A Corporación dispón dun convenio colectivo do ano 2015. O referido convenio encóntrase totalmente desactualizado e por iso foi denunciado pola parte social a finais de 2023.

Despois de acudir á mediación, na que se instaba á empresa a reunirse con sindicatos en aras de acadar un consenso sobre a nova clasificación profesional, no menor prazo posible, en decembro de 2023 constituíase a mesa negociadora da nova clasificación profesional do persoal da Corporación.

Concretamente, entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2024 tiveron lugar catro xuntanzas, unha en xaneiro, outra en febreiro, a terceira en marzo e unha cuarta en xuño. Desde o 26 de xuño de 2024 non se levaron a cabo máis reunións nin se acadou acordo en firme sobre o modelo presentado pola CSAG para a nova clasificación profesional, unha conta pendente histórica.

O modelo de clasificación profesional da CSAG baséase en IV grupos profesionais por nivel formativo, 3 áreas funcionais e dentro destas áreas, diversas especialidades en función das titulacións académicas.

Malia que as propostas sindicais eran diversas, o conxunto da parte social acordou unha proposta común, reducindo os grupos a 3, e pide a adscrición directa do persoal ás novas categorías, sen pasar por proceso selectivo, en tanto que a empresa se nega a isto.

Asinado o día 01/09/2025 ás
14:19
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 01/09/2025 ás
14:19
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

112990

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

A parte social pediulle á empresa que explorase a carreira profesional que hai noutras administracións, por exemplo, e que unha adecuación dos postos de traballo vía Clasificación Profesional está perfectamente prevista nun proceso de negociación no que moitas categorías xa están reclasificadas vía complemento de nivel, vía complementos de responsabilidade por funcións que non son as descritas no DOG do 92.

A día de hoxe non hai resposta por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, dado que en todo o verán a mesa negociadora non se volveu reunir.

Pola contra, o Proxecto de lei para os medios audiovisuais de Galicia no marco da sociedade dixital, deixa a porta aberta á contratación artística, modalidade “extra convenio” colectivo”, sen “axustarse ás regras do convenio colectivo nin a unha nova clasificación profesional.

A todo isto cómpre engadir as novas dinámicas de traballo que se están a implantar nos distintos centros territoriais desde o pasado 7 de xaneiro, e dos que a empresa deu conta á parte social ao inicio de mes de decembro. Foi en concreto a través dunha comisión de formación levada a cabo o 3 de decembro de 2024 na que se especificaba como no primeiro trimestre deste ano, o persoal das delegacións ía recibir a formación precisa para abordar un traballo en modo “multisoporte”, onde unha mesma persoa, neste caso unha redactora ou redactor podería asumir o traballo para tele, radio, *web* e OTT.

Desde o pasado verán, a empresa non fixo absolutamente nada por reactivar esa negociación, malia que constan, polo menos, tres solicitudes formais da parte social.

De aí a ausencia da boa fe negociadora por parte da CSAG porque entendemos que non lle interesa baixo ningún concepto aprobar a nova

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112991

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

clasificación profesional.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que calendario de reunións vai establecer a entidade para tratar a negociación da recualificación na CSAG?
2. Por que non se acadou un acordo na obsoleta clasificación profesional para os traballadores e traballadores da CSAG?
3. Que propostas levará a CSAG á mesa negociadora do convenio?

Parlamento de Galicia, 1 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

112992

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/09/2025 14:19:09

Silvia Longueira Castro na data 01/09/2025 14:19:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32954
Data envío: 01/09/2025 14:20:41.257

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 14:20:41

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32959
Data envío: 01/09/2025 15:57:14.567

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado martes 26 de agosto, publicábase o Real decreto 743/2025. Trátase dun marco normativo que aproba a capacidade ordinaria do sistema de protección e tutela para a recepción de menores non acompañados nas comunidades autónomas.

Con anterioridade, o Consello de Ministros aprobou un real decreto o 22 de xullo no que se establecía o procedemento de acollida.

Aínda que este real decreto non fixa o número de traslados a cada comunidade, si vai permitir que as comunidades ou cidades autónomas que se atopen nunha situación de sobreocupación, soliciten a continxencia migratoria extraordinaria. Deste xeito, desde o pasado día 28 de agosto pode levarse a cabo o reparto pola península dos menores que non estean acompañados, desde os territorios sobre ocupados do país.

Dada a gravidade e importancia deste asunto, este era un dos temas que se tiña que abordar na Conferencia sectorial, convocada polo Ministerio de Juventud e Infancia que no mes de xullo deste ano tivo lugar en Madrid. E o alarmante é que esta conferencia tivo que ser suspendida pola falta de “quórum” debido a que as comunidades autónomas nas que goberna o Partido Popular, con ou sen Vox, non asistiron.

Asinado o día 01/09/2025 ás
15:54
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 01/09/2025 ás
15:54
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

112995

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32959
Data envío: 01/09/2025 15:57:14.567

Non deixa de ser alarmante que nunha situación de emerxencia humanitaria, o Partido Popular “dite” desde Madrid a negativa dos seus gobernos autónomos a tan sequera chegar a debater puntos de vista sobre como levar a cabo o acollemento de menores que chegan ao noso país sen ninguén que os coide ou protexa. E vense abocados a levar unha vida desprovista de calquera arraigo ou lugar de referencia, tan necesarios ao longo da vida e moito máis na infancia e adolescencia.

Por suposto que o Partido Popular de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia alienáronse co ditado de Vox e Núñez Feijóo; negándose a recibir en Galicia aos menores que, por lei, terán que chegar ao noso país. Galicia ten unha capacidade ordinaria para acoller a 886 menores, segundo a ratio establecida para as comunidades autónomas de todo o país. E a realidade é que chegarán 317 menores, segundo o decreto lei aprobado en agosto.

Esta realidade global vén a chocar coa xa existente no goberno da Xunta de Galicia no que tanto as políticas de protección a infancia, o reto demográfico ou a asistencia ás familias en risco de exclusión forman parte dese “pelotón de programas” que teñen máis vixencia sobre o papel que sobre a vida cotiá. E están encadradas máis como propaganda que como xeito de solucionar problemas que se atopan externalizados en organizacións do terceiro sector que a súa vez dependen clientelamente do propio goberno da Xunta.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112996

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32959
Data envío: 01/09/2025 15:57:14.567

Dada esta situación de negatividade para acoller aos menores que chegan á España fuxindo da miseria e na procura da dignidade, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Cales son os motivos polos que o goberno da Xunta de Galicia non presentou ningunha proposta nas tres conferencias sectoriais de Infancia e Adolescencia, e nas tres comisións sectoriais levadas a cabo polo Goberno de España en 5 meses?

Santiago de Compostela, a 1 de setembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

112997

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 01/09/2025 15:54:26

Elena Espinosa Mangana na data 01/09/2025 15:54:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32959
Data envío: 01/09/2025 15:57:14.567

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 15:57:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 32959
Data envío: 01/09/2025 15:57:14.567

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 18:29:54
Nº Rexistro: 32981
Data envío: 01/09/2025 18:29:54.783

Asinado o día 01/09/2025 ás 18:17
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo inaugúrase no ano 1978 e nace coa finalidade de reproducir e cultivar moluscos bivalvos en particular ostra plana europea (*Ostrea edulis*, L).

As enfermidades que atacaron os bancos naturais desta ostra en Europa, alcanzaron tal nivel de impacto que case extinguiron esta especie nas costas de Galicia, quedando bancos naturais residuais nas rías de Arousa, Noia e Pontevedra.

A partir da iniciativa presentada polo Centro de Investigacións Mariñas de Galicia, a Federación provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e a confraría de Arcade, iniciouse un proceso de recuperación do cultivo da ostra plana na enseada de San Simón, zona cunha alta tradición no aproveitamento comercial desta especie. Estas tarefas foron desenvolvidas ao longo do ano 2023 no marco do proxecto PreOSTREARES.

Unha vez rematado este proxecto de avaliación da resposta deste cultivo en Arcade, no ano 2024 iniciouse un novo proxecto dentro do marco de REDEMAR (proxecto OSTREARES), que contempla a posibilidade de recuperar a actividade da reprodución desta variedade de bivalvo en condicións controladas de laboratorio no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo, rescatando unha actividade que se abandonara a finais do século pasado. O seu obxectivo principal é a recuperación da actividade de aproveitamento marisqueiro dos bancos naturais de ostra na enseada de San Simón da ría de Vigo.

Esta iniciativa da que tomou razón o Consello da Xunta do 2 de xuño de 2025 recolle unha serie de actuacións encamiñadas a incrementar o número de reprodutores de ostra plana, que serán estabulados nas estruturas instaladas no proxecto PreOSTREARES e na nova que se instalará neste. Para evitar depender da captura nos bancos naturais, tratarase de obter semente por captación natural e posta inducida.

Asinado o día 01/09/2025 ás 18:16
Por María Deza Martínez

Asinado o día 01/09/2025 ás 18:16
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Entre os resultados alcanzados espérase obter datos sobre o comportamento dos reprodutores e da semente así como recuperar a captura sostible desta especie e propiciar os beneficios para o ecosistema que brindan estas poboacións.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a estrutura deste novo programa e cales son as accións que se van a acometer?.

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 18:16:48

María Deza Martínez na data 01/09/2025 18:16:59

Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 18:17:08

Patricia García González na data 01/09/2025 18:17:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 18:17:29

Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 18:17:44

Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 18:17:54

Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 18:18:11

María Magdalena Perez Millares na data 01/09/2025 18:18:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 18:29:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2025 18:29:54
Nº Rexistro: 32981
Data envío: 01/09/2025 18:29:54.783

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32984
Data envío: 01/09/2025 18:30:38,034

Asinado o día 01/09/25
18:27
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O día 30 de xuño de 2025 aprobábase no Consello de a Xunta de Galicia o Acordo polo que se toma razón do programa PARTBIV, impulsado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e destinado á participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial.

Con esta iniciativa, a Consellería do Mar pretende crear un espazo de colaboración entre os produtores e os organismos científicos e investigadores da súa titularidade, co fin de dar resposta á necesidade de repoboación dos bancos marisqueiros.

PARTBIV forma parte do esforzo inversor da Consellería do Mar para potenciar a actividade investigadora dos distintos centros investigadores que xestiona. Esta iniciativa súmase, por tanto, a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores.

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos.

Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

A canto ascende a contía total de esta iniciativa e cales son as accións que se van a acometer con este proxecto?

Asinado o día 01/09/2025 ás
18:27
Por María Deza Martínez

Asinado o día 01/09/2025 ás
18:27
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32984
Data envío: 01/09/2025 18:30:38,034

Santiago de Compostela, 1 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 01/09/2025 18:27:36

María Deza Martínez na data 01/09/2025 18:27:43

Manuel Santos Costa na data 01/09/2025 18:27:51

Patricia García González na data 01/09/2025 18:28:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/09/2025 18:28:14

Raúl Santamaría González na data 01/09/2025 18:28:24

Paula Mouzo Mas na data 01/09/2025 18:28:37

Jesús María Fernández Rosende na data 01/09/2025 18:28:53

María Magdalena Perez Millares na data 01/09/2025 18:29:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/09/2025 18:30:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32984
Data envío: 01/09/2025 18:30:38,034

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 02/09/2025 ás 09:39
Por Alexandra Fernáñez

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, sobre a necesidade de dar conta a dirección da CSAG do avance na privatización da programación dos medios públicos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual dirección da CSAG inicia o seu mandato marcando o seu perfil na presentación da programación dos medios públicos para a nova tempada.

Nova dirección e nova tempada en que, no entanto, se reforzan as vellas prácticas que desde a dirección anterior se viñeron impondo e que foron denunciadas publicamente polas profesionais do ente público e das que demos reiterado traslado nesta cámara desde o BNG.

Nesta ocasión asistimos á clausura do programa informativo de deportes Ao Contraataque, após 7 temporadas de emisión, un programa realizado en San Marcos, con profesionais da casa de recoñecido prestixio e consolidado entre a audiencia.

Ao tempo, anúnciase a incorporación á grella dun novo programa informativo deportivo como substituto do anterior, que se vai producir fóra da radio pública galega e por colaboradores externos, isto é, un novo avance na externalización da programación.

Asinado o día 02/09/2025 ás 09:39
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 02/09/2025 ás 09:39
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Vai ser o sinal de identidade da nova dirección renunciar á programación de produción propia en beneficio da produción externalizada?
- Por que a dirección decide externalizar un programa informativo de deportes tan recoñecido como A Contraataque?
- Vai continuar a dirección afondando na privatización dos espazos informativos nos medios públicos galegos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2025 9:39:19

Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2025 9:39:33

Alexandra Fernández Gómez na data 02/09/2025 9:39:51

Daniel Castro García na data 02/09/2025 9:41:50

Iago Suárez Fernández na data 02/09/2025 9:42:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 09:42:34
Nº Rexistro: 32999
Data envío: 02/09/2025 09:42:34.838

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 9:42:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 09:42:34
Nº Rexistro: 32999
Data envío: 02/09/2025 09:42:34.838

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 33022
Data envío: 02/09/2025 11:22:46.178

Asinado o día 02/09/2025
11:21
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os problemas da área sanitaria de Ferrol.

Asinado o día 02/09/2025 ás
11:20
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez os meses de verán deixan en evidencia a delicada situación na que o goberno do Partido Popular ten colocado a nosa sanidade pública.

Os recortes orzamentarios, a precariedade dos cadros de persoal e o desvío de fondos cara a sanidade privada, son as condicións xerais que caracterizan a política sanitaria do Partido Popular na Galiza, mais se poñemos o foco na atención primaria a cousa a agrávase.

A atención primaria debería ser o eixo basal da sanidade, xa que atende a inmensa maioría das persoas que precisan atención sanitaria. É a porta de entrada e principal garantía de que as persoas usuarias do sistema esteamos atendidas, diagnosticadas e controladas en tempo e forma.

Malia a súa importancia o Partido Popular non deixa de tomar medidas en contra nestes 16 anos de goberno. Por exemplo a eliminación da xerencia propia da atención primaria, o que complica unha xestión eficiente dos recursos, a negativa sistemática a ampliar o cadro de persoal e o número de especialidades e categorías, ou a desviación de recursos cara a atención hospitalaria.

Asinado o día 02/09/2025 ás
11:20
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Condicións que, como dicimos, provocan nos meses de verán situacións críticas en practicamente todas as áreas sanitarias, incluída a de Ferrol.

Son moitos os postos descubertos por causa das vacacións en todos os centros de saúde, e moitas as localidades que aumentan a súa poboación case porcentualmente na nosa comarca.

A combinación destes factores fai que persoas dos Concellos de Ferrol, Narón ou Fene, non tiveron citas para a atención primaria en todo o mes de agosto, ou que en outros casos tiveran que agardar mínimo 15 días.

A sobre carga de traballo do persoal sanitario en todas as escalas supera xa todos os límites. Persoal médico, de enfermería ou persoal de servizos administrativos non dan feito.

Sirva como exemplo a situación do centro de saúde de San Sadurniño, no que un único médico que ten que atender tamén os centros de saúde das Somozas, Moeche e Cerdido, polo que hai días que as persoas que chegan ao centro de saúde atópanse sen médico.

Coma sempre, os máis afectados son os colectivos máis vulnerábeis, maiores, doentes con patoloxías crónicas e polimedicados que precisan de control sistemático.

E non podemos deixar de denunciar que neste contexto o Partido Popular veña de aprobar en solitario un teito de gasto orzamentario que nos condena a novos e recortes no exercicio económico do 2026.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Por que non se cobren as vacantes da área sanitaria de Ferrol?
2. Como xustifica a Xunta de Galiza que haxa persoas da nosa área sanitaria que non teñan cita de atención primaria en todo o mes de agosto?
3. Cantas vacacións e ITs de médicos ou médicas están a cubrirse na área sanitaria de Ferrol?
4. Como estima a Xunta de Galiza que a falta de profesionais, os seus cambios continuos, e as demoras na realización de probas diagnósticas están a afectar á poboación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/09/2025 11:20:44

José Manuel Golpe Acuña na data 02/09/2025 11:20:55

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2025 11:21:04

María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2025 11:21:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 33022
Data envío: 02/09/2025 11:22:46.178



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 11:22:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 33022
Data envío: 02/09/2025 11:22:46.178

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:25:17
Nº Rexistro: 33025
Data envío: 02/09/2025 11:25:17.953

Asinado o día 02/09/20
Por María Magdalena F
Millares

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas – Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) reforzarán o seu traballo en conxunto na mellora da produción de bivalvos nos bancos marisqueiros do interior da Ría de Pontevedra a través do estudo do fitoplancto tóxico para identificar as variables ambientais que levan ao desenvolvemento destes organismos acuáticos e que afectan directamente a supervivencia dos moluscos bivalvos dos polígonos de Lourizán, Campelo e Combarro, no presente e ante un escenario futuro de cambio climático.

Esta colaboración será posible toda vez que o Consello da Xunta do 23 de xuño de 2025 autorizaba a sinatura do convenio de colaboración entre as dúas partes para a realización do proxecto Proliferación de fitoplancto tóxico nos bancos marisqueiros do interior da ría de Pontevedra: entender o presente e previr o futuro (PLANCTOX).

A actuación, pretende axudar a mellorar a produción de bivalvos na zona, conseguindo as cifras necesarias que requiren as entidades produtoras para abastecer a sociedade destes alimentos tan altamente demandados. Para poder conseguir estes retos levaranse a cabo accións relacionadas coa identificación das variables ambientais que afectan a proliferación de fitoplancto tóxico, a través da monitoraxe intensiva de variables físicas, químicas e biolóxicas nas zonas indicadas, así como co estudo da resposta destas algas ao quecemento da auga e a súa acidificación para prever a evolución da súa expansión no futuro.

A través deste proxecto, establécense sinerxías para facer fronte a un dos principais desafíos que afronta o marisqueo, identificando as causas do descenso da produción e aplicando solucións biotecnolóxicas. Esta iniciativa súmase así a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores.

Asinado o día 02/09/2025 ás
11:23
Por María Deza Martínez

Asinado o día 02/09/2025 ás
11:23
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Polo tanto, este proxecto nace do apoio estratéxico que a Consellería do Mar mantén con este sector, co fin de asegurar a súa rendibilidade e tamén como despensa de máxima calidade para os galegos e as galegas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Canto destina o goberno galego a este acordo e cales son as accións contempladas?.

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2025 11:23:11

María Deza Martínez na data 02/09/2025 11:23:18

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/09/2025 11:23:24,02/09/2025 11:24:00

Manuel Santos Costa na data 02/09/2025 11:23:32,02/09/2025 11:24:45

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2025 11:23:40

Patricia García González na data 02/09/2025 11:23:49

Raúl Santamaría González na data 02/09/2025 11:24:13

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2025 11:24:25

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2025 11:24:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 11:25:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:25:17
Nº Rexistro: 33025
Data envío: 02/09/2025 11:25:17.953

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta autorizaba o día 21 de xullo de 2025 a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para a realización do proxecto VOLARIA.

A iniciativa aborda o estudo dos factores biolóxicos e físico-químicos que afectan a acumulación de chumbo na volandeira, e da dispersión e orixe deste elemento nos bancos marisqueiros da Ría de Vigo.

A acción está desenvolvida no marco da rede de colaboración entre os organismos científicos autonómicos e o sector pesqueiro, Redemar.

A investigación pretende coñecer se existe unha relación entre o tamaño ou a idade dos organismo e a concentración de Pb nos seus tecidos, se existen variacións asociadas ao ciclo reprodutivo ou ao estado gonadal, así como os niveis disoltos e particulado na Ría de Vigo e a súa variación temporal ao longo do ano.

O labor investigador será realizado polo Instituto Español de Oceanografía (CSIC-IEO) e polo Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC-IIM) en colaboración coa Asociación de Marisqueo a Flote Ría de Vigo, co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, e coa Universidade de Vigo.

A Xunta está reforzando a actividade investigadora no ámbito mariño coa finalidade de contar coa mellor información científica coas que artellar as medidas técnicas máis efectivas ante os retos actuais aos que enfronta a actividade pesqueira. Así, a Consellería do Mar xa colabora co CSIC con outros proxectos como Biorock, para o estudo da mellora do crecemento de especies de acuicultura, ou o proxecto RIFA, que ten como finalidade o estudo da resposta inmune da ameixa rubia fronte a factores ambientais.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Canto destina o goberno galego a este acordo e cales son as accións contempladas neste convenio?.

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2025 11:14:49

María Deza Martínez na data 02/09/2025 11:14:58

Patricia García González na data 02/09/2025 11:15:08

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2025 11:15:22

Raúl Santamaría González na data 02/09/2025 11:15:34

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2025 11:15:48

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2025 11:16:07

Manuel Santos Costa na data 02/09/2025 11:16:22

María Magdalena Perez Millares na data 02/09/2025 11:16:29



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 11:26:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 11:25:59
Nº Rexistro: 33027
Data envío: 02/09/2025 11:25:59.541

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:21:34
Nº Rexistro: 33035
Data envío: 02/09/2025 12:21:34.357

Asinado o día 02/09/25
12:07
Por Manuel Santos C

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do 02 de xuño de 2025 autorizou á proposta da Consellería do Mar para simplificar o acceso dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) ás axudas para proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa).

Mediante a exención da obriga de presentación de garantías e a realización de pagamentos a conta e anticipos por importe conxunto de ata o 100% na vindeira convocatoria destes apoios autonómicos, que serán publicados proximamente, facilitarase a materialización destas iniciativas que teñen un gran impacto nas comunidades costeiras da comunidade.

Estas achegas están dirixidas aos oito GALP cos que conta Galicia para desenvolver accións de cooperación no marco das súas respectivas Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP). Neles poden participar unha ou máis entidades e teñen entre os seus obxectivos o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras, aumentar o valor dos produtos da pesca, a creación de emprego, a remuda xeracional ou o fomento do patrimonio cultural marítimo. Actuacións que afondan na diversificación e desenvolvemento das comunidades costeiras.

Esta convocatoria, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 3 de xullo de 2025, é a primeira desde a entrada en vigor do Fempa.

No período 2016-2022, co anterior Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Femp), foron realizados un total de 20 proxectos de cooperación que supuxo a mobilización de máis de 1,6 millóns de euros, esgotando a partida prevista no plan financeiro do anterior fondo. Así, a última convocatoria tivo lugar no 2022 cun orzamento de 82.000 euros que permitiron financiar o proxecto Rema II, de turismo vencellado ao patrimonio marítimo, e proxecto Pesca con Ciencia, de adaptación do sector da pesca artesanal aos efectos do cambio climático.

Asinado o día 02/09/2025 ás
12:06
Por María Deza Martínez

Asinado o día 02/09/2025 ás
12:00
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é a contía total de estas axudas e que profesionais poden acollerse a estas?.

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2025 12:00:04

María Deza Martínez na data 02/09/2025 12:06:54

Manuel Santos Costa na data 02/09/2025 12:07:04

Patricia García González na data 02/09/2025 12:07:19

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2025 12:07:30

Raúl Santamaría González na data 02/09/2025 12:07:41,02/09/2025 12:07:52

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2025 12:08:00

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/09/2025 12:08:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 12:21:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:21:34
Nº Rexistro: 33035
Data envío: 02/09/2025 12:21:34.357

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta deu o visto e prace o 21 de xullo de 2025 á norma reguladora do traslado de especies mariñas, dando así resposta a unha demanda reiterada do sector e cumprindo coa normativa europea que establece os antecedentes normativos para o desenvolvemento desta disposición autonómica.

O día 22 de xullo de 2025 publicábase no DOG a ORDE do 4 de xullo de 2025 pola que se regula a actividade de traslado de determinadas especies na Comunidade Autónoma de Galicia

Esta orde regula a actividade de traslado das especies sinaladas anteriormente e establece as operacións de traslado destas especies, constituídas basicamente pola declaración de traslado, polo rexistro de finalización da declaración de traslado e pola anulación da declaración de traslado. Neste sentido, e coa finalidade de rexistrar e controlar todas as operacións de traslado indicadas, resulta necesario crear dous documentos de rastrexabilidade denominados «declaración de traslado» e «rexistro da finalización da declaración de traslado».

Así mesmo, a regulación da actividade de traslado aborda outros aspectos relevantes que se suceden durante as operacións de traslado: os lugares autorizados para almacenar as capturas obxecto de traslado, a duración máxima do almacenamento permitido para as especies sinaladas nesta orde, o número máximo de declaracións permitidas, o conxunto de condicións necesarias para o cumprimento das operacións de traslado e a rastrexabilidade das operacións de traslado na cadea de comercialización.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cal é o obxectivo principal desta norma?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:22:15
Nº Rexistro: 33038
Data envío: 02/09/2025 12:22:15.328

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2025 12:14:49

María Deza Martínez na data 02/09/2025 12:14:56

Manuel Santos Costa na data 02/09/2025 12:15:12

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2025 12:15:22

Patricia García González na data 02/09/2025 12:15:35

Raúl Santamaría González na data 02/09/2025 12:15:43

María Magdalena Perez Millares na data 02/09/2025 12:15:49,02/09/2025 12:16:58

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2025 12:16:05,02/09/2025 12:16:48

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2025 12:16:31



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 12:22:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:22:15
Nº Rexistro: 33038
Data envío: 02/09/2025 12:22:15.328

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e María Magdalena Pérez Millares, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

A actual Política Pesqueira Común non conseguiu cumprir cos obxectivos marcados ao tempo que necesita adaptarse aos novos requirimentos que demanda a política pesqueira actual. Desde entón, Galicia traballa para que a futura PPC recolla ás demandas e necesidades do sector marítimo-pesqueiro galego.

Galicia, igual que a Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) considera necesario levar a cabo unha profunda revisión da Política Pesqueira Común (PPC) para mellorar a súa gobernanza, a súa eficacia e abordar os retos existentes e emerxentes que afectan o sector marítimo-pesqueiro galego.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, preside o Grupo de Traballo de Pesca da Conferencia das Rexións Periféricas Marítimas da UE (CRPM), unha organización cuxo obxectivo principal é influír nas políticas europeas clave —como as políticas marítima, de cohesión, de transporte ou, neste caso, a pesqueira— para que estas teñan en conta as necesidades específicas das rexións marítimas periféricas.

Neste contexto, a Consellería considera que, ante a situación xeopolítica actual e as previsións de reformas políticas na Unión Europea —nomeadamente a anunciada reforma da política pesqueira común (PPC) e a proposta do novo Pacto europeo polos océanos—, Galicia debe exercer un papel activo e diferencial nestes procesos normativos, tendo en conta que é a rexión europea con maior dependencia socioeconómica da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

Como principal potencia pesqueira de Europa —tanto en termos de porcentaxe do PIB, número de descargas, embarcacións, mariscadores e traballadores do mar— a Comunidade quere defender os seus intereses, ben directamente a través da súa participación institucional, como a presidencia do grupo de traballo da CRPM, ben mediante outras canles de representación.

Neste sentido, este departamento autonómico está a desenvolver diversas actuacións para influír e facer oír a súa voz —xunto co resto das rexións europeas— nas institucións da UE no marco da reforma da PPC.





A futura PPC deberá ser capaz de equilibrar o cumprimento dos obxectivos ambientais, sociais e económicos das súas decisións, enfocando a xestión dos recursos pesqueiros na mellora da viabilidade económica, a conservación ambiental, e o atractivo sociolaboral da profesión para garantir o necesario relevo xeracional.

Entre as actuacións destacadas neste senso está a elaboración dun decálogo de estratexia no cal se establecen as prioridades da comunidade ante o proceso aberto o ano pasado pola Comisión para a avaliación da PPC.

No Consello Galego de Pesca do pasado 4 de abril de 2025 consensuouse este documento que vén a reformular o ditame aprobado por unanimidade polo Consello no ano 2022 e recolle aspectos do informe sobre o impacto sobre o sector pesqueiro do conxunto de propostas legislativas e non legislativas da Comisión Europea, elaborado pola Fundación MarinnLeg por petición da Consellería no ano 2023.

O Consello da Xunta do día 5 de maio de 2025 deu o visto e praxe ao *Decálogo estratéxico de Galicia na defensa dos seus intereses ante a revisión da PPC*, documento que é o resultado conxunto entre a Administración autonómica e o sector, consensuado co Consello Galego de Pesca e sustentado en análises técnicas para establecer as prioridades ante a nova PPC de futuro.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Cales son os puntos de dito decálogo e os obxectivos que se pretenden conseguir con esta actuación?

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2025 12:08:42

María Deza Martínez na data 02/09/2025 12:08:49

Manuel Santos Costa na data 02/09/2025 12:09:08

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/09/2025 12:09:15

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2025 12:09:24

Patricia García González na data 02/09/2025 12:09:35

Raúl Santamaría González na data 02/09/2025 12:09:46

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2025 12:09:59,02/09/2025 12:20:03

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2025 12:10:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 12:23:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:23:09
Nº Rexistro: 33041
Data envío: 02/09/2025 12:23:09.925

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de que a Xunta traslade información sobre os contratos rescindidos no servizo de transporte público de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa posta en marcha do Plan de Transporte de Galiza, abriuse un grande proceso de licitación dos contratos do servizo de transporte público, levado a cabo por fases e rexido polos pregos derivados deste Plan de Transporte. Neste proceso de licitación non foron poucas as dúbidas sobre algúns dos procesos de contratación, sendo obxecto de procedementos xudiciais varios deles.

Asinado o día 02/09/2025 ás
12:45
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 02/09/2025 ás
12:45
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste aspecto, a Xunta de Galiza non deu resposta ás reiteradas peticións de información por parte do BNG, sobre o seu papel como licitadora destes contratos e as diferentes irregularidades que existiron nalgúns deles, desde os comportamentos contrarios a competencia, reparto ilegal do mercado ou irregularidades á hora de exceder o número de contratos aos que unha mesma empresa pode acceder ou a aceptación manifesta de baixas temerarias nas ofertas.

Após uns anos de funcionamento destes novos contratos, a Xunta de Galiza executou o rescate de varias concesións, en todos os casos alegando unha resolución do contrato de “mutuo acordo” entre o ente autonómico e as empresas, aínda que existen incumprimentos de contrato reiterados, e mesmo recoñecidos pola Xunta de Galiza, que serían xa motivo de abrir a posibilidade do rescate por incumprimentos reiterados.

Ate o día de hoxe non se ten máis información sobre estes procesos e é necesario aclarar as condicións nas que se resolveron estes contratos e nas condicións nas que se estaban desenvolvendo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que motivos suscitaron o rescate dos contratos resoltos no servizo de transporte público de Galiza?
2. Como foi o desenvolvemento previo destes contratos e cantas sancións foron impostas desde a súa posta en funcionamento?
3. Poderán concorrer a esta nova licitación as empresas que operaban estes contratos até o momento, se existen incumprimentos de contrato e irregularidades previas durante o desenvolvemento do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Estaban, estes contratos, mal calculados desde un comezo? Cales foron as baixas admitidas no proceso previo de licitación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/09/2025 12:45:17

Luis Bará Torres na data 02/09/2025 12:45:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:46:55
Nº Rexistro: 33047
Data envío: 02/09/2025 12:46:55,582

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 12:46:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 12:46:55
Nº Rexistro: 33047
Data envío: 02/09/2025 12:46:55,582

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o traslado da Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI ao Hospital Meixoeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan Galego de Reprodución Humana Asistida 2024-2028 incluíanse unha serie de compromisos para mellorar a carteira de servizos neste eido, tales como a ampliación progresiva da idade máxima de acceso aos tratamentos de fertilidade na sanidade pública, o acceso á conxelación de óvulos para mulleres entre 30 e 35 anos sen patoloxías ou con risco de fertilidade ou o acceso á primeira consulta en menos de 60 días e inicio de tratamento en menos de 6 meses.

O cumprimento destes obxectivos está evidentemente condicionado a un incremento do persoal das unidades de reprodución, unha mellora dos equipamentos e a ampliación das instalacións.

No caso da Área Sanitaria de Vigo existe un grave problema de persoal e de espazos que impiden na actualidade dar cumprimento aos anuncios do goberno galego. A Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI situada na actualidade na segunda planta do centro integral de Taboada Leal é insuficiente, xa que non ten espazos para a instalación do novo material e equipos nin ten os quirófanos necesarios.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Incomprensiblemente, a unidade creada en 2010 foi excluída na reorganización do Hospital Álvaro Cunqueiro, a pesar de que xa entón presentaba unha situación límite na súa capacidade. Mais anos despois, a propia Consellería, recoñecía a necesidade de trasladala a un novo centro pola falla de espazo, decidindo a súa implantación no Hospital Meixoeiro, tal e como se recolle no Plan Funcional da Área Sanitaria de Vigo. Así, no ano 2023 a Consellería anunciaba o compromiso de reubicar a unidade para facilitar o traballo dos profesionais e a atención aos pacientes, mais que hoxe segue sen efectivizar. Por tanto, o traslado da unidade é un problema que o goberno galego vén arrastrando no tempo e que segue sen resolver.

Agora a aprobación do PGRHA 2024-2028 está aumentando a actividade da Unidade poñendo cada vez máis ao límite a súa capacidade. A pesar de que a Consellería vén anunciando a licitación das reformas no Meixoeiro, non hai un compromiso do goberno de que o traslado se poida realizar dentro do período de vixencia do actual Plan, o que suporía que Vigo non contará cos espazos necesarios para implementalo.

Resulta evidente a falla de planificación dunha Xunta de Galiza incapaz de facer unha previsión, nin no longo prazo nin no medio, xa que para alén da falla de previsión estratéxica, tamén vén adquirindo unha serie de material que en parte nin tan sequera podía instalar por falla de espazo. É por iso que a última proposta deslizada polo SERGAS de ampliar os turnos non deixa de ser un parche, ante unha situación que leva anos sen que a Xunta resolva.

A consecuencia é que as mulleres da Área Sanitaria de Vigo non poden acceder en igualdade de condición a este servizo por falta de espazo, de persoal e do material dispoñible necesario para o cumprimento dos compromisos marcados no Plan 2024-2028. Tamén son prexudicadas as mulleres de Ourense que teñen tamén esta unidade como referencia, logo de que a Xunta se negase a ampliar este servizo máis alá das cidades da Coruña, Santiago e Vigo. En paralelo o negocio privado ve aumentar a súa demanda,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xerando desigualdade no acceso aos tratamentos e maior mercantilización da capacidade reprodutiva das mulleres.

A Xunta de Galiza vén de comunicar hai apenas unhas semanas a licitación para a redacción do proxecto de execución e dirección de obra da reforma da área de reprodución asistida no Hospital Meixoeiro de Vigo, por un importe de 238.244 euros. As empresas terán até o 3 de setembro para presentar as súas ofertas, mais a Xunta non establece un prazo de execución. Tampouco a través doutras canles aclaran en que data entrará en funcionamento a nova área, nin cales son as medidas para garantir os dereitos das pacientes até que se produza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que data establece a Xunta de Galiza para a finalización das obras da Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI no Hospital Meixoeiro?
- Que data establece a Xunta de Galiza para que entre en funcionamento dita Unidade?
- Cal é o orzamento que vai destinar a Xunta de Galiza en 2026 para este fin?
- Cal é o cadro de persoal co que vai contar dita unidade?
- Como prevé a Xunta de Galiza que evolucione a demanda deste servizo nos próximos 20 anos?
- Considera a Xunta de Galiza que os espazos previstos darán cumprimento a esa demanda?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que os espazos previstos garanten o cumprimento da carteira de servizos prevista no Plan 2024-2028?

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir na Área Sanitaria de Vigo o cumprimento da carteira de servizos prevista no Plan 2024-2028 namentres no se realiza o traslado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/09/2025 18:04:08

Carmela González Iglesias na data 02/09/2025 18:04:18

María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2025 18:04:26

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2025 18:04:36

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/09/2025 18:04:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 18:06:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 18:06:30
Nº Rexistro: 33058
Data envío: 02/09/2025 18:06:30.941

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 18:20:00
Nº Rexistro: 33062
Data envío: 02/09/2025 18:20:00,204

Asinado o día 02/09/2025 ás 18:19
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o número de condenas penais e sobre o resarcimento obtido pola Xunta de Galiza dos danos e perdas provocados pola autoría de incendios forestais.

Asinado o día 02/09/2025 ás 18:19
Por Oscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto mentres Galiza, nomeadamente Ourense, sufría a peor vaga de lumes da súa historia, na que se produciron os tres maiores incendios nunca vividos en Galiza, o Sr. Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galiza entre os anos 2009 e 2022, manifestou a existencia dunha “actividade de terrorismo incendiario”, recoñecendo que sabía “que o 80% dos incendios son intencionados”.

Entre o ano 2009 e o 2024, ambos inclusive, Galiza sufriu case 40.000 incendios forestais nos que arderon case 300.000 hectáreas, o que, segundo as manifestacións de Núñez Feijoo, implicaría que, cando menos, 32.000 serían provocados dolosamente pola actividade humana.

Os incendios constitúen delitos tipificados na Secc. 2ª, do Capítulo II do Título XVII do vixente Código Penal, que ademais da responsabilidade penal que corresponda segundo as circunstancias concorrentes, implica a reparación do dano causado, tanto a particulares como as administracións públicas, polo que, tanto polo primeiro como polo segundo, resulta evidente a importancia da intervención da Xunta de Galiza instando a acción da Xustiza e participando activamente nos procedementos penais.

Asinado o día 02/09/2025 ás 18:18
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cantas sentenzas condenatorias, firmes, se produciron pola comisión de delitos tipificados na Secc. 2ª, do Capítulo II do Título XVII do Código Penal durante cada un dos exercicios comprendidos entre o ano 2009 e o 2024?

-Cantas persoas integrantes de brigadas forestais ou de equipas de extinción de incendios foron condenados pola comisión de delitos de incendios?

-Cal é o importe das cantidades percibidas pola Xunta de Galiza en concepto de responsabilidade civil derivada de ilícitos penais derivados de incendios producidos en cada un dos exercicios que abrangue o período entre os anos 2009 e 2024, ambos inclusive?

-En cantos, e cales, procedementos xudiciais penais formalizou persoamento a Xunta de Galiza a fin de poder solicitar a práctica de dilixencias e contribuír á persecución do responsábel dos delitos de incendios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/09/2025 18:18:50

Óscar Insua Lema na data 02/09/2025 18:19:12

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/09/2025 18:19:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 18:20:00
Nº Rexistro: 33062
Data envío: 02/09/2025 18:20:00.204



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 18:20:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2025 18:20:00
Nº Rexistro: 33062
Data envío: 02/09/2025 18:20:00,204

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 02/09/25
19:56
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás graves consecuencias da apertura da presa das Chás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presa Rio Porto do Rei Búbal, mais coñecida como presa das Chás, é un encoro situado no concello de Oímbra no río Porto do Rei Búbal, afluente do Támega, un río que foi declarado lugar de importancia comunitaria (LIC) no ano 2004 e posteriormente a zona de especial conservación (ZEC) no 2014.

Esta presa, situada nun entorno privilexiado e de alto valor ambiental, está destinada fundamentalmente á produción hidroeléctrica, e sufriu un baleirado catastrófico a finais do mes de xullo deste ano. Concretamente, e segundo os datos acadados, en poucos días a presa das Chás acabou de baleirarse completamente, provocando unha alteración severa do equilibrio hídrico da zona, afectando á fauna acuática coa morte de miles de peixes a flora de ribeira e ao abastecemento de regadío e usos locais. Un baleirado que non foi comunicado publicamente, e descoñécese quen ordenou ou executou a acción, en que momento se realizou, e en base a que xustificación técnica ou legal.

O día 12 de agosto de 2025, na zona da presa das Chás, no concello de Oímbra, produciuse un incendio forestal de grandes dimensións que afectou gravemente ao

Asinado o día 02/09/2025 ás
19:56
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 02/09/2025 ás 19:56
Por Secundino Fernández
Fernández



ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que incluso causou feridas graves a tres brigadistas municipais e arrasando máis de 30.000 hectáreas.

Este incendio, un dos mais grandes da historia de Galiza arrasou terras de Oímbra, Monterrei, Cualedro, Laza, Verín, Castrelo do Val, Trasmiras, Xinzo de Limia e Baltar e tamén afectou ao país veciño de Portugal.

O baleirado realizado desta maneira negligente impediu facer cargas dos equipos de extinción, facendo que a loita contra o lume fora máis difícil. A necesidade de mantela chea no verán e en época de alto risco de incendio é moi importante para a loita contra os incendios forestais, xa que é o único punto de carga de auga para helicópteros e motobombas nesa área. Coa presa baleira nin sequera os helicópteros poden cargar auga (a profundidade é mínima) nin as motobombas se poden achegar pola lama que rodea a pequena lámina de auga existente.

En consecuencia, para o Grupo Parlamentar do BNG a actuación negligente das autoridades competentes é moi grave, tanto por parte da Confederación Hidrográfica do Douro, á cal pertence este curso fluvial, como da Consellería de Medio Ambiente, e por suposto de ENDESA, en tanto que empresa concesionaria do encoro. Unha actuación que só merece un suspenso total e absoluto polo grave problema provocado, tanto de índole ambiental, morte de miles de peixes e afectación ao medio, como polas consecuencias do baleirado ao producirse na época de maior risco de lumes.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da grave situación provocada polo baleirado da presa Rio Porto do Rei Búbal ou das Chás?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece a Xunta de Galiza quen ordenou e executou este bárbaro baleirado?

Concedeu a Xunta de Galiza autorizacións para baleirar este encoro desta forma tan negligente?

Abriu algún expediente a Xunta de Galiza por esta actuación que trouxo consigo graves afeccións ao medio ambiente?

Cuantificou a Xunta de Galiza os danos ambientais, ecolóxicos e sociais deste baleirado?

Tomou a Xunta de Galiza algunha medida para restaurar os ecosistemas afectados e para garantir que non volvan a repetirse feitos similares?

Que opinión lle merece a Xunta de Galiza esta actuación en relación ao grave problema que xerou na loita contra o catastrófico incendio de Oímbra?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 02/09/2025 19:56:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/09/2025 19:56:32

Luis Bará Torres na data 02/09/2025 19:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33067
Data envío: 02/09/2025 19:59:15.782

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2025 19:59:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33067
Data envío: 02/09/2025 19:59:15.782

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de cumprir o acordo unánime de crear o Espazo Lugués na Rúa Olmos da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conxunto dos 12 murais de Urbano Lugués situados no baixo da Rúa Olmos da Coruña seguen en perigo e en severo risco de perda irrecuperábel.

Esta situación xa foi denunciada reiteradamente polo movemento asociativo e cultural da cidade e trasladado, a través de diferentes iniciativas, a esta cámara de representación do pobo galego.

De feito, grazas ao continuo impulso social e político, a Xunta incoou en marzo de 2024 o expediente para declarar BIC este conxunto muralístico único e singular. Con todo, após case un ano e medio, a declaración BIC segue pendente.

Mentres tanto, a Xunta mercou os murais, que están pintados directamente sobre as paredes do baixo e do entresollado dun edificio en ruínas, actualmente en vías de rehabilitación, e chegou a valorar a posibilidade de deslocalos a outro lugar para a súa rehabilitación e posterior exposición. Unha idea que finalmente non foi adiante á vista dos informes técnicos e económicos que desaconsellaban esta proposta e recomendaban recuperalos no seu propio espazo creativo.

Asinado o día 03/09/2025 ás
10:38
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 03/09/2025 ás
10:38
Por Mercedes Queixas Zas



Por esta razón, en maio de 2025 desde o BNG defendemos unha PNL neste Parlamento na que propoñiamos na parte resolutiva o seguinte acordo:

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar unha mesa de diálogo con outras administracións, como o Concello da Coruña e a Deputación da Coruña, co obxectivo de mercar o baixo da rúa Olmos da Coruña que contén os murais de Urbano Lugrís e crear nel o Espazo Lugrís como sede dun proxecto de dinamización cultural desde o que pór en valor esta obra.”

Esta proposta foi aprobada contando coa unanimidade dos grupos parlamentarios da cámara, mais o tempo transcorre e non se perciben avances na protección e conservación da obra de Urbano Lugrís nin na aplicación dos termos do acordo.

A preocupación social volve acrecentarse ás portas do inverno, pois a degradación do edificio continúa, así como a súa afectación á obra artística lugrisina.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cando prevé o goberno publicar a declaración BIC dos murais de Urbano Lugrís situados no baixo do edificio dos números 25-27 da Rúa Olmos?
- Que seguimento está a facer a Xunta da situación en que se encontran os murais conforme a protección que regula a incoación do expediente BIC?
- Esta a Xunta a impulsar e coordinar o proceso de diálogo para avanzar na creación do Espazo Lugrís?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que actuacións ten levado a cabo a Xunta desde a aprobación do acordo de maio de 2025?
- En que fase está o proceso de compra do baixo que acolle os murais de Urbano Lugrís?
- Reuniuse o goberno da Xunta coas outras administracións para avanzar na colaboración de cara á creación do Espazo Lugrís?
- Que compromisos asumiron as diferentes administracións implicadas?
- Con que planificación e cronograma está a traballar a Xunta para cumprir o acordo unánime parlamentario de maio de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2025 10:38:33

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2025 10:38:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 10:39:44
Nº Rexistro: 33075
Data envío: 03/09/2025 10:39:44.485

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 10:39:44
Nº Rexistro: 33075
Data envío: 03/09/2025 10:39:44.485

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 10:39:45

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Carmen Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez, Alberto Pazos Couñago e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos damnificados polos lumes cunha resposta áxil e eficaz.

No caso concreto das entidades locais o decreto aprobado pola Xunta establece axudas para facer fronte aos gastos derivados das actuacións realizadas como consecuencia dos incendios (gastos de obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos, uso de vehículos e maquinaria, limpeza e restauración ambiental) así como polos danos ocasionados en bens de titularidade municipal.

Estas achegas determinaranse a través de convenios de colaboración cos concellos pero tamén, como novidade, respecto á orde de axudas publicada en 2022 polo mesmo motivo, inclúense entre as actuacións subvencionables o resarcimento dos gastos en que incorresen os veciños pola súa colaboración na extinción.

Por todo o preguntado os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que características teñen as medidas promovidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte para apoiar ás administracións locais afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:32:52
Nº Rexistro: 33078
Data envío: 03/09/2025 11:32:52.999

Santiago de Compostela, 3 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 03/09/2025 11:24:08
Julio García Comesaña na data 03/09/2025 11:24:17
Argimiro Marnotes Fernández na data 03/09/2025 11:24:32
Paula Mouzo Mas na data 03/09/2025 11:24:42
Alberto Pazos Couñago na data 03/09/2025 11:25:00
Carmen Pomar Tojo na data 03/09/2025 11:25:14
María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/09/2025 11:25:22
Katherinie Varela Fernández na data 03/09/2025 11:25:31
Roberto Rodríguez Martínez na data 03/09/2025 11:25:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 11:32:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:32:52
Nº Rexistro: 33078
Data envío: 03/09/2025 11:32:52.999

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:49:17
Nº Rexistro: 33080
Data envío: 03/09/2025 11:49:17.422

Asinado o día 03/09/2025 ás 11:42
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Hai un documento de Angel de la Fuente titulado “Capital humano e Produtividade”, un traballo moi interesante para aqueles que cremos con firmeza que a Educación é o maior investimento para a sociedade e para o individuo que di nunha frase:

“O investimento na cantidade e calidade da Educación aparece como un dos mellores instrumentos de política dos que dispoñen os gobernos para influír sobre o crecemento da produtividade e, en última instancia, sobre o nivel de vida dos seus cidadáns”.

E unha parte dese investimento debe facerse nas instalacións escolares.

Os centros educativos xogan un papel esencial na educación de cada xeración. O seu conxunto é educativo, desde a infraestrutura física ata o traballo máis detallado nas aulas. Son centros de aprendizaxe non soamente en coñecementos, senón tamén en hábitos e rutinas que nos acompañarán ao longo de toda a nosa vida.

Uns baños adecuados contribúen, sen dúbida, á educación en hábitos de hixiene, de respecto e dignidade da persoa.

Asinado o día 03/09/2025 ás 11:42
Por Carlos López Font

Asinado o día 03/09/2025 ás 11:42
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113066

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:49:17
Nº Rexistro: 33080
Data envío: 03/09/2025 11:49:17.422

Pero o certo é que dada a antigüidade das infraestruturas educativas públicas da nosa cidade e a falta de investimentos por parte da Administración competente, a Xunta de Galicia, as necesidades reclamadas polos centros son moitas.

E tamén o Consello de Contas subliña que o obxectivo que incluía o plan de saúde mental para reducir as listas de espera só se cumpre en tres das sete áreas sanitarias e que hai falta de equidade no acceso a estes servizos.

Pero o Consello de Contas propón tamén ao Sergas unha serie de recomendacións.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a dotar dos recursos económicos para que os plans de saúde mental sexan suficientes e estean dispoñibles de maneira oportuna?
2. Está disposta a Xunta de Galicia a dotar economicamente o Sergas para ampliar a contratación de persoal especializado, para garantir acceso a servizos adecuados en saúde mental en todas as áreas sanitarias, e tendo en conta a resolución aprobada no Debate do Estado de Autonomía?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

113121

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 03/09/2025 11:44:44

Patricia Iglesias Rey na data 03/09/2025 11:44:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:57:42
Nº Rexistro: 33092
Data envío: 03/09/2025 11:57:42.340

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 11:57:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 11:57:42
Nº Rexistro: 33092
Data envío: 03/09/2025 11:57:42.340

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherine Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos damnificados polos lumes cunha resposta áxil e eficaz.

Con todo, máis aló das axudas directas, tamén están previstas medidas urxentes para actuar sobre os terreos queimados e paliar os posibles efectos da erosión polas choivas ou as escorrentías.

Nesta liña a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa ten en marcha medidas de protección fluvial no marco dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Así, Augas de Galicia está a aplicar diferentes técnicas para crear barreiras anticontaminación, recorrendo á instalación de cordóns vexetais ou elementos de madeira, entre outras.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

- Que iniciativas impulsa a Xunta de Galicia co obxecto de reducir os arrastres ocasionados pola última vaga de incendios?





- Que xestións está a efectuar o administración autonómica coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para coordinar posibles actuacións?

Santiago de Compostela, 3 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/09/2025 12:00:22

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/09/2025 12:00:33

Katherinie Varela Fernández na data 03/09/2025 12:00:44,03/09/2025 12:01:10

Cristina Campero Dorado na data 03/09/2025 12:01:01

María Deza Martínez na data 03/09/2025 12:01:22

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/09/2025 12:01:39

Carmen Pomar Tojo na data 03/09/2025 12:01:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 12:04:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:04:49
Nº Rexistro: 33093
Data envío: 03/09/2025 12:04:49.043

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:05:08
Nº Rexistro: 33094
Data envío: 03/09/2025 12:05:08,660

Asinado o día 03/09/25
12:02
Por María Deza Martí

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos damnificados polos lumes cunha resposta áxil e eficaz.

Con todo, máis aló das axudas directas, tamén están previstas medidas urxentes para actuar sobre os terreos queimados e paliar os posibles efectos da erosión polas choivas ou as escorrentías.

Nesta liña a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa ten en marcha medidas de protección fluvial no marco dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Así, Augas de Galicia está a aplicar diferentes técnicas para crear barreiras anticontaminación, recorrendo á instalación de cordóns vexetais ou elementos de madeira, entre outras.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que iniciativas impulsa a Xunta de Galicia co obxecto de reducir os arrastres ocasionados pola última vaga de incendios?

Asinado o día 03/09/2025 ás
12:02
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 03/09/2025 ás
12:02
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:05:08
Nº Rexistro: 33094
Data envío: 03/09/2025 12:05:08,660

Santiago de Compostela, 3 de setembro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/09/2025 12:02:00

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/09/2025 12:02:09

María Deza Martínez na data 03/09/2025 12:02:18

Cristina Campero Dorado na data 03/09/2025 12:02:29

José Luis Ferro Iglesias na data 03/09/2025 12:02:40

Carmen Pomar Tojo na data 03/09/2025 12:02:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/09/2025 12:03:10

Katherinie Varela Fernández na data 03/09/2025 12:03:58

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/09/2025 12:04:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 12:05:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:05:08
Nº Rexistro: 33094
Data envío: 03/09/2025 12:05:08,660

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:05:24
Nº Rexistro: 33095
Data envío: 03/09/2025 12:05:24.789

Asinado o día 03/09/25
11:52
Por María Deza Martí

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. De feito o obxectivo é que todas as persoas que teñan dereito ás axudas poidan recibilas, sen límite de importe total e cunha resposta áxil e eficaz. Así, estes apoios económicos saíron publicados ao día seguinte no Diario Oficial de Galicia e poden solicitarse de forma inmediata desde o luns 1 de setembro.

Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Todas as axudas aprobadas serán compatibles coas que, no seu caso estableza o Executivo estatal. A finalidade é que a reconstrución sexa o máis rápida posible.

No caso da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático porase a disposición dos titulares de infraestruturas de uso público afectadas polo lume na Rede galega de espazos protexidos e as Reservas de biosfera axudas económicas.

Ademais, convocouse unha segunda orde de axudas para compensar os titulares de terreos cinexeticamente ordenados (tecores) afectados polos incendios

Asinado o día 03/09/2025 ás
11:51
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 03/09/2025 ás
11:51
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- Que características teñen as medidas promovidas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para impulsar a reconstrución da zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?

Santiago de Compostela, 3 de setembro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/09/2025 11:51:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/09/2025 11:51:49

María Deza Martínez na data 03/09/2025 11:52:00

Cristina Campero Dorado na data 03/09/2025 11:52:09

José Luis Ferro Iglesias na data 03/09/2025 11:52:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/09/2025 11:52:37

Argimiro Marnotes Fernández na data 03/09/2025 11:52:52

Carmen Pomar Tojo na data 03/09/2025 11:53:05

Katherinie Varela Fernández na data 03/09/2025 11:53:46



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 12:05:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:05:24
Nº Rexistro: 33095
Data envío: 03/09/2025 12:05:24.789

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereja Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar á cidadanía e aos concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. De feito o obxectivo é que todas as persoas que teñan dereito ás axudas poidan recibilas, sen límite de importe total e cunha resposta áxil e eficaz. Así, estes apoios económicos saíron publicados ao día seguinte no Diario Oficial de Galicia e poden solicitarse de forma inmediata desde o luns 1 de setembro.

Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Todas as axudas aprobadas serán compatibles coas que, no seu caso estableza o Executivo estatal. A finalidade é que a reconstrución sexa o máis rápida posible. A través do Instituto Galego de Promoción Económica a Consellería de Economía e Industria impulsa unha liña de axudas directas para apoiar as empresas afectadas pola vaga de incendios.

Con esta medida o Goberno galego busca dar unha resposta rápida e eficaz ao impacto económico da vaga de lumes, mostrando o seu compromiso co tecido empresarial galego e coa recuperación das zonas máis afectadas.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que características teñen as medidas impulsadas pola Consellería de Economía e Industria para apoiar ás empresas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/09/2025 12:29:22

Cristina Sanz Arias na data 03/09/2025 12:29:38

María Deza Martínez na data 03/09/2025 12:29:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/09/2025 12:30:04

Miguel Fidalgo Iglesias na data 03/09/2025 12:30:40

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/09/2025 12:30:49

Ángel Rodríguez Conde na data 03/09/2025 12:31:02

Borja Vereza Fraiz na data 03/09/2025 12:31:19

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 03/09/2025 12:31:35



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 12:34:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 12:34:36
Nº Rexistro: 33102
Data envío: 03/09/2025 12:34:36,944

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:17:24
Nº Rexistro: 33123
Data envío: 03/09/2025 13:17:24.305

Asinado o día 03/09/2025 ás 13:15
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

Actualmente, estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do Goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

Asinado o día 03/09/2025 ás 13:15
Por Carlos López Font

O fabuloso traballo das persoas profesionais sanitarias e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está a ser valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de Sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón que pronto abrirá o Olimpia Valencia que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Todo parece indicar que o novo Olimpia Valencia, concentraranse os pediatras que viñan traballando nos centros de saúde de López Mora, Nicolás Peña, Pintor Colmeiro e Coia.

Asinado o día 03/09/2025 ás 13:15
Por Elena Espinosa Mangana

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113140

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:17:24
Nº Rexistro: 33123
Data envío: 03/09/2025 13:17:24.305

Está disposta a Xunta de Galicia a poñer en marcha os recursos económicos necesarios para continuar a atención pediátrica nos centros de saúde de Coia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña e dotar de novos pediatras o futuro centro Olimpia Valencia?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

113141

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 03/09/2025 13:15:17

Carlos López Font na data 03/09/2025 13:15:31

Patricia Iglesias Rey na data 03/09/2025 13:15:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:17:24
Nº Rexistro: 33123
Data envío: 03/09/2025 13:17:24.305

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:17:24
Nº Rexistro: 33123
Data envío: 03/09/2025 13:17:24.305

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 13:17:25

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a exclusión do galego na campaña “¿Conoces nuestros pescados protectores?”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de agosto, INTERFISH (a Organización Interprofesional da Pesca en España) presentou unha campaña de divulgación baixo o lema “¿Conoces nuestros pescados protectores?” para divulgar os beneficios do consumo do peixe azul. En concreto, do marraxo, a quenlla e o peixe espada.

Esta campaña conta co apoio da Xunta de Galiza, que tamén participou na presentación e cuxo logotipo figura en todas as imaxes que se están a divulgar por todo o país e na publicidade nos medios de comunicación. Esta campaña tamén inclúe unha ruta cunha “foodtruck” por diferentes localidades na que se ofrecen degustacións dos devanditos peixes. Segundo a súa propia páxina web, esta “foodtruck” xa pasou por Burela, Viveiro, Miño, Ribeira, Boiro, Marín, Bueu, Vigo, A Guarda e Oia.

Esta campaña, segundo esta mesma información da propia web, só está a ter lugar en Galiza, polo que resulta aínda máis absurdo, e contrario a toda a normativa referente aos usos lingüísticos por parte da administración galega, que só se faga en castelán.

Artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

Artigo 4.3 da Lei de Normalización Lingüística:

Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

O uso xeneralizado do nome dos peixes en castelán en toda esta campaña resulta, ademais de contrario á normativa e aos supostos obxectivos de normalización lingüística deste goberno, contrario aos usos lingüísticos maioritarios da cidadanía.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a súa colaboración con campañas públicas nas que se exclúe a lingua galega?
- A que se debe que a campaña de Interfish para divulgar o consumo de quenlla, marraxo e peixe espada, coa que colabora a Xunta de Galiza, exclúa a lingua galega?
- En que consiste a colaboración do goberno galego con esta campaña?
- Cal é o obxectivo de divulgar o consumo de peixe en Galiza excluindo a lingua galega?
- Ten previsto o goberno galego corrixir a exclusión da lingua galega desta campaña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2025 13:47:47

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2025 13:47:53

Daniel Castro García na data 03/09/2025 13:48:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 03/09/2025 13:50:07,692

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 13:50:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 33126
Data envío: 03/09/2025 13:50:07.692

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de garantir o dereito de acceso público conforme a demanda á Casa Cornide como BIC por parte da familia Franco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de agosto a Casa Cornide abríase ao público por primeira vez, máis de 2 anos despois de ser declarada BIC.

Os herdeiros do ditador Francisco Franco, titulares da Casa Cornide tras un procedemento de apropiación patrimonial hoxe demostrado como fraudulento, abriron ao público a Casa Cornide, dando por fin cumprimento ao determinado na Lei de patrimonio cultural de Galiza após a declaración BIC para a Casa Cornide.

As primeiras visitas comprobaron como os Franco arrasaron con todos os bens mobles do interior da Casa Cornide, un inmóbel baleiro que era previsíbel após reiteradas denuncias públicas da poboación coruñesa testemuñando a entrada e saída de furgonetas e vehículos de mudanzas do seu interior.

No entanto, o goberno galego declinou actuar ante estes acontecementos e renunciou a elaborar un inventario patrimonial dos bens da Casa Cornide, o que imposibilita coñecer as dimensións deste novo espolio da familia Franco.

A Lei de patrimonio cultural galega obriga a abrir os espazos BIC ao público un mínimo de catro días ao mes durante catro horas cada día, de forma gratuíta. Os Franco

Asinado o día 03/09/2025 ás
14:12
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 03/09/2025 ás
14:12
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

decidiron que esta visita sería accesíbel unicamente os luns de 9 a 13 horas, limitándoa a 5 persoas en cada quenda horaria, isto é, 20 persoas por día. Asemade, prohíbese aos visitantes gravar imaxes, sons ou facer fotografías.

Desde o primeiro momento que foi activada a web para a reserva de visitas comprobouse o altísimo interese social por acceder á Casa Cornide, de forma que aos poucos días era imposíbel ter cita antes do mes de febreiro de 2026.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Por que o goberno non elaborou un inventario patrimonial dos bens mobles da Casa Cornide?
- Como valora que na primeira visita pública á Casa Cornide a primeira constatación sexa atopar un espazo baleiro?
- Como valora que os Franco practicasen un novo espolio na Casa Cornide?
- Que actuacións está a levar a cabo a Xunta para recuperar este patrimonio colectivo?
- Pensa o goberno que a oferta de mínimos imposta pola familia Franco para acceder á Casa Cornide é suficiente?
- Entende que se está a garantir o dereito de acceso público á vista da listaxe de agarda de máis de 6 meses?
- Concorde o goberno do PP coa prohibición de gravar imaxes, sons ou facer fotografías no interior da Casa Cornide?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2025 14:12:42

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2025 14:12:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33130
Data envío: 03/09/2025 14:13:41.594

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 14:13:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33130
Data envío: 03/09/2025 14:13:41.594

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33133
Data envío: 03/09/2025 14:18:30,727

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

Os incendios forestais son un dos principais problemas estruturais que sofre Galicia, cun impacto devastador sobre a seguridade das persoas, o territorio, a biodiversidade, a economía rural.

Como levamos anos advertindo asistimos a unha evolución preocupante: xa non falamos só de incendios de cuarta xeración, senón tamén de lumes de quinta e sexta xeración, caracterizados pola súa extrema intensidade, a capacidade de xerar fenómenos convectivos propios de tormentas de lume e pola dificultade para ser controlados cos medios de extinción tradicionais.

Ante este novo escenario, a prevención convértese na única ferramenta eficaz para minimizar os riscos e danos, reducindo a carga de combustible acumulado no monte, mellorando a accesibilidade para os equipos de extinción e creando infraestruturas estratéxicas que permitan frear a propagación do lume.

Non obstante, os feitos amosan unha realidade preocupante: a Xunta de Galicia non está a executar en prazo nin de maneira eficiente os orzamentos destinados á prevención. As convocatorias publícanse tarde, as resolucións acumulan meses de demora, e boa parte dos fondos consignados permanecen bloqueados, sen chegar a se materializaren en traballos efectivos sobre o territorio no tempo útil para reducir o risco de grandes incendios.

No exercicio 2025, existen millóns de euros comprometidos en orzamento que seguen pendentes de execución.

Asinado o día 03/09/2025 ás
14:17
Por Lara Méndez López

Asinado o día 03/09/2025 ás
14:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113152

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33133
Data envío: 03/09/2025 14:18:30,727

Esta situación non só constitúe unha grave irresponsabilidade política, senón que incrementa de maneira directa a vulnerabilidade do territorio fronte á vaga de incendios que cada verán arrasa Galicia.

Por todo isto, resulta imprescindible que se coñeza polo miúdo: que orzamento se destinou realmente á prevención de incendios forestais dende o ano 2022 ata a actualidade, canto se executou efectivamente, en que concellos e parroquias, e que actuacións concretas se realizaron. Só con transparencia e planificación se poderá avaliar a eficacia das políticas públicas nesta materia.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir que a partires do ano 2026 a planificación preventiva se realice con antelación suficiente, de maneira que as actuacións estean executadas antes do inicio da campaña de alto risco?
2. Cal foi o orzamento executado pola Xunta de Galicia para a prevención de incendios forestais dende maio de 2022 ata a actualidade, especificado por anualidades?
3. Que cantidade quedaron sen utilizar?
4. Cales foron as actuacións concretas de prevención realizadas en cada concello e parroquia de Galicia, especificando o tipo de intervención (rozas, cortalumes, mellora de pistas forestais, repoboacións, silvicultura preventiva, ..?)
5. Que actuacións se realizaron nos montes conveniados pola Xunta de Galicia, con especificación de obra, orzamento e monte concreto?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33133
Data envío: 03/09/2025 14:18:30,727

6. Cantas comunidades de montes veciñais en man común e cantas mancomunidades foron beneficiarias destas actuacións dende 2022 ata a actualidade, que obras realizaron e con que orzamento específico?

7. Que causas explican as demoras acumuladas na adxudicación de obras e na resolución de subvencións en materia de prevención, que a mediados de agosto aínda permanecen pendentes en boa parte?

8. Ten previsto o Goberno galego habilitar liñas extraordinarias de apoio a aqueles concellos e comunidades de montes que se viron prexudicados pola falla de execución dos orzamentos preventivos?

Parlamento de Galicia, 3 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

113154

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2025 14:17:47

Lara Méndez López na data 03/09/2025 14:17:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33133
Data envío: 03/09/2025 14:18:30,727

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 33133
Data envío: 03/09/2025 14:18:30,727

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 14:18:31

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ao cumprimento do RD 150/2023, de aprobación dos POEM, no referido aos puntos de vertido de material dragado establecidos no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 150/2023, do 28 de febreiro, polo que se aproban os plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) das cinco demarcacións mariñas do Estado español, recolle, no POEM da demarcación mariña noratlántica, que toda a parte exterior da ría de Arousa está considerada como Zona de Uso Prioritario para a Biodiversidade, derivada da superposición de numerosas figuras de espazos protexidos: O Parque das Illas Atlánticas de Galiza, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, os espazos protexidos da Rede Natura 2000 ZEC ES1140004 Complexo Ons-O Grove, a ZEPA ES0000554, Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental, a área protexida por instrumentos internacionais declarada no marco do Convenio OSPAR, Espazo mariño das rías baixas de Galiza, entre outras.

Ese mesmo RD inclúe zonas de vertido de material dragado, identificadas como zonas de alto potencial para a actividade portuaria nas cinco demarcacións mariñas. Ningunha destas zonas está ubicada na ría de Arousa, atendendo, precisamente, a esa importancia ambiental recoñecida, que fai claramente incompatible a preservación desa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

riqueza natural e da biodiversidade mariña coa autorización de vertidos procedentes de dragados nesa mesma área.

No mes de abril deste ano, o CEDEX (Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas) vén de recomendar como opción prioritaria para verter os lodos de dragados o denominado punto B, situado preto do lugar que se veu utilizando nas últimas décadas para esta mesma finalidade, ubicado na parte exterior da illa de Sálvora (punto E8), a tan só 1,8 quilómetros cara o exterior da ría.

Así, aínda que o Ministerio de Transición Ecolóxica reconece a necesidade de preservar a importante riqueza natural desta zona, a Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña vén de emitir un informe no que sitúa o novo punto de vertido a menos de 2 quilómetros do prohibido no 2021, precisamente por motivos ambientais despois de se teren depositado nel máis de 3 millóns de metros cúbicos de material de dragado.

Aínda que é preciso avanzar nos dragados pendentes, isto non pode significar que se siga prexudicando a contorna de Sálvora e a ría de Arousa, pola importancia ambiental, social e económica da mesma.

Este Grupo Parlamentario considera que non é posíbel aceptar unha alternativa que tería un impacto negativo na zona e é necesario buscar unha opción sustentábel e respectuosa co medio, na liña do aprobado no Parlamento galego no ano 2019, que rexeitaba converter as rías galegas nun vertedoiro.

É, por tanto, necesario valorar opcións alternativas, como o tratamento en terra firme dos áridos extraídos, para non afectar aos ecosistemas das rías e, especialmente, ao espazo da illa de Sálvora e a súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da preservación da grande riqueza ambiental e do valor produtivo da ría de Arousa co expresado no recente informe da Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña?

. Considera que o punto de vertedura de material dragado (o denominado punto B) na ría de Arousa, e preto da illa de Sálvora, priorizado por esa Subdirección Xeral, é compatíbel co establecido no Real Decreto 150/2023, polo que se aproban os POEM?

. Entende que se axusta á legalidade declarar no POEM a zona como de Uso Prioritario para a Biodiversidade ao tempo que valorar autorizar a vertedura de materiais de dragado na mesma? Se non é así, que accións vai levar a cabo ao respecto?

. Realizou o Goberno galego, ou dispón dalgún estudo ou valoración sobre o tratamento do material procedente de dragados en terra firme? De ser así, a que conclusións chega? No caso contrario, vai levar a cabo algún traballo nese sentido?

. Vai axustarse, e solicitar ao Goberno do Estado que se axuste á legalidade vixente no referido ás figuras de protección do zona exterior da ría de Arousa e aos puntos de depósito de material dragado establecidos na lexislación actual?

. Atendendo ao gran valor ambiental, social e económico da ría de Arousa, recoñecido en distintas normativas, está disposto a buscar alternativas aos puntos de vertido considerados no recente informe da Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña, do Ministerio de Transición Ecolóxica? De ser así, que actuacións concretas vai desenvolver?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 03/09/2025 17:32:57

Carmela González Iglesias na data 03/09/2025 17:33:09

Daniel Castro García na data 03/09/2025 17:33:16

Daniel Pérez López na data 03/09/2025 17:33:32

Paulo Ríos Santomé na data 03/09/2025 17:33:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 17:36:35
Nº Rexistro: 33154
Data envío: 03/09/2025 17:36:35.571

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 17:36:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 17:36:35
Nº Rexistro: 33154
Data envío: 03/09/2025 17:36:35.571

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de abrir un centro de día no concello de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Política Social ten total coñecemento de que ten a posibilidade de abrir un centro de día público na comarca da Costa da Morte, concretamente no municipio de Corcubión, pois ten á súa disposición dende fai anos un edificio completamente listo e preparado para ofrecer ese servizo, e que só precisa o mobiliario e o persoal para poñelo a funcionar, e que conta cunha capacidade para 22 usuarios.

O ano pasado, o presidente da Xunta anunciaba que ían financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores de diversa índole, ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais, máis esqueceuse do noso caso, deste edificio en Corcubión, que non fai falla construílo, porque xa está feito, por certo, sen un só euro de investimento da Xunta de Galiza.

Na nosa comarca, como ben saben, non existen centros de día, os máis cercanos que existen están en Cabana de Bergantiños e en Muros, polo que calquera veciño de Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muxía, Vimianzo, Zas, Camariñas, Mazaricos ou Laxe non ten posibilidade de acceder a unha praza nun centro de día da rede pública no seu municipio, e tería que percorrer ata máis de 50 quilómetros para ir ao centro máis próximo, se conseguise praza no mellor dos casos.

Asinado o día 03/09/2025 ás
18:02
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 03/09/2025 ás
18:02
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste pasado mes de agosto o alcalde de Corcubión entregou a través do rexistro do Parlamento máis de 1300 sinaturas recollidas polo propio Concello e por distintos colectivos; sinaturas de veciños e veciñas que solicitan a apertura inmediata deste servizo tan demandado e que sexa xestionado pola Xunta de Galiza.

Neste sentido, o propio alcalde de Corcubión ten solicitada en numerosas ocasións, ata cinco veces, unha cita coa Conselleira de Política Social, Dña Fabiola García, para tratar este tema crucial e fundamental para a nosa comarca, sen recibir a día de hoxe resposta algunha e sen recibir unha data para axendar dita reunión, namentres recibe día tras día a outros alcaldes do partido popular de Galiza.

Descoñecemos as razóns polas cales a Consellería se nega xa non só a incluír no Consorcio Galego de Benestar este centro e a poñelo en marcha de forma inmediata, senon a reunirse cos representantes do goberno municipal.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cales son as razóns polas que a Consellería de Política Social discrimina ao concello de Corcubión e á Costa da Morte por negarlle a apertura dun centro de día público ou por negarlle unha reunión ao alcalde de Corcubión, que leva esperando dous anos por ela?
- Que criterio segue a Consellería para recibir aos alcaldes e alcaldesas galegas? adscrición partidaria? orde cronolóxica das solicitudes? oportunismo político?
- Que valoración fai a Consellería sobre as máis de mil trescentas sinaturas presentadas neste parlamento de veciños e veciñas de Corcubión e comarca pedindo a apertura do centro de día?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as razóns polas que a Consellería se nega a incluír os edificios ofrecidos polo concello de Corcubión no consorcio Galego de Benestar e abrir o tan demandado centro de día, cando ten abertos outros moitos centros en Galiza que actualmente segue a xestionar?

- Que previsións ten a Consellería para dar unha solución definitiva a esta demanda social?

- Ten previsto o goberno galego construír algún centro de día público máis na Costa da Morte para o 2026? E algunha residencia pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 03/09/2025 18:02:34

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2025 18:02:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 18:03:48
Nº Rexistro: 33159
Data envío: 03/09/2025 18:03:48,340

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 18:03:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 18:03:48
Nº Rexistro: 33159
Data envío: 03/09/2025 18:03:48,340

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza para a mellora dos servizos aeroportuarios galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A areoliña Ryanair, ven de anunciar un dos maiores recortes ao transporte aéreo en Galiza, co peche da base operacional no aeroporto de Santiago de Compostela e a redución drástica de rutas e itinerarios tanto no aeroporto de Vigo como no de Santiago de Compostela.

Non é a primeira vez que esta empresa recorta servizos no noso país, xa que neste mesmo ano 2025, os aeroportos galegos xa sufriron unha merma nos seus servizos aeroportuarios por parte de Ryanair.

O servizo de transporte aéreo é unha peza importante nunha mobilidade intermodal que debера ser o camiño a seguir para dotar ao pobo galego dun servizo áxil e moderno que vertebre o noso país, e é aínda máis importante se analizamos a situación actual da mobilidade ferroviaria e por estrada en Galiza, que dificulta certos desprazamentos aos que dá resposta o avión.

Decisións como as que acaba de tomar a compañía irlandesa demostran que unha planificación sensata e de futuro para a nosa mobilidade pasa pola coordinación e

Asinado o día 03/09/2025 ás
18:19
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 03/09/2025 ás
18:19
Por Paulo Ríos Santomé





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a planificación das administracións públicas, que son as que deben garantir uns servizos de calidade para a sociedade galega.

Así pois demóstrase prexudicial para o interese xeral, que un servizo desta importancia dependa dos intereses e lucros privados de empresas como Ryanair, que chantaxean ás administracións públicas, con eliminación de servizos e a posta en risco de postos de traballo, para conseguir unhas mellores condicións de explotación do servizo.

A Xunta de Galiza do Partido Popular semella estar de parte da empresa, cando xustifica a eliminación de servizos e o despedimento de profesionais, á negativa de AENA a unha rebaixa das taxas aeroportuarias e á negativa do estado español a agasallar a Ryanair con máis axudas públicas.

É por iso que as diferentes administracións implicadas deben abrir un proceso de diálogo para explorar alternativas a esta situación, e planificar o futuro dos diferentes aeroportos galegos dun xeito racional e autocentrado, poñendo por diante a coordinación e non a competición entre eles.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para mellorar os servizos aeroportuarios en Galiza após o recorte de servizos levado a cabo pola empresa Ryanair?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 03/09/2025 18:19:07

Luis Bará Torres na data 03/09/2025 18:19:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 18:20:45
Nº Rexistro: 33166
Data envío: 03/09/2025 18:20:45.821

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 18:20:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2025 18:20:45
Nº Rexistro: 33166
Data envío: 03/09/2025 18:20:45.821

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33170
Data envío: 03/09/2025 19:57:22.156

Asinado o día 03/09/25
19:55
Por José Luis Ferro Iç

Á Mesa do Parlamento

María Deza Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O Goberno autonómico aprobou o pasado 28 de agosto nun Consello extraordinario da Xunta de Galicia un paquete de medidas para impulsar a reconstrución das zonas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán.

Trátase dunha serie de achegas dirixidas a apoiar os cidadáns e os concellos que prevé axudas para a recuperación de vivendas, explotacións agrogandeiras, negocios ou instalacións municipais.

O Goberno galego está a realizar un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. De feito o obxectivo é que todas as persoas que teñan dereito ás axudas poidan recibilas, sen límite de importe total e cunha resposta áxil e eficaz. Así, estes apoios económicos saíron publicados ao día seguinte no Diario Oficial de Galicia e poden solicitarse de forma inmediata desde o luns 1 de setembro.

Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado.

Todas as axudas aprobadas serán compatibles coas que, no seu caso estableza o Executivo estatal. A finalidade é que a reconstrución sexa o máis rápida posible

No caso concreto da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, os afectados xa teñen abertas distintas liñas de axudas para facer fronte á reconstrución dos seus fogares e para a reposición do enxoval doméstico

Ademais, os afectados polos incendios tamén poderán beneficiarse de axudas complementarias para o realoxo mentres se rehabilitan as vivendas danadas sempre que fose domicilio habitual do solicitante

Asinado o día 03/09/2025 ás
19:55
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 03/09/2025 ás
19:54
Por María Deza Martínez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





É polo que as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

1. Que características teñen as medidas promovidas pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para impulsar a recuperación das vivendas afectadas pola vaga de lumes forestais deste verán?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Deza Martínez na data 03/09/2025 19:54:59
Carmen Pomar Tojo na data 03/09/2025 19:55:22
José Luis Ferro Iglesias na data 03/09/2025 19:55:31
Cristina Campero Dorado na data 03/09/2025 19:55:41
Argimiro Marnotes Fernández na data 03/09/2025 19:55:49
Rubén Lorenzo Gómez na data 03/09/2025 19:56:12
Roberto Rodríguez Martínez na data 03/09/2025 19:56:21
Gonzalo Trenor López na data 03/09/2025 19:56:27
Katherinie Varela Fernández na data 03/09/2025 19:56:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/09/2025 19:57:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 33170
Data envío: 03/09/2025 19:57:22.156

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de a Xunta comprometerse coa oferta de vivenda pública nos soares cedidos polo Concello da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Coruña presenta unha elevada demanda de vivenda pública após 16 anos dun goberno do Partido Popular que renunciou a desenvolver unha política pública de vivenda nunha cidade que, ao mesmo tempo, se ten convertido na máis cara para alugar, nunha escalada continua que a levou a ser declarada oficialmente zona tensionada o pasado mes de xullo.

O pasado mes de xuño a Xunta asinou un convenio co Concello da Coruña polo cal este lle cedía á Xunta catro parcelas municipais para a construción de vivendas públicas, concretamente no barrio dos Rosais e nas rúas Rey Abdullah e Pedro Fernández.

Na nota de prensa do goberno destácase que “xa ten en marcha as licitacións da redacción dos proxectos para construír un cento de vivendas públicas, cun investimento autonómico estimado de preto de 19M”, mais non se menciona ningún compromiso de datas de remate das obras e dispoñibilidade das tan necesarias vivendas.

Asinado o día 04/09/2025 ás
09:38
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 04/09/2025 ás
09:38
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que prazo estarán accesíbeis as vivendas construídas nos catro soares cedidos á Xunta polo Concello da Coruña?
- Cantas vivendas serán públicas?
- Como será o acceso a esas vivendas?
- As vivendas públicas ofertaranse na modalidade de venda ou de aluguer? Cantas estarán dispoñíbeis en cada modalidade?
- Vai a Xunta atender a elevada demanda de acceso á vivenda pública en réxime de aluguer que hai na Coruña por parte da mocidade matriculada en estudos superiores nunha cidade que non conta con ningunha praza de residencia pública da Xunta?
- Como vai garantir o acceso á vivenda digna e asequíbel nas vivendas públicas construídas pola Xunta nestes soares de cesión municipal?
- Que prazo compromete o goberno para a finalización das obras e a dispoñibilidade de uso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/09/2025 9:38:48

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2025 9:38:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 09:39:26
Nº Rexistro: 33171
Data envío: 04/09/2025 09:39:26.086

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 9:39:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 09:39:26
Nº Rexistro: 33171
Data envío: 04/09/2025 09:39:26.086

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 04/09/2025
10:36
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a responsabilidade da Xunta de Galiza na extinción do incendio activo no vertedoiro de residuos non perigosos do concello da Rúa.

Asinado o día 04/09/2025 ás
10:36
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incendio forestal que comezou en Seadur no concello de Larouco converteuse no incendio forestal máis grande da historia de Galiza; arrasando ao seu paso preto de 40.000 has de monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas. A situación orixinada por este incendio e as súas consecuencias mostran perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Na xornada do 15 de agosto este incendio forestal atravesou o río Sil na franxa máis oriental do Concello da Rúa. No seu percorrido inicial o lume tomou dúas dirección principais:

A primeira delas en sentido norte, danando seriamente distintas instalacións e naves do Polígono Industrial das Pedreiras e rodeando tamén o lugar de Roblido, que sobreviviu ás lapas co único traballo dos seus veciños e veciñas.

Asinado o día 04/09/2025 ás 10:36
Por Secundino Fernández
Fernández



A segunda, en sentido oeste, avanzou cara o núcleo de poboación da Rúa, ameazando varias casas, o Parque de Bombeiros comarcal e incluso a Residencia da Terceira Idade dos Pinos, que houbo de ser desaloxada como medida preventiva.

Foi esta segunda lingua de lume a que avanzou cara o núcleo de poboación e incendiou o vertedoiro de RNPs titularidade do Concello da Rúa. Este vertedoiro acolle un único residuo de tipo téxtil e, nomeadamente, moqueta para automóviles. Ese residuo leva queimando de forma continuada dende o día 15 de agosto.

O Concello da Rúa ante esta grave situación, demandou desde o primeiro momento, a súa necesidade de axuda ante a imposibilidade de acceder por medios propios aos recursos materiais, técnicos e humanos necesarios para afrontar un traballo desa envergadura, como é o apagado de dito vertedoiro. Así, solicitouse axuda a diversas administracións; e por suposto a Xunta de Galiza que é a administración competente na loita contra os incendios forestais, orixe do incendio do vertedoiro. Só a Deputación de Ourense respondeu as demandas e amosado a súa vontade de colaborar co concello da Rúa e así o pasado 30 de agosto comezaron as complexas obras de apagado de dito vertedoiro.

Dende o BNG valoramos dun xeito totalmente negativo a actuación da Xunta de Galiza neste caso. Non entendemos a prepotencia e cerrazón do goberno de Rueda de negarse a asumir as súas responsabilidades no incendio da Rúa poñendo en perigo a saúde da veciñanza. Un incendio que aparte dos inmensos danos económicos sociais e ambientais que trouxo consigo en toda a comarca de Valdeorras e a veciña Quiroga tamén trae consigo esta grave situación que pon en risco a saúde das veciñas e veciños da Rúa e os concellos limítrofes.

Para o Grupo Parlamentar do BNG a actuación da conselleira do Medio Rural e do presidente da Xunta merecen un suspenso total e absoluto e polo tanto non deberían





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguir a fronte do goberno de Galiza. Un goberno que abandona ás mulleres e homes do noso rural, e non actúa diante dun dano económico, social e medioambiental sen precedentes.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Por que a Xunta de Galiza permitiu que este incendio de Larouco se espallara sen control?
- Por que a Xunta de Galiza non actuou ao seu debido momento para atallar un incendio que comezou nun so foco?
- Por que a Xunta de Galiza se nega a apagar a parte deste incendio forestal que sigue activa no vertedoiro da Rúa?
- Por que o sr Rueda fixo caso omiso as demandas do concello da Rúa para apagar este incendio que pode traer problemas para a saúde da poboación afectada?
- Vai asumir a Xunta de Galiza as súas competencias na loita contra incendios e facerse cargo das accións encamiñadas a rematar con este lume?
- Vaise a Xunta de Galiza pórse en contacto coa Deputación de Ourense, administración que está asumindo inicialmente os traballos no vertedoiro, para facerse cargo deste cometido e sufragar os custos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 04/09/2025 10:36:37

Luis Bará Torres na data 04/09/2025 10:36:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/09/2025 10:36:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 10:38:01
Nº Rexistro: 33178
Data envío: 04/09/2025 10:38:01.441

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 10:38:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 10:38:01
Nº Rexistro: 33178
Data envío: 04/09/2025 10:38:01.441

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 11:37:24
Nº Rexistro: 33184
Data envío: 04/09/2025 11:37:24.528

Asinado o día 04/09/2025 ás 11:34
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Julio Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

A conservación e posta en valor do patrimonio cultural galego debe estar acompañada dunha xestión áxil e eficaz por parte das administracións competentes.

Pero a realidade do servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia é outra, xa que existe un bloqueo sistemático de expedientes clave, que comprometen a recuperación de moitos inmobles, espazos públicos e elementos históricos de alto valor cultural e social en moitos Concellos.

Un caso especialmente grave é o da Casa Jaureguizar, en Vilagarcía de Arousa, cuxo proxecto de rehabilitación leva máis de catro anos pendente de autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O inmoble, que será destinado a centro de atención a persoas maiores, conta con financiamento xa concedido en 2021 polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, por importe de 884.200 euros. O encarecemento dos materiais e o paso do tempo están a pór en risco a viabilidade económica da obra.

Non se trata dunha situación illada. No mesmo municipio, permanece sen resolver o permiso para a humanización da rúa Vicente Risco, intervención prevista no ámbito protexido da Praza de España, e que conta cun investimento comprometido de 400.000 euros. Trátase dunha obra integral de

Asinado o día 04/09/2025 ás 11:34
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 04/09/2025 ás 11:34
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113185

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 11:37:24
Nº Rexistro: 33184
Data envío: 04/09/2025 11:37:24.528

transformación urbana, con pavimentos de granito, arborado e limitación do tráfico rodado, que melloraría substancialmente o entorno urbano.

Ademais, o Concello segue á espera, desde febreiro, da autorización para a colocación do escudo de López Ballesteros na praza da Independencia, un elemento simbólico sen complexidade técnica, cuxa demora resulta difícil de xustificar.

Estes exemplos poñen de manifesto unha deficiencia estrutural na capacidade da Dirección Xeral de Patrimonio para tramitar os expedientes en prazos razoables, mesmo cando se trata de actuacións promovidas por administracións públicas, con financiamento e proxectos xa preparados.

A conservación do patrimonio non se pode converter nun obstáculo burocrático que paralice a acción institucional nin que deteriore os dereitos sociais e culturais da cidadanía.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que o patrimonio cultural pode seguir bloqueado por falta de recursos humanos ou por procesos administrativos ineficaces?
2. É deber do Goberno galego garantir unha xestión áxil, transparente e eficiente, á altura do valor que representa o patrimonio para Galicia?
3. Entende o Goberno galego como necesidade urxente mellorar a capacidade operativa da Dirección Xeral de Patrimonio?.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

113186

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 11:34:21

Julio Abalde Alonso na data 04/09/2025 11:34:39

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2025 11:34:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 11:37:24
Nº Rexistro: 33184
Data envío: 04/09/2025 11:37:24.528

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 11:37:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 11:37:24
Nº Rexistro: 33184
Data envío: 04/09/2025 11:37:24.528

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Raúl Santamaría González, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O anuncio feito hoxe pola empresa Ryanair de que reducirá as súas operacións nos aeroportos rexionais españois é unha mala noticia para Galicia.

A decisión, que a compañía aérea xustifica polo incremento das taxas de Aena (a empresa pública estatal que xestiona os aeroportos españois e que depende do Ministerio de Transportes) afectará directamente ás terminais de Santiago e Vigo e prexudicará tanto aos visitantes como aos galegos no seu conxunto, que verán reducirse as súas posibilidades de mobilidade e tamén as oportunidades de negocio ao diminuír de xeito notorio a oferta de prazas e de destinos.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego do anuncio de Ryanair de reducir as súas operacións nos aeroportos de Galicia?
2. Que opina o Goberno galego do papel que xoga o Goberno central neste problema?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 04/09/2025 11:43:38
Raúl Santamaría González na data 04/09/2025 11:43:47
Carmen Pomar Tojo na data 04/09/2025 11:44:04
José Luis Ferro Iglesias na data 04/09/2025 11:44:17
Cristina Campero Dorado na data 04/09/2025 11:44:27
María Deza Martínez na data 04/09/2025 11:44:35
Argimiro Marnotes Fernández na data 04/09/2025 11:44:45
Rubén Lorenzo Gómez na data 04/09/2025 11:44:54
Roberto Rodríguez Martínez na data 04/09/2025 11:45:01
Katherinie Varela Fernández na data 04/09/2025 11:45:08



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 11:47:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 11:47:14
Nº Rexistro: 33188
Data envío: 04/09/2025 11:47:14.229

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:16:51
Nº Rexistro: 33191
Data envío: 04/09/2025 12:16:51.247

Asinado o día 04/09/2025 ás 12:14
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

A organización dos horarios lectivos nos centros educativos debe responder aos principios de racionalidade pedagóxica, conciliación familiar, igualdade de acceso aos servizos públicos e respecto á autonomía da comunidade educativa.

Porén, diferentes comunidades escolares veñen denunciando dificultades para modificar horarios escolares claramente prexudiciais, como o caso do CEIP de Rubiáns, en Vilagarcía de Arousa.

O CEIP de Rubiáns, situado no concello de Vilagarcía de Arousa, mantén actualmente un horario lectivo de 9:50 a 14:50 h, distinto ao da maioría dos centros educativos do municipio, que funcionan en horario de 9:15 a 14:15 h. Esta situación leva anos xerando problemas de conciliación familiar, dificultade para organizar os tempos de xantar, e incompatibilidades co transporte escolar para moitas familias.

A ANPA do CEIP de Rubiáns, co apoio maioritario das familias, iniciou un proceso formal para solicitar a adaptación do horario ao tramo máis común, proposta que foi avalada polo Consello Escolar do centro, avalada por máis de 1.200 sinaturas, e apoiada por todos os grupos políticos do Concello de Vilagarcía, que aprobaron por unanimidade unha moción neste sentido.

Asinado o día 04/09/2025 ás 12:14
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 04/09/2025 ás 12:13
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113192

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:16:51
Nº Rexistro: 33191
Data envío: 04/09/2025 12:16:51.247

Porén, a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Educación e de Mobilidade, rexeitou ou atrasou sistematicamente a autorización do cambio, argumentando que a modificación afectaría o servizo de transporte escolar compartido con outros centros (A Lomba e Arealonga) e condicionando a súa aprobación á modificación horaria noutros colexios, algo que as familias consideran inxustificado, inxusto e contrario á autonomía organizativa dos centros.

Ademais, os representantes da ANPA denuncian que a Xunta non ofrece solucións alternativas nin facilita o diálogo directo, limitándose a escusarse en razóns técnicas sen vontade política para resolver unha situación que afecta negativamente ao benestar e á organización das familias.

Desde o PSdeG consideramos que a Administración educativa galega debe responder con responsabilidade, empatía e axilidade, respectando a vontade da comunidade educativa e habilitar os mecanismos necesarios —tamén no eido do transporte escolar— para facilitar os cambios de horario cando estes sexan xustificados, necesarios e asumibles tecnicamente.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas.

1. Vai o Goberno galego dar resposta ás necesidades reais das familias galegas, garantindo o exercicio efectivo da participación educativa e facilitando a conciliación sen escusas administrativas?
2. Vai o Goberno galego resolver a problemática horaria existente no CEIP de Rubiáns, concello de Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

113193

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 12:13:55

Julio Abalde Alonso na data 04/09/2025 12:14:02

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2025 12:14:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:16:51
Nº Rexistro: 33191
Data envío: 04/09/2025 12:16:51.247

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 12:16:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:16:51
Nº Rexistro: 33191
Data envío: 04/09/2025 12:16:51.247

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:31:32
Nº Rexistro: 33197
Data envío: 04/09/2025 12:31:32.310

Asinado o día 04/09/2025
12:28
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Ariadna Fernández González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o Parque Eólico Agratrina de 56,24 MW, o Parque Eólico Agromaces de 60,67 MW, o Parque Eólico Sistesas de 55,92 MW, o Parque Eólico Ventoburgo de 59,85 MW, o Parque Eólico de Xestiloi 58,31 MW; e as súas infraestruturas de evacuación, todo isto situado nos concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (Ourense), Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda e Rodeiro (Pontevedra), Chantada e Carballedo (Lugo).

Asinado o día 04/09/2025 ás
12:28
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 27 de maio de 2025 foi publicado no BOE nº127 Sec. V-B. Páx. 29367, do Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra e Área Funcional de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno na Coruña, polo que se somete, ao trámite de Información Pública (IP), a solicitude de autorización administrativa previa (AAP) e o estudo de impacto ambiental (EsIA), do Parque Eólico Agratrina de 56,24 MW, o Parque Eólico Agromaces de 60,67 MW, o Parque Eólico Sistesas de 55,92 MW, o Parque Eólico Ventoburgo de 59,85 MW, o Parque Eólico de Xestiloi 58,31 MW; e as súas infraestruturas de evacuación, todo isto situado nos concellos de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (Ourense), Forcarei,

Asinado o día 04/09/2025 ás
12:28
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda e Rodeiro (Pontevedra), Chantada e Carballedo (Lugo). Código do expediente, PEol-913 AC.

O boom eólico que se está a dar en Galiza nos últimos anos, con novos proxectos diarios en todos os puntos da nosa xeografía amosan a falta de planificación enerxética neste eido, dándose graves irregularidades con parques eólicos proxectados sobre espazos protexidos, a escasos metros de vivendas, con invasión de zonas de especial protección, parques eólicos proxectados en zonas onde xa houbo unha DIA negativa ou dándose fragmentacións fraudulentas dos múltiples proxectos existentes.

Esta proliferación de parques eólicos, non responde tampouco aos principios do PNIEC que debería responder a unha estratexia planificada en política enerxética e climática, cando se están a tramitar parques eólicos de forma individual sen unha avaliación conxunta, para o que é preciso un Plan Estratéxico que aborde isto concretamente, sen que se xustifique a cantidade e necesidade de produción de enerxía, a súa finalidade cando menos na zona afectada.

Non cabe considerar que os proxectos son unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Contrariamente, supón unha perda significativa de superficie natural e unha grave deterioración dos valores ambientais, servizos ecosistémicos e perda paisaxística.

Pola contra, os supostos beneficios a que fai referencia o propio estudo, menciona a creación de emprego, sendo isto totalmente ficticio, pois os propios estudos non determinan nin tan sequera aproximadamente o número de postos de traballo que crearían, e recoñecen que unha vez instalados os parques, na súa fase de explotación estes empregos diminuirán, polo tanto estamos a falar de empregos temporais na fase de implantación dos parques e sen especificar nin aproximadamente cantos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tendo en conta que a meirande parte dos aeroxeradores proxectados por estes parques eólicos van proxectados fora das ADEs sinaladas no Plan Sectorial Eólico derivado da lei 8/2009, e tendo en conta que está pendente a redacción dun novo plan sectorial eólico, e que non se definiu ningunha zona de aceleración eólica no territorio afectado polos proxectos eólicos indicados, todo indica que os proxectos deberían recibir informe negativo da consellería de Economía e Industria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Cal é o estado da tramitación dos parques eólicos do expediente PEol-913 AC?
2. Existen novos condicionantes, sobre todo en materia de patrimonio, para a execución deste parque eólico?
3. Vai ter en conta a consellería a afección á PAC deste parque eólico?
4. Ten coñecemento das alegacións realizadas por particulares e colectivos a este proxecto?
5. Vai a Xunta ter en conta a afección á declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade?
6. Avalía a Xunta os efectos que vai ter a liña de evacuación nos concellos por onde ten a súa traza?
7. Que valoración fai do proxecto no seu conxunto?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 04/09/2025 12:28:38
Iago Suárez Fernández na data 04/09/2025 12:28:47
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2025 12:28:54
Luis Bará Torres na data 04/09/2025 12:29:10
Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2025 12:29:17
Ariadna Fernández González na data 04/09/2025 12:29:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 12:31:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 12:31:32
Nº Rexistro: 33197
Data envío: 04/09/2025 12:31:32.310

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 13:14:07
Nº Rexistro: 33206
Data envío: 04/09/2025 13:14:07,776

Asinado o día 04/09/2025
13:12
Por Cristina Fernández

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o inicio do curso educativo no CEIP do Páramo.

Asinado o día 04/09/2025 ás
13:12
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, decidiu agrupar en dúas únicas aulas as e os 37 nenas e nenos que cursarán os seus estudos no CEIP do Páramo no curso 2025/2026. Isto é, o alumnado (17 crianzas) de primeiro, segundo e terceiro de primaria estarán nunha mesma aula e o resto do estudantado, de 4º, 5º e 6º noutra.

Trátase pois do agrupamento de nenas e nenos de distintos ciclos formativos que inclúen idades e etapas de desenvolvemento radicalmente diferentes o que vai en detrimento da calidade educativa.

Resulta, ademais, absolutamente incomprensible que se permita agrupar máis alumnado nunha mesma aula cando se fai entre tres cursos de distintos ciclos que entre dous.

Diante desa decisión as nais e pais das crianzas do CEIP do Páramo veñen reclamando á Xunta de Galiza que rectifique esta decisión e non agrupe alumnado de distintos ciclos.

Asinado o día 04/09/2025 ás
13:12
Por Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha demanda que traslada o G.P. do BNG tamén ao goberno a través desta iniciativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai rectificar a Xunta de Galiza e garantir a creación dunha aula máis no CEIP do Páramo garantindo que o agrupamento do alumnado non implica ciclos formativos diferentes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2025 13:12:26

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/09/2025 13:12:33

Cristina Fernández Davila na data 04/09/2025 13:12:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 13:14:07
Nº Rexistro: 33206
Data envío: 04/09/2025 13:14:07,776

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 13:14:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 13:14:07
Nº Rexistro: 33206
Data envío: 04/09/2025 13:14:07.776

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 33215
Data envío: 04/09/2025 13:45:32.354

Asinado o día 04/09/2025
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema, Secundino Fernández Fernández, Noa Presas Bergantiños, Sonia Vidal Lamas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a dispoñibilidade e participación dos medios de extinción de incendios nos lumes de agosto de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto Ourense viviu a peor vaga de lumes da súa historia, non en número de incendios, pero si en superficie queimada. Máis de 140.000 hectáreas, segundo as estimacións realizadas polo programa Copernicus da Comisión Europeo que, sorprendentemente, a Xunta de Galiza reducía á metade do estimado polo sistema comunitario.

Tres dos incendios vividos en Ourense neste mes de agosto foron os que arrasaron maior superficie en toda a historia de Galiza. Non consta que en Galiza, non só en Ourense, houbera lumes que queimaran tanto territorio.

Os lumes do mes de agosto en Ourense arrasaron superficie arborada, monte raso e matogueira, explotacións agro-gandeiras, industrias e maquinaria, animais e tamén vivendas. En núcleos como San Vicente de Leira en Vilamartín de Valdeorras, A Caridade en Monterrei, ou Seadur en Larouco os lumes arrasaron centos de vivendas deixando tanto as construcións como a vida dos mesmos practicamente reducidos a cinzas. A ausencia non só de políticas de prevención e ordenación, senón tamén de

Asinado o día 04/09/2025 ás
13:43
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 04/09/2025 ás
13:43
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

medios de extinción axeitados contribuíu á devastación destes tremendos lumes e as súas devastadores consecuencias.

Dende hai décadas múltiples expertos veñen constatando tanto a virulencia da tipoloxía dos lumes, como o seu carácter de urbano-forestais, isto é, que en moitos casos malia ter un orixe forestal existe unha afectación urbana pola súa propagación a núcleos de poboación, o que para a súa extinción e protección da cidadanía e os seus dereitos, exige dunha actuación de todos os dispositivos existentes.

O acontecido no mes de agosto en Ourense evidencia, entre outras moitas eivas e negligencias, unha importante descoordinación e desconexión entes os diferentes recursos de emerxencias, salvamento e extinción de incendios.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cónstalle a Xunta de Galiza a existencia, operatividade e aptitude para a intervención dos recursos de titularidade das Entidades Locais e organismos adscritos para a atender emerxencias, salvamento e extinción de lumes?

En concreto, no caso da provincia de Ourense con que recursos operativos contaba, no mes de agosto, cada Entidade Local para atender as emerxencias e extinción de incendios?

Solicitou a Xunta de Galiza, directamente ou por medio da súa participación no CECOP, a intervención dalgún GES de Galiza para participación na atención á emerxencia derivada dos lumes producidos en Ourense en agosto de 2025?

En concreto a que GES se solicitou participación en que data, por que medio, para atender que lume e, no seu caso, cal foi a data da intervención?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cónstalle se algún Ges estivo pechado algún día ou en algún momento, ou carecía de recursos abondos para poder actuar, p.e. só un traballador?

Solicitou a Xunta de Galiza, directamente ou por medio da súa participación no CECOP, a algún Concello a intervención de vehículo motobomba da súa titularidade?

En caso afirmativo, en que data, por que medio, para atender que lume e, no seu caso, cal foi a data da intervención ou a resposta da entidade local?

Cónstalle a Xunta de Galiza o estado operativo e de conservación e funcionamento dos vehículos motobomba ou dos destinados para a extinción de incendios ou atención de emerxencias das Entidades Locais de Ourense?

Solicitou a Xunta de Galiza, directamente ou por medio da súa participación no CECOP, a intervención de recursos do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento para a atención á emerxencia derivada dos lumes producidos en Ourense en agosto de 2025?

En concreto que recursos solicitou en que data, por que medio, para atender que lume e, no seu caso, cal foi a data da intervención?

Cónstalle se algún parque do Consorcio Provincial de Ourense estivo pechado algún día ou en algún momento, ou carecía de recursos abondos para poder actuar?

Solicitou a Xunta de Galiza, directamente ou por medio da súa participación no CECOP, a intervención de recursos de Parques Municipais de Bombeiros ou do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e salvamento para a atención á emerxencia derivada dos lumes producidos en Ourense en agosto de 2025?

En concreto que recursos solicitou en que data, por que medio, para atender que lume e, no seu caso, cal foi a data da intervención?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Considera adecuada a coordinación que existiu no mes de agosto en Ourense entre os diferentes servizos de emerxencias e extinción de incendios?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2025 13:43:20

Óscar Insua Lema na data 04/09/2025 13:43:30

Secundino Fernández Fernández na data 04/09/2025 13:43:39

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2025 13:43:46

Sonia Vidal Lamas na data 04/09/2025 13:43:54

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/09/2025 13:44:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 13:45:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 13:45:32
Nº Rexistro: 33215
Data envío: 04/09/2025 13:45:32.354

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:30:14
Nº Rexistro: 33223
Data envío: 04/09/2025 16:30:14.468

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Partido Popular leva anos presentando as escolas infantís de Galicia como unha xoia da coroa das súas políticas sociais. Galicia é por cuarto ano consecutivo, segundo a Consellería de Asuntos Sociais “pioneira” en canto a escolarización de 0 a 3 anos. Din que somos pioneiros na gratuidade universal de 0 a 3 anos. Pero, como tantas veces acontece co Partido Popular, a realidade está moi lonxe do titular. Ante a gratuidade da matrícula a pregunta é: onde é gratuítas?

Porque o que non contan é que a Xunta de Galicia non incrementou de maneira suficiente a rede pública, senón que se limitou a financiar tamén prazas privadas. O resultado é o seguinte:

En moitas cidades, as familias seguen sen ter praza pública e acaban nun centro privado sufragado con diñeiro de todas e todos. É dicir, o Partido Popular substitúe o dereito a unha educación pública temperá pola subvención encuberta á privada. Esa é a súa “universalidade”: universalidade de propaganda, non de dereitos efectivos.

En varias ocasións preguntamos cal é o modelo da Xunta de Galicia con respecto ás escolas infantís en Galicia, dado que se rexeitaron, fai un ano, 23 millóns de euros para a construción de novas escolas. Dado que neste momento as escolas infantís poden estar adscritas aos seguintes entes:

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:26
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:25
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113211

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:30:14
Nº Rexistro: 33223
Data envío: 04/09/2025 16:30:14.468

- Consorcio de Igualdade e Benestar Social (“A Galiña Azul”)
- Axencia Galega de Servizos Sociais
- Centros privados
- Centros privados de carácter social

Pois ben, a día de hoxe, cando volvermos a preguntar aos responsables da Consellería de Política Social cal é o modelo de escolas infantís e na resposta é: “o maior número posible de familias poidan acceder a unha escola infantil gratuíta”. É dicir, confunden un obxectivo co concepto de modelo.

A realidade é que temos unha rede mixta desequilibrada, na que a Xunta non lidera coa súa propia oferta pública, senón que se limita a parchear con convenios e cheques. E con serios problemas de parazas nas grandes cidades. E mentres tanto, quen sostén este sistema?

As educadoras, que levan anos denunciando precariedade: contratos temporais, salarios baixos, condicións laborais indignas... e ratios imposibles. E os concellos que reciben menos dun terzo de financiación por neno do que reciben as entidades privadas.

Outro elemento que a Xunta oculta sistematicamente é o emprego da lingua. A etapa de 0 a 3 anos é clave para que o galego estea presente de maneira natural na vida das crianzas. Máxime cando estamos a vivir unha emerxencia lingüística que tal e como recoñece o goberno da Xunta de Galicia “precisa de solucións transversais”.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

113212

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:30:14
Nº Rexistro: 33223
Data envío: 04/09/2025 16:30:14.468

Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten planificado a Consellería de Política Social definir un modelo de escola infantil que garanta o cumprimento de ratios, retribucións dignas ao persoal, e a eliminación de contratos temporais?

Santiago de Compostela, a 4 de setembro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

113213

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2025 16:25:57

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2025 16:26:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:30:14
Nº Rexistro: 33223
Data envío: 04/09/2025 16:30:14.468

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 16:30:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:30:14
Nº Rexistro: 33223
Data envío: 04/09/2025 16:30:14.468

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:37:41
Nº Rexistro: 33228
Data envío: 04/09/2025 16:37:41.597

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O día 4 de agosto de 2024 o presidente Rueda tralo Consello da Xunta anunciou un investimento de 100 millóns de euros durante os próximos anos (2025-2030) para desenvolver a folla de ruta que debe seguir a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para se converter, dicía: *"nun dos principais motores da transición da Comunidade cara un modelo circular e sostible"*.

Os socialistas de Galicia levamos anos advertindo ao Goberno galego que o sistema Sogama está obsoleto xa que prima a incineración fronte á redución e a reciclaxe, provocando que esteamos moi lonxe de acadar os obxectivos de xestión de residuos que marca a UE e a lexislación estatal, e provocando tamén que Europa sancione ao Estado español.

Por iso, defendemos que cómpre levar a cabo un gran pacto de país en relación coa xestión de residuos e a implantación da economía circular, que avance cara a un novo sistema no que se integren os actualmente existentes e nos permita acadar os obxectivos marcados pola UE e saír da cola do *ranking* estatal de cumprimento na que nos atopamos.

Este investimento anunciado pola Xunta sumado aos fondos europeos existentes para estes fins debería supoñer unha oportunidade para que Galicia avance medioambientalmente e un impulso para un sector que xera centos de empregos, pero lamentamos que a vontade do goberno do PP é seguir

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:35
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:35
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113216

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:37:41
Nº Rexistro: 33228
Data envío: 04/09/2025 16:37:41.597

consolidando un sistema que prima a valorización enerxética, polo que Galicia perderá outra oportunidade e seguirá a ser unha cheminea e un vertedoiro.

Desde o PSdeG volvemos a tender a man ao goberno da Xunta para o que cremos que é o único camiño posible que é un gran pacto de país en materia de residuos, no que se establezan as bases dun novo modelo de xestión, no que a incineración se converta en algo subsidiario á reciclaxe, no que academos o obxectivo de vertido 0, e no que reduzamos a cantidade de lixo que xeramos.

Todo isto en colaboración coa Fegamp e coas universidades, xa que temos a sorte de contar en Galicia con referentes internacionais nesta materia.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ante os datos negativos que presenta Galicia en materia de xestión de residuos, entende este goberno a necesaria aprobación dun gran pacto de país en materia de residuos, no que se establezan as bases dun novo modelo de xestión?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

113217

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 16:35:07

Carlos López Font na data 04/09/2025 16:35:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:37:41
Nº Rexistro: 33228
Data envío: 04/09/2025 16:37:41.597

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 16:37:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:37:41
Nº Rexistro: 33228
Data envío: 04/09/2025 16:37:41.597

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do mercado laboral galego no referido á mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é un segredo que a mocidade é un dos grupos de idade que máis sofre as eivas do mercado laboral. Precariedade, temporalidade e desemprego son tres palabras que ben poden definir o que vén sendo o mercado laboral galego nos últimos anos no que á xuventude galega se refire. E así o reflicten os datos.

De acordo coa Enquisa de Poboación Activa (EPA) publicada nos últimos tempos a taxa de paro na mocidade colócase no 20% fronte ao 9,4% no resto de idades. A situación agrávase especialmente na faixa de entre os 16 e os 24 anos, na cal a porcentaxe aumenta até o 25,7%. Ademais, entre a mocidade que si que ten traballo vese unha alta temporalidade. Así, un 24,9% de mozas e mozos ten emprego a tempo parcial, e esta parcialidade chega até o 33,5% no caso das mozas e mozos de entre 16 e 24 anos. No caso do resto das medias de idade, a temporalidade é dun 13,5%. Por sectores, a maior parte do emprego xuvenil enmárcase no sector servizos, no cal traballan un 71,1% das galegas e galegos nesa franxa de idade en activo.

Todo isto ten consecuencias, nomeadamente nos salarios. Segundo os datos da última Enquisa Anual de Estrutura Salarial, os empregados e as empregadas de entre 25 e 34 anos cobraron de media na Galiza 20.076,43 euros. No conxunto de idades a media salarial neste mesmo período foi de 25.279,15 euros ao ano, co cal, os traballadores

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:35
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 04/09/2025 ás
16:35
Por Iago Suárez Fernández



máis novos perciben 5.203,72 euros menos, unha fenda do 20,6%. No Estado español, pola súa parte, as traballadoras de entre 25 e 34 anos cobraron no mesmo período un salario anual medio de 23.376,19 euros, tamén por encima da mocidade galega.

Como é evidente, a precariedade a temporalidade e o desemprego que definen o mercado laboral galego no referido á mocidade, son unha combinación que acaba por provocar a imposibilidade práctica da xuventude en Galiza de se emancipar. O 73,6% dos mozos e mozas galegas de entre 18 a 29 anos aínda vive cos seus pais, porcentaxe que sobe até o 87,91% na franxa de 18 a 24 anos.

Ante esta conxuntura non vale a autocompracencia que vén mostrando o goberno galego. É deber do Executivo tentar pór remedio a esta situación á maior celeridade posíbel. A mocidade galega merece unha estratexia integral e interdepartamental que poña fin ás eivas do mercado laboral xuvenil galego e que incremente a ridícula taxa de emancipación actual da xuventude do noso país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para mellorar a taxa de desemprego xuvenil en Galiza?
- Por que cre a Xunta de Galiza que non funcionan as súas políticas destinadas á mocidade por parte da Xunta de Galiza?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a fenda salarial en Galiza entre as persoas menores de 35 anos e as maiores de 35 anos?
- Que pensa facer a Xunta para mellorar das condicións de traballo entre a xuventude galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que lle parece ao Goberno galego a terciarización da economía galega, algo que afecta especialmente a mocidade do noso país?

- É prioridade para a Xunta de Galiza aumentar a tan baixa taxa de emancipación da mocidade galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 04/09/2025 16:35:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/09/2025 16:35:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:38:40
Nº Rexistro: 33234
Data envío: 04/09/2025 16:38:40.415

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:38:40
Nº Rexistro: 33234
Data envío: 04/09/2025 16:38:40.415

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 16:38:40

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:46:56
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 04/09/2025 16:46:56,266

Asinado o día 04/09/2025 ás 16:43
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O goberno da Xunta anunciou na pasada lexislatura un plan de infraestruturas educativas co fin de adaptar os centros educativos a unha arquitectura amable, accesible e adaptada ao século XXI.

Transcorridos 2 anos deste anuncio moitos son os centros escolares que a pesar de teren solicitado actuacións urxentes non reciben ningún tipo de resposta por parte do Goberno galego.

Un destes centros é o CEIP Torre de Illa situado no concello da Illa de Arousa e cuxa construción é da década dos 60, é un centro de referencia educativa no noso territorio, chegando incluso, no ano 2022 a recibir do Ministerio de Educación e Formación Profesional o premio nacional de «Buenas Prácticas en centros docentes» en recoñecemento pola súa contribución á mellora da calidade educativa co proxecto «Enredando coa pesca», que impulsaba actuacións dirixidas a promover a sostibilidade social, medioambiental e económica.

A pesar disto, a Xunta ten abandonado este colexio xa que nunha década non fixo nel ningún tipo de actuación de mellora nin acondicionamento polo que se atopa nun estado lamentable e que atenta contra o dereito do alumnado a unha atención educativa de calidade.

Asinado o día 04/09/2025 ás 16:43
Por Julio Abalde Alonso

Asinado o día 04/09/2025 ás 16:43
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113225

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:46:56
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 04/09/2025 16:46:56.266

Este centro presenta moitas eivas que deben ser arranxadas tanto de condicións de habitabilidade como de accesibilidade polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos á Xunta que dentro do referenciado plan inclúa unha actuación global de mellora e acondicionamento deste centro Torre Illa para que o seu alumnado poida acudir a el en condicións axeitadas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai o Goberno da Xunta, dentro do plan de infraestruturas educativas incluír unha actuación global de mellora e acondicionamento do centro CEIP Torre Illa (Illa de Arousa) para que o seu alumnado poida acudir a el en condicións axeitadas?

Santiago de Compostela, 4 de septiembre de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

113226

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 16:43:22

Julio Abalde Alonso na data 04/09/2025 16:43:29

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2025 16:43:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:46:56
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 04/09/2025 16:46:56.266

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 16:46:56
Nº Rexistro: 33239
Data envío: 04/09/2025 16:46:56.266

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 16:46:57

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas previstas para acometer a reforma integral do CEIP Arzúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Arzúa é o único centro de ensino público de educación infantil e primaria neste concello, unha referencia educativa que acolle cada ano a centos de crianzas do propio concello de Arzúa e da súa contorna. A súa función pedagóxica, social e comunitaria é esencial, e por tanto cómpre que as súas instalacións estean en condicións óptimas para garantir neste senso un ensino de calidade.

Porén, as instalacións deste centro presentan múltiples deficiencias que levan anos sen solución por parte da Consellería de Educación, órgano competente en materia de infraestruturas educativas. Entre outras, existen humidades persistentes en aulas e zonas comúns, deficiencias en cubertas e canalizacións, carpintería exterior deteriorada, problemas de illamento térmico, mobiliario vello e inseguro, baños que requiren renovación, salón de actos que require dunha remodelación completa, así como a necesidade de melloras na accesibilidade e na seguridade interior e exterior do centro.

Estas deficiencias afectan negativamente ao benestar do alumnado e do persoal docente, xerando situacións que non se deben normalizar: aulas frías no inverno, problemas de ventilación, humidades continuadas ou espazos marcadamente inseguros. A comunidade educativa do centro leva tempo demandando solucións que non chegan e

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:14
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:13
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

incluso este foi un acordo plenario apoiado por todos os grupos políticos que conforman a corporación arzuá.

Desde o BNG consideramos que a educación pública é unha prioridade irrenunciábel. Garantir espazos educativos dignos, seguros e saudábeis non é unha cuestión secundaria, senón unha obriga do goberno galego. A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e responsabilidades e acometer, con carácter urxente, un plan de actuación integral para reparar e modernizar as instalacións do CEIP Arzuá.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o CEIP Arzuá?
- Cando foi realizada a última reforma integral realizada neste centro?
- Cal é a razón pola que o goberno galego non está a realizar obras de mantemento neste centro?
- Ten elaborado ou ten prevista a elaboración dalgún informe que dea conta da situación das infraestruturas do CEIP Arzuá?
- Vai incluír o goberno galego algunha partida no vindeiro proxecto de orzamentos para o ano 2026 destinada a un plan de reforma integral deste centro de ensino?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/09/2025 17:13:56

Cristina Fernández Davila na data 04/09/2025 17:14:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:15:05
Nº Rexistro: 33244
Data envío: 04/09/2025 17:15:05,457

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:15:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:15:05
Nº Rexistro: 33244
Data envío: 04/09/2025 17:15:05,457

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 33250
Data envío: 04/09/2025 17:22:58.826

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

O Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto de 2025 publicou un Decreto da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como diversas Ordes das consellerías de Medio Ambiente e Cambio Climático, Facenda e Administración Pública, e Medio Rural, derivadas da situación de emerxencia excepcional producida pola vaga de incendios do pasado mes de agosto.

Estas normas establecen protocolos e liñas de axuda para a reparación dos danos e perdas ocasionados. Porén, diversos colectivos, entre eles a Asociación do Sector Primario de Galicia (ASPG), amosaron a súa insatisfacción, cualificando as axudas de escasas, de escasa eficacia real e cun exceso de burocracia que dificulta o acceso aos afectados.

A realidade é que moitas familias e explotacións afectadas vense na obriga de contratar xestorías para tramitar estas axudas, por mor da súa complexidade administrativa e da esixencia de xestión telemática. Resulta necesario que sexa a Administración a que actúe de maneira proactiva, asumindo directamente a avaliación e tramitación dos danos.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que as contías e baremos das axudas aprobadas son realistas e suficientes para compensar os danos producidos pola vaga de incendios de agosto?

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:19
Por Lara Méndez López

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:19
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113233

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 33250
Data envío: 04/09/2025 17:22:58.826

2. Por que motivo a Xunta de Galicia traslada ás persoas afectadas a carga burocrática de solicitar e xustificar as axudas, en lugar de activar unha actuación directa e proactiva por parte da Administración?

3. Vai a Xunta revisar e simplificar os procedementos administrativos destas axudas para garantir o acceso real e efectivo de todas as persoas afectadas, sen discriminación por falta de recursos técnicos ou económicos?

Parlamento de Galicia, 3 de agosto de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

113234

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2025 17:19:21

Lara Méndez López na data 04/09/2025 17:19:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 33250
Data envío: 04/09/2025 17:22:58.826

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:22:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 33250
Data envío: 04/09/2025 17:22:58.826

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:06
Nº Rexistro: 33256
Data envío: 04/09/2025 17:34:06.291

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O monte Aloia foi declarado espazo natural de Interese Nacional o 4 de xullo de 1935 e posteriormente Parque Natural en decembro de 1978.

É o primeiro parque natural de Galicia cunha extensión de case 750 hectáreas. En 2004 tamén foi recoñecido como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e incorporado á Rede Natura 2000.

É importante lembrar estas datas para ser capaces de facer tamén unha valoración temporal deste espazo do monte Aloia que posúe unha gran riqueza natural, histórica e cultural.

Este parque Natural conta cun Plan de Usos e Xestión aprobado no ano 2009 que foi o primeiro instrumento formal de planificación para regular a conservación, usos e ordenación do parque.

Con posterioridade no ano 2020 elaborouse, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda daquel momento, un novo Plan Reitor de Usos e Xestión que entrou en vigor en marzo do devandito ano que moderniza a zonificación, os programas de actuación e incorpora por primeira vez un plan de emerxencias e criterios de sustentabilidade máis amplos.

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

113237

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:06
Nº Rexistro: 33256
Data envío: 04/09/2025 17:34:06.291

Sen entrar en todos os obxectivos que persegue, indicaremos algúns como a protección ecolóxica, o promover a investigación, o uso público e a conservación e a protección dos valores ambientais e si puntualizar un concreto como é o control das especies exóticas e invasoras.

Pero isto é todo unha teoría. A Xunta de Galicia aplicou unha política de total abandono do parque natural do monte Aloia. Política de abandono por ausencia de política forestal coma no resto de Galicia, por ausencia de prevención e conservación.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a manter un control das especies exóticas e invasoras durante todo o ano?
2. Está a Xunta de Galicia disposta a evitar o deterioro do monte Aloia e manter os hábitats e especies en bo estado de conservación integrando tamén as necesidades económicas, sociais e culturais?

Parlamento de Galicia, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

113238

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2025 17:30:11

Carlos López Font na data 04/09/2025 17:30:18

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 17:30:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:34:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:06
Nº Rexistro: 33256
Data envío: 04/09/2025 17:34:06.291

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:57
Nº Rexistro: 33259
Data envío: 04/09/2025 17:34:57,995

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª.**

O monte Aloia foi declarado espazo natural de Interese Nacional o 4 de xullo de 1935 e posteriormente Parque Natural en decembro de 1978.

É o primeiro parque natural de Galicia cunha extensión de case 750 hectáreas. En 2004 tamén foi recoñecido como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e incorporado á Rede Natura 2000.

É importante lembrar estas datas para ser capaces de facer tamén unha valoración temporal deste espazo do monte Aloia que posúe unha gran riqueza natural, histórica e cultural.

Este parque Natural conta cun Plan de Usos e Xestión aprobado no ano 2009 que foi o primeiro instrumento formal de planificación para regular a conservación, usos e ordenación do parque.

Con posterioridade no ano 2020 elaborouse, por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda daquel momento, un novo Plan Reitor de Usos e Xestión que entrou en vigor en marzo do devandito ano que moderniza a zonificación, os programas de actuación e incorpora por primeira vez un plan de emerxencias e criterios de sustentabilidade máis amplos.

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:30
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

113241

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:57
Nº Rexistro: 33259
Data envío: 04/09/2025 17:34:57,995

Sen entrar en todos os obxectivos que persecue, indicaremos algúns como a protección ecolóxica, o promover a investigación, o uso público e a conservación e a protección dos valores ambientais e si puntualizar un concreto como é o control das especies exóticas e invasoras.

Pero isto é todo unha teoría. A Xunta de Galicia aplicou unha política de total abandono do parque natural do monte Aloia. Política de abandono por ausencia de política forestal coma no resto de Galicia, por ausencia de prevención e conservación.

Por todo iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia dotar economicamente as partidas necesarias para manter un control das especies exóticas e invasoras durante todo o ano no monte Aloia?
2. Vai a Xunta de Galicia dotar economicamente as partidas necesarias para evitar o deterioro do Monte Aloia e manter os hábitats e especies en bo estado de conservación integrando tamén as necesidades económicas, sociais e culturais?

Parlamento de Galicia, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

113242

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2025 17:30:39

Carlos López Font na data 04/09/2025 17:30:51

Patricia Iglesias Rey na data 04/09/2025 17:30:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:57
Nº Rexistro: 33259
Data envío: 04/09/2025 17:34:57,995

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:34:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:34:57
Nº Rexistro: 33259
Data envío: 04/09/2025 17:34:57,995

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a conservación da Ponte Maceira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contorna de Ponte Maceira, entre os concellos de Ames e Negreira, é un espazo de especial valor natural, cultural e paisaxístico. Após de que no ano 2017 fose impulsada por ambos os concellos, no ano 2022 foi declarada BIC recoñecendo a súa antigüidade, a autenticidade da súa estrutura, a calidade técnica da súa construción, o seu bo estado de conservación e o papel decisivo que tivo na configuración cultural do val do Tambre.

É visitada por milleiros de persoas, que segundo os datos oficiais se sitúan preto das 220.000 persoas, moitas delas peregrinas que realizan o Camiño de Santiago a Fisterra, ruta que no ano 2024 foi realizada por máis de 27.000 persoas. Este volume de visitas, ademais de ter impacto sobre a difusión e coñecemento do noso patrimonio cultural e natural, tamén é fonte de dinamización económica.

Pese a todo isto, Ponte Maceira atópase nunha situación crítica. Nos últimos anos foise deteriorando a antiga presa situada na contorna, situación que se agrava coas crecidas do Tambre en período de chuvias. A Xunta de Galiza anunciou no ano 2023 un proxecto técnico para a súa reconstrución, mais a día de hoxe nada se sabe do mesmo.

Aínda así, as intervencións necesarias non se limitan a esta presa, pois son precisas actuacións sobre os muíños da contorna, os piares e a ponte, as zonas de paseo

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:34
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:34
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e a vexetación de ribeira.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopa a Ponte Maceira e a súa contorna, tamén a presa sobre o río Tambre?
- Considera que o estado no que se atopa é coherente coa súa declaración como BIC?
- Cal é a razón pola que o goberno galego non ten executado o proxecto de reconstrución desta presa, anunciado xa en 2023?
- Ten previsto realizar obras de conservación e posta en valor do lugar da Ponte Maceira?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/09/2025 17:34:01

Mercedes Queixas Zas na data 04/09/2025 17:34:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:35:05
Nº Rexistro: 33260
Data envío: 04/09/2025 17:35:05.132

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:35:05
Nº Rexistro: 33260
Data envío: 04/09/2025 17:35:05.132

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:35:05

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a finalización da parcelaria en Carnés e Cereixo (Vimianzo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020, despois de 34 anos dende que se iniciaron os traballos, a Consellería do Medio Rural daba por finalizada administrativamente a concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés, no municipio de Vimianzo, ao aprobarse en firme o acordo deste proceso de reorganización do territorio que pasou de 9.341 parcelas iniciais a 2.112 predios, quedando pendente só de entregar os títulos definitivos de concentración aos 1.126 propietarios beneficiados por esta reestruturación de 372 hectáreas de superficie.

Non obstante, a Consellería de Medio Rural, segue sen entregar os títulos de propiedade notariais de cada finca resultantes da reorganización desas terras, explicando a principios deste ano nas dependencias da delegación provincial que tiñan pendente realizar correccións técnicas, como cotexar algunhas gráficas do catastro coas gráficas resultantes da concentración. Informaron que ao longo do ano rematarían cos traballos para facer entrega dos títulos de propiedade, mais os veciños e veciñas dos lugares seguen sen ter noticias sobre a finalización do expediente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Asinado o día 04/09/2025 ás 17:40
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:40
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En que estado se atopan os traballos do expediente da concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés?
- Cal é a previsión do goberno galego para finalizar de forma definitiva a concentración parcelaria nestas zonas?
- Vanse entregar neste ano 2025 os respectivos títulos de propiedade?
- Apareceu algún problema ou inconveniente que impida a finalización deste proceso de concentración parcelaria?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 04/09/2025 17:40:37

Secundino Fernández Fernández na data 04/09/2025 17:40:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:41:27
Nº Rexistro: 33264
Data envío: 04/09/2025 17:41:27.914

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:41:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:41:27
Nº Rexistro: 33264
Data envío: 04/09/2025 17:41:27.914

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:42:17
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 04/09/2025 17:42:17.482

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A Xunta de Galicia anunciou recentemente o inicio dun proxecto de acondicionamento da ponte medieval de Pontesampaio, que conecta os concellos de Pontevedra e Soutomaior, así como de actuacións na súa contorna inmediata. Aínda que valoramos positivamente esta intervención, que levabamos tempo reclamando, desde o Grupo Socialista consideramos que resulta claramente insuficiente tendo en conta o enorme valor histórico, cultural e patrimonial da zona, así como o seu papel como punto clave no Camiño Portugués a Santiago, recoñecido como Itinerario Cultural Europeo.

A ponte de Pontesampaio é un ben de interese cultural (BIC) da Idade Media, polo que debería estar suxeita a un réxime de especial protección. Porén, na actualidade continúa a soportar tráfico rodado, o que está a acelerar o seu deterioro e representa un perigo para os peóns e peregrinos que a atravesan diariamente. A conservación do patrimonio histórico require medidas contundentes, entre elas, a prohibición do tráfico motorizado pola ponte para garantir a súa preservación e seguridade.

Ademais, as rúas que conforman os accesos á ponte, como Roxelio Landeiro e Xosé Solla, que forman parte da estrada autonómica PO-264, e que son as principais vías da parroquia de Arcade, presentan un estado deficiente, con firme deteriorado e problemas de accesibilidade, que non só deslucen a contorna dun espazo de gran valor turístico, senón que supoñen un problema para o acceso aos servizos e a habitabilidade da veciñanza.

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:40
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/09/2025 ás
17:40
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

113253

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:42:17
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 04/09/2025 17:42:17.482

O Concello de Soutomaior, ante a inacción da Xunta de Galicia, aprobou en Pleno o 28 de maio de 2024 unha moción na que solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o cambio de titularidade do treito da estrada PO-264 entre os puntos quilométricos 2+100 e 3+570, co compromiso de asumir a súa titularidade e mantemento unha vez urbanizado o treito. A moción foi aprobada por maioría e remitida á Xunta. Transcorrido máis dun ano, a día de hoxe non se obtivo ningunha resposta, o que evidencia unha falta de compromiso institucional co municipio e coa veciñanza.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que a ponte medieval de Pontesampaio e a súa contorna necesitan unha actuación urxente?
2. Vai o Goberno galego autorizar de maneira inmediata o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica PO-264 entre Paredes e Arcade, comprendido entre os puntos quilométricos 2+100 e 3+570, tal e como solicitou o Concello de Soutomaior no seu Acordo Plenario de data 28 de maio de 2024?
3. Entende necesario prohibir o tráfico rodado pola ponte medieval de Pontesampaio para garantir a súa conservación como ben de interese cultural e mellorara seguridade de peóns, visitantes e peregrinos que transitan polo Camiño Portugués?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

113254

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2025 17:40:16

Carlos López Font na data 04/09/2025 17:40:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:42:17
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 04/09/2025 17:42:17.482

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:42:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:42:17
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 04/09/2025 17:42:17.482

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións do goberno galego para comezar a recuperación biolóxica e de produtividade das rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día cinco de xuño tomou posesión a actual conselleria de Mar ata ese momento directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, departamento do que dependen directamente multitude de aspectos relacionados coa actividade marisqueira.

Así, dende o seu novo posto, unha das primeiras reunións que levou a cabo foi cos representantes das federacións de confrarías, aínda que non trascendeu ningunha reunión específica cos e cas representantes das agrupacións de mariscadores e mariscadoras.

No entanto, nun encontro realizado entre a propia conselleira e a Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG) pouco máis dun mes despois da súa toma de posesión, segundo se fixo público si se trataron aspectos relativos á situación do marisqueo no noso país.

E, do mesmo xeito que a Comisión da CEG xa trasladara no mes de xullo do pasado ano ao conselleiro dimitido, insiste agora en que non aprecian “unha reacción proactiva por parte dos actores principais” á hora de paliar a “imparábel caída da produción de bivalvo” e propón “impulsar cambios na operativa do sistema de



producción marisqueira, que non está sendo capaz de enfrontar a nova realidade que asola ao marisqueo.

A Consellería de Mar reitera cada vez que ten ocasión, tamén en sede parlamentaria, que Galiza ten un sistema de cogobernanza, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector. Tal é así, que a propia conselleira informou ao comisario de Pesca na súa recente visita a Galiza deste sistema “que rexe na xestión pesqueira da comunidade”.

Polo tanto, nese sistema de cogobernanza tan loado polos máximos representantes da Consellaría, ela mesma ten responsabilidades considerábeis, ademais das competencias exclusivas na materia, na xestión dos recursos marisqueiros e na evolución da súa produción. En palabras da propia CEG, a Consellaría de Mar sería un “actor principal” para frear a “imparábel caída de produción de bivalvo”.

Mais si é certo que a situación do sector marisqueiro en Galiza leva anos deteriorándose, agravándose a pasos axigantados e sendo denunciada en innumerábeis ocasións polo propio sector sen que a Consellaría reaccione e sexa quen de tomar decisións firmes e de dispoñer dos recursos orzamentarios suficientes para evitar, precisamente, que continúe a perda de recursos e de postos de traballo que, evidentemente, tamén afecta á parte da industria da cadea.

Nese mesmo sentido, tampouco foi quen ata o de agora de atender ningunha das solicitudes deste Grupo Parlamentario ao respecto, nin sequera de dar cumprimento ás recollidas en distintos acordos parlamentarios unánimes, dirixidos a poñer as bases para unha mellora paulatina da debacle produtiva das nosas rías.

Polo tanto, as valoracións da CEG, en presenza da propia conselleira, poñendo de novo en cuestión o actual modelo de xestión marisqueira son outra proba máis da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extrema crise que afecta ás rías galegas e que vai moito máis alá da grave incidencia que xa vén tendo dende hai tempo no primeiro elo da cadea, os produtores e produtoras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación actual de perda continuada de produtividade das rías galegas?

. Que valoración fai da situación actual dos traballadores e traballadoras do mar en Galiza respecto da perda de produtividade das rías, nomeadamente da referida ao sector marisqueiro?

. Que actuacións vai poñer en marcha para a recuperación biolóxica e de produtividade das rías galegas? En que prazo?

. Que valoración fai do actual modelo de xestión marisqueira no noso país? Ten previsto levar a cabo, a curto ou a medio prazo cambios nese modelo? Des ser así, en que sentido?

. Coincide coa Comisión Mar-Industria da CEG en que os “actores principais”, é dicir, a Consellaría de Mar e o sector, non están sendo “proactivos” á hora de paliar a importante mingua de produción de bivalvos?

. Que “cambios” propuxo a CEG á conselleira de Mar na reunión que mantiveron o pasado mes de xullo “na operativa do sistema de produción marisqueira” que, segundo ela, “non está sendo capaz de enfrontar a nova realidade que asola ao marisqueo”?

. Cal foi a resposta da conselleira de Mar a esas consideración na reunión nas que se fixeron e na que ela mesma estaba presente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións ten realizado, e vai realizar, para implementar os acordos unánimes do Parlamento galego do pasado 19 de novembro de 2024? De ser o caso, cando as vai poñer en marcha?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/09/2025 17:57:06

Carmela González Iglesias na data 04/09/2025 17:57:16

Daniel Castro García na data 04/09/2025 17:57:23

Daniel Pérez López na data 04/09/2025 17:57:34

Paulo Ríos Santomé na data 04/09/2025 17:57:41



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/09/2025 17:59:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2025 17:59:25
Nº Rexistro: 33275
Data envío: 04/09/2025 17:59:25.546

CSV: BOPGDSPG-XWcpgEaG-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

